



25
ANOS
xerando actitude
UniversidadeVigo

*Memoria de
responsabilidade social
universitaria 2014*

UniversidadeVigo

Índice

Capítulo 1. Carta do reitor

Capítulo 2. Datos básicos da Universidade de Vigo

- 2.1 Presenza da responsabilidade social na Universidade de Vigo
- 2.2 Principais magnitudes da Universidade de Vigo
- 2.3 Sistema de goberno da Universidade de Vigo
- 2.4 Oferta académica. Curso 2013-2014
- 2.5 Principais fitos acontecidos na Universidade de Vigo. Ano 2013-2014

Capítulo 3. A Universidade de Vigo e a responsabilidade social. Creación de valor para a sociedade

- 3.1 Alcance e cobertura da Memoria de responsabilidade social
- 3.2 Obxectivos e principios da memoria
- 3.3 A Universidade de Vigo e a responsabilidade social no curso 2013-2014
- 3.4 Promovendo a colaboración cos axentes sociais
- 3.5 A Universidade de Vigo promovendo o voluntariado
- 3.6 Deportes e saúde

Capítulo 4. Dialogando coas partes interesadas

- 4.1 Orientación aos alumnos e alumnas
- 4.2 Persoal da Universidade de Vigo
- 4.3 Beneficios sociais
- 4.4 Formación do persoal
- 4.5 Promovendo a igualdade de xénero e a conciliación da vida familiar
- 4.6 Reforzando os dereitos dos membros da comunidade universitaria

Capítulo 5. Transparencia e sustentabilidade na xestión económica

- 5.1. Xestión orzamentaria e situación económico-patrimonial da Universidade de Vigo
- 5.2 Relación económica coas partes interesadas
- 5.3 A contratación administrativa
- 5.4 Responsabilidade na cadea de aprovisionamentos
- 5.5 Indicadores económico-financeiros e entidades participadas

Capítulo 6. A Universidade de Vigo e o medio ambiente

- 6.1 Obxectivos e balance de actuación. Curso 2013-2014
- 6.2 Xestión ambiental: manexo de recursos, materias primas e residuos
- 6.3 Accións en favor da sensibilización e formación medioambiental. Ano 2014
- 6.4 Accións en favor da conservación do medio natural. Ano 2014
- 6.5 Outras medidas en favor da sustentabilidade medioambiental realizadas durante 2013-2014.
- 6.6 A pegada ecolóxica da Universidade de Vigo
- 6.7 Boas prácticas cara á redución

Capítulo 7. A investigación e a calidade da docencia

- 7.1 Principais indicadores en materia de investigación
- 7.2 Liñas de investigación orientadas a colectivos con discapacidade
- 7.3 Transferencia do coñecemento
- 7.4 Calidade e enquisas de avaliación da satisfacción das titulacións oficiais
- 7.5 A Universidade de Vigo e o seu compromiso coa lingua e a cultura galega
- 7.6 Sistema loxístico de centros de investigación propios ou vinculados

Capítulo 1. Carta do reitor

A Universidade de Vigo presenta a súa memoria de responsabilidade social universitaria, correspondente, desta volta, ao ano 2014. Encetamos así, por quinto ano consecutivo, a realización deste documento de rendemento social de contas que se comezara coa memoria do ano 2010.

Neste ano, preséntanse as accións realizadas pola comunidade universitaria no ámbito da RSU, as novidades e os obxectivos acadados. Sen embargo, máis importante aínda ten sido o aproveitamento do esforzo de recompilación dos catro anos anteriores, que permite por primeira vez ver a evolución temporal e valorar o desempeño da nosa institución nun conxunto de obxectivos.

Este esforzo de comparabilidade non se presenta dentro da memoria anual, senón no portal de transparencia da universidade, formando parte dun proxecto máis amplo e ambicioso de rendición integral de contas e de información pública.

O portal de transparencia, aínda que xa achega un nivel de información relevante e significativo, irase transformando ata converterse nun portal de datos abertos (*open data*) no que calquera persoa usuaria poderá acceder e operar coa información ofertada.

A memoria que entregamos hoxe é, pois, un elemento dunha visión integral na que amosamos aquilo que estamos a realizar ante a sociedade e os grupos de interese que están en relación coa institución, medindo o que ofrecemos, non en termos de crecemento económico, senón en termos de desenvolvemento social, de creación de valor para a sociedade.

Agardamos que esta acción, coma as outras nas que se insire, axude a detectar novas metas e accións de mellora para todos e todas, que nos permitan avanzar en accións concretas, en igualdade de xénero, protección social, na protección medioambiental, na multiculturalidade e no plurilingüismo, así coma en moitas outras iniciativas que nos convertan nunha sociedade máis xusta e solidaria.

Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor

Capítulo 2. Datos básicos da Universidade de Vigo

A Memoria de responsabilidade social responde ao compromiso da Universidade de Vigo co rendemento de contas e coa transparencia, nun exercicio que amplía as súas obrigas formais e permite visualizar e poñer a disposición de toda a sociedade as nosas capacidades como institución para a dinamización do desenvolvemento económico e social.

Vivimos tempos de cambio de paradigma e o presente documento quere ser a ferramenta dun novo estilo de xestión, que ten o afán de contar coa comunidade universitaria e a sociedade no seu conxunto, para construír unha universidade realmente vencellada aos principios que a inspiran.

Realizar unha memoria de responsabilidade social representa unha acción voluntaria que, de xeito inequívoco, entronca coas directrices da Estratexia Universidade 2015. Nese documento indícase que todas as universidades españolas terán que contar cun proxecto de responsabilidade social aprobado polo Consello de Goberno, que terá que difundirse e facer partícipe del á comunidade universitaria.

Para a elaboración desta memoria seguíronse as recomendacións xeralmente establecidas para o *reporting* en sustentabilidade en universidades e, en particular, incorporáronse os principios establecidos pola *Global Reporting Initiative* (GRI).

Neste informe queremos normalizar os datos dispoñibles para facilitar a visualización da evolución nos indicadores, abrir o espazo para as recomendacións e as accións que verdadeiramente vaian á liña de flotación da RSU. Tamén tentaremos afondar nos mecanismos e na materialización das accións en materia de participación.

O esforzo está sempre en introducir claridade e transparencia seguindo o fío da materialidade e a relevancia dos datos aportados. As organizacións poden informar sobre aspectos moi diferentes, pero esa información terá que ser útil para a toma de decisións dos grupos de interese afectados pola institución.

Esta memoria pretende ter un impacto real que chegue a todas as partes interesadas e que sexa un documento útil en pro da mellora continua. Os datos pretenden ser relevantes e, ao mesmo tempo, identificar aspectos a mellorar. Nisto vai a sustentabilidade da nosa institución. Como dicían os iroqueses americanos con respecto ao medio ambiente e que podemos aplicar á nosa institución: *o que temos non é unha herdanza dos nosos pais, senón un préstamo dos nosos fillos.*

No presente informe queremos cubrir os seguintes ámbitos de información:

- Contar quen somos e como nos identificamos. Desta maneira pretendemos facilitar aos nosos grupos de interese a dimensión e o alcance das nosas actuacións como institución.
- Tamén queremos facer fincapé no noso compromiso como universidade pública mostrando o resultado da nosa relación cos nosos grupos de interese: alumnado, persoal, provedores, outras universidades, empresas, institucións, administracións públicas, asociacións e sociedades civís, medio ambiente e sociedade.
- Así mesmo, daremos conta daqueles indicadores relevantes da nosa institución co fin de visualizar o resultado da nosa labor.
- Queremos tamén abrir o espazo para recuperar o cerne da RSU que non é outro que establecer o diálogo coas partes que fan posible o noso proxecto educativo e social.

2.1 Presenza da responsabilidade social na Universidade de Vigo

Misión e visión

Xa no século pasado, ás dúas misións que fundaron a lexitimidade das universidades –docencia e investigación– uníuselle unha terceira relacionada co compromiso da transformación do coñecemento xerado a través da investigación académica en valores sociais e económicos.

En moitas ocasións esa terceira misión das universidades viuse simplificada nun mero enfoque de transferencia, comercialización e participación en procesos de innovación polo que se viu, nalgún casos, contestada por esquecer aspectos fundamentais do papel das universidades.

No contexto da Estratexia Universidade 2015 propúgnase que a universidade equilibre esa terceira misión en dúas direccións. Por unha banda, no sentido indicado e pola outra, en relación coa responsabilidade social da universidade e co desenvolvemento sustentable. Desta maneira tamén se permite recoñecer o papel que teñen aquelas actividades universitarias que, sen implicar unha actividade económica no proceso de relación coa sociedade ou a empresa, supoñen unha contribución social respecto dos ámbitos como a cooperación ao desenvolvemento, a sustentabilidade ambiental, a integración e accesibilidade, entre outras.

Mediante o ensino superior e unha investigación de calidade, a Universidade de Vigo pretende contribuír á creación e á transferencia de coñecemento e á formación integral do estudantado coa finalidade de promover o desenvolvemento científico, tecnolóxico e cultural da sociedade pluricultural e plurilingüe na que está inserida.

A excelencia na xestión é un obxectivo estratéxico da nosa institución que xa aparecía reflectida no seu Plan operativo e de xestión 2008-2012. Neste presentábase, como primeiro obxectivo estratéxico a conseguir, unha xestión baseada nun modelo de excelencia. Un dos obxectivos operativos para este fin é a realización dunha memoria de responsabilidade social. O documento que hoxe achegamos dá cumprimento ao compromiso de realizar este informe, poñendo en relación as actividades que se desenvolven cos diferentes grupos de interese.

A responsabilidade social preséntase como unha ferramenta de xestión avanzada na procura da necesaria comunicación da nosa institución coas partes interesadas (estudantes, PDI, PAS, sociedade...) tendo como horizonte os principios reitores dos valores éticos, sociais e de conservación medioambiental do que a nosa institución presume.

2.2 Principais magnitudes da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo, creada en 1990 (G4-3) é unha institución de servizo público (G4-7), moderna e innovadora, autónoma, aberta ao contorno e con vocación internacional, comprometida coa igualdade e co progreso económico e o benestar social de Galicia á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica de universidades (tal e como se especifica no artigo 1º dos seus estatutos).

http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/secxeral_gl/_galeria_descargas/estatutos_uvi_dog.pdf

A universidade está estruturada en tres campus: Ourense (As Lagoas. 32004 Ourense), Pontevedra (A Xunqueira, s/n. 36005 Pontevedra) e Vigo (Lagoas, Marcosende. 36310 Vigo) onde ten tamén a súa sede a Reitoría (G4-5). Esta institución, vinculada á realidade histórica, social e económica de Galicia, dedicarlle especial atención ao estudo e ao desenvolvemento da súa cultura e do seu medio e proxectarase dun xeito activo sobre os problemas galegos mediante programas específicos de docencia, de investigación e de desenvolvemento e difusión establecidos a partir de necesidades concretas.

A Universidade de Vigo está integrada por escolas, facultades, departamentos e por outros centros ou estruturas necesarios para o desempeño das súas funcións. Esta estrutura está regulada nos artigos 9 ao 21 dos Estatutos da Universidade de Vigo.


Infraestruturas da Universidade de Vigo (2013-14)

Nº de campus	3
Nº de centros universitarios propios	21
Nº de centros adscritos	7
Nº de centros tecnolóxicos	4
Nº de departamentos	47
Nº de áreas de coñecemento	140
Nº de edificios	28
Superficie (m ²)	342.249
Superficie construída	177.199
Nº de residencias universitarias propias	1
Instalacións deportivas en (m ²)	51.398
Nº de aulas	546

Número de departamentos por ámbito de coñecemento.

Ámbito científico	11
Ámbito xurídico-social	13
Ámbito humanístico	9
Ámbito tecnolóxico	14

Superficie destinada a infraestructuras na UVIGO



Servizos da Universidade de Vigo

Xerencia
Servizo de Alumnado
Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento
Servizo de Asesoría Xurídica
Servizo de Extensión Universitaria
Servizos Económicos
Servizos de Persoal
Servizo de Prevención de Riscos Laborais
Biblioteca
Área de Calidade
Área de Normalización Lingüística
Área de Tecnoloxías de Información e Comunicaci3ns
Oficina de Relaci3ns Internacionais
Oficina de Transferencia de Resultados de Investigaci3n
Unidade de Apoio á Xesti3n de Centros de Investigaci3n
Unidade de Estudos e Programas
Loxística e Comunicaci3ns: Conserxería e Parque M3bil
Unidade de Igualdade
Gabinete de Prensa
Área de Imaxe

Servizo de Deportes
Oficina de Medio Ambiente (OMA)
Centro de Linguas
Área de Innovación Educativa
Servizo de Publicacións
Departamento Técnico de Obras, Instalacións e Infraestruturas

Servizos de biblioteca 2014

Nº de bibliotecas	11
Nº de postos de lectura	3.322
Fondos de monografías en papel	412.964
Fondos de monografías electrónicas	120.591
Fondos de publicacións periódicas en papel	11.749
Fondos de publicacións periódicas electrónicas	15.259
Préstamos	179.596
Títulos monografías audiovisuais	16.837
Títulos monografías audiovisuais informatizados	20.952
Títulos monografías audiovisuais ingresados e informatizados durante o ano	1.123
Baldas (metros lineais)	35.729

Cooperación bibliotecaria

A Biblioteca da Universidade de Vigo participa no Consorcio Bugalicia e no grupo de traballo SFX/Metalib.

No plano da cooperación co resto de bibliotecas universitarias españolas, a Biblioteca Universitaria estivo presente na XX Asemblea anual de REBIUN. Neste mesmo ámbito, a Biblioteca Universitaria integrouse no grupo de traballo da Liña estratéxica 1 do III Plan estratéxico de REBIUN xunto coas bibliotecas das universidades de Barcelona, Granada, Pablo Olavide, Politécnica de Valencia, Extremadura, Miguel Hernández, Complutense, Zaragoza e do Instituto de Empresa. Neste grupo a Biblioteca da Universidade de Vigo foi encargada de dirixir e coordinar a elaboración dun informe sobre a contribución das bibliotecas á sustentabilidade e a responsabilidade social da universidade que foi aprobado pola asemblea anual de Málaga.

*Tráfico de préstamo interbibliotecario. Universidade de Vigo**Biblioteca como centro solicitante*

<i>Concepto</i>	<i>Ano 2014</i>	<i>Ano 2013</i>
Total solicitudes pedidas a outros centros	2.722	3.063
Solicitudes a bibliotecas REBIUN	981	1082

Solicitudes a bibliotecas No-REBIUN	127	167
Solicitudes a bibliotecas estranxeiro	199	208
Solicitudes positivas	1.159	1.275
Solicitudes de préstamo	256	331
Porcentaxe de copias recibidas de bibliotecas REBIUN en menos de 6 días	92%	89%

Biblioteca como centro proveedor

Concepto	Ano 2014	Ano 2013
Total solicitudes recibidas de outros centros	2.373,00	2.510,00
Solicitudes de bibliotecas REBIUN	805	739
Solicitudes de bibliotecas No-REBIUN	11	21
Solicitudes de bibliotecas estranxeiro	314	420
Solicitudes positivas	1.056	1.119
Solicitudes de préstamo	187	211

Presenza institucional da Universidade de Vigo na sociedade

A relación institucional da Universidade de Vigo coa sociedade maniféstase dun xeito formal, sobre todo, na realización de convenios e na participación oficial nun conxunto de organismos e asociacións.

No que toca aos convenios, a universidade está vinculada sobre todo a catro grandes conxuntos: administracións públicas, empresas, outras universidades e asociacións e entidades non lucrativas.

Verbo da relación con outras administracións públicas, os convenios abranguen a maior parte das que teñen un ámbito territorial vinculado ao sur de Galicia e, en termos xerais, á eurorrexión Galicia–Norte de Portugal.

No que toca ás empresas, os convenios máis comúns son de cooperación educativa para prácticas en empresas (máis de mil) así coma o desenvolvemento específico de actividades de investigación e desenvolvemento.

Os convenios marco con outras universidades vinculan a nosa institución con outras dos cinco continentes, salientando polo número as universidades europeas e iberoamericanas. Os convenios específicos dan cobertura a todo tipo de actividades de cooperación educativa: docentes, investigador, de extensión, de formación de formadores e de cooperación ao desenvolvemento.

Por último os convenios co terceiro sector en xeral son de cooperación nos fins sociais específicos aos que están ligados asociacións, fundacións e ONG. Salientamos neste capítulo as asociacións e entes en xeral de carácter científico.

A comunidade universitaria

A Universidade de Vigo está constituída por dous grandes grupos de persoas: o alumnado e os traballadores/as.

Alumnos/as. 2013-2014

<i>Estudo</i>	<i>Estudantes matriculados/as</i>	<i>% Mulleres</i>	<i>% Persoas estranxeiras</i>
Graos	14.865	52,82%	1,03%
1º e 2º ciclo	3.579	39,51%	0,31%
Mestrado	2.095	54,99%	6,54%
Programas de doutoramento	1.740	50,98%	19,94%
TOTAL	22.279	50,74%	2,91%

Traballadores/as.

<i>Tipo de persoal</i>	<i>Total</i>	<i>% mulleres</i>	<i>% estranxeiros/as</i>
PDI	1.440	41%	1,25%
PAS	694	60%	0,14%
Persoal investigador	849	51%	4,48%
TOTAL	2.983	48%	0,7%

*2.3 Sistema de goberno da Universidade de Vigo**Organización institucional*

https://www.uvigo.es/uvigo_gl/organizacion/organos/

En relación cos principios directores dos Estatutos da Universidade de Vigo (http://secxeral.uvigo.es/secxeral_es/normativa/universidade/estatutos/) o réxime de goberno da Universidade de Vigo fundaméntanse no principio de representación de todos os sectores da comunidade universitaria a través dos seus órganos colexiados e unipersoais, así como no de designación por elección das persoas que van ocupar os cargos académicos, agás as excepcións establecidas explicitamente nos estatutos.

Así mesmo, propicia a presenza equilibrada de homes e de mulleres nos seus órganos de goberno, para o que establecerá as normas necesarias nos procedementos electorais.

O goberno da Universidade de Vigo

O goberno, a participación social, a representación e a administración da Universidade de Vigo articularanse, cando menos, a través dos órganos que a continuación se indican.

A) Órganos colexiados

Están compostos polo Consello Social, Claustro Universitario, Consello de Goberno, Xuntas de Facultade, Xuntas de Escola, Consellos de Departamento e de Instituto Universitario, Consellos de

Campus, Xuntas de Titulación e Xuntas, Consellos ou outros órganos noutros centros que se puidesen crear.

- *Consello Social*

É o órgano de participación da sociedade na universidade e exerce como elemento de interrelación entre a sociedade e a universidade. Correspóndelle fomentar iniciativas sociais e promover a actuación dos poderes públicos para estimular investimentos que favorezan as actividades da universidade e que adecúen a capacidade docente e investigadora desta á demanda social. A súa composición e funcións veñen establecidas nos artigos 29 e 30 dos estatutos da universidade.

O Consello Social está concibido para que, a través da participación social, a universidade teña presente a problemática real do seu entorno, no que desenvolve a súa misión docente e investigadora. E, a súa vez, para que o entorno socioeconómico se aperciba das necesidades da súa universidade e das potencialidades do desenvolvemento e progreso que esta ofrece.

Ao Consello Social correspóndelle a supervisión das actividades de carácter económico da universidade –incluída a aprobación do orzamento e das contas anuais –, do rendemento dos servizos, e da colaboración da sociedade no financiamento da universidade. Na actualidade este órgano está composto por 31 compoñentes (Pleno e Comisións Delegadas) dos cales 25 son homes e 6 son mulleres.

En 2014 o Consello Social patrocinou EDUGAL onde a Universidade de Vigo participou con diversas actividades (<http://consellosocial.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2014/03/Memoria-EDUGAL-2014.pdf>)

- *Claustro Universitario*

O Claustro Universitario é o máximo órgano de representación da universidade. Os diferentes grupos de interese que integran a comunidade universitaria elixen os seus delegados e delegadas no Claustro Universitario.

Composición actual: 209 membros (35,4% mulleres).

- *Consello de Goberno*

O Consello de Goberno é o órgano de goberno da universidade e está composto polo reitor, que o preside, o secretaria xeral, o xerente e 15 membros designados polo reitor, entre os que debe haber representación de todos os sectores da comunidade universitaria.

Entre as funcións do Consello de Goberno está o establecemento das liñas estratéxicas e programáticas da universidade e a aprobación da ordenación xeral da actividade académica e investigadora. Ademais, encárgase da aprobación dos proxectos de orzamento e programación plurianual e das contas anuais da universidade para o seu trámite ao Consello Social, da aprobación dos cadros de persoal ou das propostas de plans de estudo.

Nos artigos do 37 ao 39 dos Estatutos da Universidade de Vigo está regulado o seu funcionamento e composición.

Composición actual: 53 membros (26,42% mulleres)

- *Consellos de Campus*

Campus de Ourense, composto por 20 persoas (45% mulleres)

Campus de Pontevedra, composto por 18 persoas (50% mulleres)

B) Órganos unipersoais

A Universidade de Vigo establece que os titulares dos órganos unipersoais, agás os que o sexan por designación ou por procedemento expresamente regulado doutro modo, deben ser elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. Estes postos de carácter persoal concréntanse nos seguintes títulos:

Reitor/a, vicerreitores/as, secretario/a xeral, xerente, decanos/as e vicedecanos/as de facultades, directores/as e subdirectores/as de escolas e de departamentos, e secretarios de facultades, de escolas e de departamentos, de institutos ou outros órganos que se puidesen crear.

Constitución do equipo de goberno da Universidade de Vigo

Reitor	Salustiano Mato de la Iglesia
Vicerreitoría de Economía e planificación	José Manuel García Vázquez
Vicerreitoría de Investigación e transferencia	María Asunción Longo González
Vicerreitoría de Organización académica e profesorado	Ana María Graña Rodríguez
Vicerreitoría de Estudantes	Dolores González Álvarez
Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relaciones Internacionais	Manuel Fernández Iglesias
Vicerreitoría do Campus de Ourense	Virxilio Rodríguez Vázquez
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra	Juan Manuel Corbacho Valencia
Secretaría Xeral	Gloria Pena Urís

2.4 Oferta académica. Curso 2013-2014

Titulacións oficiais

Nº de titulacións de grao	50
Nº de titulacións de 1º e 2º ciclo	56
Nº de titulacións de programación conxunta	1
Nº de dobres titulacións con universidades estranxeiras	2
Nº de titulacións de mestrado oficiais	88
Nº de programas de doutoramento	34
Nº de programas de doutoramento con mención de calidade	20

Titulacións propias. Ano 2013-2014

Estudos propios	Cursos ofertados	Matriculados/as
Nº titulacións propias	1	567
Nº de mestrado/especialista	8	88
Nº de cursos complementarios	65	1.403
Nº de cursos de formación	46	703
Nº de outros cursos	15	250
Nº de cursos de extensión universitaria	85	1.446
Nº de cursos do centro de linguas	193	3.508
TOTAL	220	7965

Universidade para maiores de 55 anos

A Universidade de Vigo ten en oferta un programa de formación para maiores de 55 anos a través dun dobre itinerario:

- Un ciclo intensivo, cunha duración de 54 créditos e tres anos académicos, cuxa superación dá lugar ao título propio da Universidade de Vigo de Graduado Universitario Sénior.
- Ciclo de especialización cunha duración de 36 créditos e dous anos académicos cuxa superación dá lugar á obtención do título propio da Universidades de Vigo de Graduado Superior Sénior.

Número de alumnos/as matriculados/as no programa de formación para maiores. Curso 2013-2014

	<i>Homes</i>	<i>Mulleres</i>	<i>Totais</i>
Graduado/a Superior Sénior	43	94	137
Graduado/a Universitario Sénior	129	185	314
Total	172	279	451


Como se pode observar, as mulleres son maioría tanto nas matrículas de graduado sénior como de graduado universitario. Daquela este programa está a permitir que moitas mulleres accedan á formación universitaria á que por diversos motivos, moitas veces asociados con responsabilidades familiares/domésticas, non puideran facelo anteriormente.

Comparativa interanual no número de alumnos/as que cursan os seus estudos na nosa universidade:

<i>Ano</i>	<i>2010</i>	<i>2011</i>	<i>2012</i>	<i>2013</i>	<i>2014</i>
Alumnado	20.184	21.352	19.739	22.455	22.279

A pesares de ter diminuído a matrícula en 179 persoas verbo do curso anterior (2012-2013), a tendencia nos derradeiros cinco anos é a superar os 21.200 alumnos/as de media matriculados cada ano académico.


Estudiantes matriculados por rama de coñecemento 2013-2014



Matriculados/as por rama de coñecemento. Ano 2013-2014

O 44% dos alumnos/as matriculados no curso 2013-2014 eran estudantes nalgunha carreira de ciencias sociais e xurídicas.

Estudiantes egresados por rama de coñecemento 2013-2014



Tamén é salientable indicar que case un 33% da matrícula total da nosa universidade son alumnos/as matriculados/as en carreiras de enxeñaría.

2.5 Principais fitos acontecidos na Universidade de Vigo. Curso 2013-2014

Este período académico está enmarcado polas eleccións a reitor e ao Claustro e pola constitución do novo Consello de Goberno e as comisións delegadas. Co novo equipo de goberno constituído iníciase o proceso de modificación dos Estatutos para a súa adecuación á Lei 6/2013 do Sistema Universitario de Galicia.

Foi unha etapa fortemente marcada pola crise económica e os recortes no financiamento da universidade e na que a Universidade de Vigo constatou a súa capacidade de enfrontar cos seus propios medios esta situación de recesión.

A continuación cítanse os principais fitos acontecidos na nosa universidade en dito período:

- A Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra convértese na primeira facultade de Galicia en acreditar as súas titulacións:
http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=9004&Itemid=38
- As Escolas de Enxeñaría de Minas, Informática e Facultade de Filoloxía e Tradución certifican a implantación dos seus sistemas de garantía interna de calidade.
http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=9158&Itemid=39
- Sinatura do convenio para a posta en marcha do proxecto TÁCTICA co que se captan 7 millóns de euros de fondos FEDER para o centro AtlanTIC.
- Aprobación do novo Regulamento da Escola Internacional de Doutoramento.
- Aprobación do Protocolo de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo.
- Éxito do Programa INCUVI-Emprende do que saíron varias iniciativas empresariais galardoadas en diversas convocatorias.
- A proposta Campus do Mar, liderada pola Universidade de Vigo, obtivo a cualificación de Campus de Excelencia Internacional de ámbito rexional na convocatoria do programa Campus de Excelencia Internacional do Ministerio de Educación, convocatoria destinada a mellorar a calidade, visibilidade, competencia e atractivo das universidades españolas.
- A Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte ten desenvolvido unha serie de actividades orientadas a converterse na segunda facultade de España en entrar a formar parte da Rede Escolas Unesco e no que un dos compromisos principais é educar para o respecto, entre outras cousas, do sistema natural.
http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=8884
- Avánzase no proceso de especialización do Campus da Auga en Ourense, o cal conta non só co respaldo interno da Universidade de Vigo, senón co recoñecemento por parte do Goberno autonómico que se plasma en diversos convenios, sendo o máis recente aquel en

virtude do cal a Xunta de Galicia financiará a sede central do Campus da Auga e os equipamentos de apoio de investigación neste eido.

- Avánzase tamén no proceso de especialización do Campus Crea en Pontevedra que pretende reconducir a heteroxeneidade das titulacións existentes a un eixo central de creatividade e innovación.

2.5.1 Premios e distincións

Durante o ano 2014 o esforzo de moitos membros/as da nosa comunidade universitaria foi recoñecido a través de diferentes premios e distincións entre os que se destacan:

- *Premios extraordinarios fin de carreira*
curso 2013-2014, 9 alumnos/as da nosa universidade recibiron esta mención (5 mulleres e 4 homes) todos en ramas da enxeñaría, ciencias e bioloxía.
- *Premios nacionais fin de carreira*
Premio outorgado polo MEC. No ano 2014, 1 alumna da Facultade de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo obtivo o premio nacional de fin de carreira. Tamén houbo 2 mencións a este premio e 4 accésit: en total 5 mulleres e 2 homes.
- *Premios fin de carreira Xunta de Galicia*
No ano 2014 un total de 18 alumnos/as da Universidade de Vigo recibiron esta distinción, dos cales 13 foron mulleres.
- *Novos investigadores 2013*
Premio outorgado pola Deputación de Pontevedra, 5 persoas pertencentes á nosa comunidade universitaria conseguiron este premio (3 homes e 2 mulleres).
- *Mellor tese doutoral 2013*
Premio outorgado pola Sociedad Española de Ciencia del Suelo, conseguido por unha estudante de doutoramento da Facultade de Bioloxía.
- *Premio nacional universitario*
Premio outorgado pola Sociedad de Ciencias Forestales a unha alumna da Escola de Enxeñaría Forestal.
- *Premio María Josefa Wonenburger*
Premio outorgado pola Xunta de Galicia a unha profesora da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.
- *1º premio do I Concurso de ideas innovadoras empresariais*
Premio outorgado pola Real Academia Galega de Ciencias a unha profesora do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal.
- *Certame Arquímedes na área das Ciencias Sociais e Humanidade*
Premio outorgado polo Ministerio de Educación a un alumno do Mestrado en Avogacía.

- A unidade BIOCAPS polos seus traballos de investigación recibiu dous premios outorgados polo 56º Congreso da Sociedade Española de Endocrinoloxía e Nutrición e outro outorgado por Raybiotech.

2.5.2 Posición nos rankings

A Universidade de Vigo foi distinguida durante 2013-2014 pola súa posición nalgúns dos rankings universitarios con maior recoñecemento internacional. Entre os principais logros acadados salientamos os seguintes:

- *Times Higher Education* –A Universidade de Vigo figura dende o 2013 entre as 100 mellores universidades do mundo de menos de 50 anos, está no TOP 400 do ranking mundial de universidades e entre as 10 primeiras de España.
- *Webometrics 2013* - Laboratorio de Cibermetría do CSIC. A Universidade de Vigo está no TOP 500 do ranking mundial Webometrics, que mide o impacto das universidades polas súas páxinas web.
- *Scimago Institutions Rankings SIR* informe mundial 2013. Este ranking mide a produción científica de alta calidade e a Universidade de Vigo encóntrase entre as 20 mellores de España.
- Ranking nacional de transparencia en universidades. A Universidade de Vigo ocupa a terceiro posto no ranking de transparencia do ano 2014 da Fundación Compromiso y Transparencia.
- CWUR. A Universidade de Vigo figura no ranking publicado no 2015 entre as 1000 mellores universidades do mundo.
- CWTS *Leiden Ranking*. No ano 2015 a Universidade de Vigo ocupa a 3ª posición entre as universidades españolas no ranking de publicación científicas no que respecta ao impacto das publicacións. Por ámbito de coñecemento tamén mantén boas posicións das que destaca a 2ª posición en biomedicina e ciencias da saúde.

A totalidade dos rankings nos que ten presenza a Universidade de Vigo pódese consultar na seguinte paxina web:

http://www.uvigo.es/uvigo_gl/transparencia/ranking/

Capítulo 3. A Universidade de Vigo e a responsabilidade social

3.1 Alcance e cobertura da Memoria de responsabilidade social

O período cuberto por esta memoria correspóndese, en termos xerais, ao curso académico 2013-2014. Non obstante, a existencia dalgúns informes de xestión que periodifican os datos por anos naturais, obríganos neses casos, a incorporar información relativa ao ano natural 2014.

Esta memoria é a quinta dunha serie elaborada con periodicidade anual. A primeira memoria toma por base o ano 2010 con datos do curso académico 2009-2010, e así sucesivamente ata a última publicada que reporta sobre o desempeño acadado no curso 2012-2013.

Este informe inclúe o resultado dos impactos ambientais, económicos e sociais máis relevantes que xera a actividade da Universidade de Vigo, sen limitacións de alcance. Na presente memoria figuran algúns dos contidos básicos xerais e específicos da guía para a elaboración da memorias de *Global Reporting Initiative* (GRI) versión G4. Esta información cobre a Universidade de Vigo cos seus campus, e só parcialmente dáse conta daquelas entidades xuridicamente independentes en que participa a universidade.

A elaboración desta memoria foi posible grazas á contribución dun equipo de persoas coordinadas pola Vicerreitoría de Economía e Planificación a través da Unidade de Estudos e Programas.

A información aportada procede das memorias de actividades e informes elaborados polas distintas áreas da universidade, do portal de transparencia da Universidade de Vigo (https://www.uvigo.es/uvigo_gl/cifras/) e noutros casos foi expresamente elaborada para a redacción desta memoria.

Non se deron cambios significativos respecto ás anteriores memorias no referente á cobertura e aos métodos de valoración aplicados, así mesmo, non se produciron tampouco cambios significativos nin no tamaño nin na estrutura da Universidade de Vigo.

Atendendo ao principio de mellora continua e enfoque participativo que nos inspira, insistimos na necesidade de que os distintos grupos de interese fagan as súas contribucións cara a perfeccionar as políticas de responsabilidade social da Universidade de Vigo e a calidade desta serie de memorias. Polo de agora este obxectivo está parcialmente desenvolvido e constitúe un reto ao que a nosa institución ten que facer fronte en datas próximas.

3.2 Obxectivos e principios da memoria

Os obxectivos básicos que persegue a Universidade de Vigo coa elaboración desta serie de memorias son os seguintes:

- Incorporar a sustentabilidade como valor clave de xestión, buscando o equilibrio entre o curto e o longo prazo e favorecendo a evolución e a fortaleza institucional.
- Integrar o concepto de responsabilidade social no seu acervo cultural e facer da rendición de contas e do diálogo cos grupos de interese un hábito.

- Dispor dunha ferramenta de xestión adicional que permita fixar obxectivos e avalialos a través do triplo balance: económico, social e ambiental.

Os principios que se seguiron na redacción desta memoria son os establecidos pola GRI (*Global Reporting Initiative*, capítulo 4 da versión G4) para ser usados de xeito combinado cara a definir o contido e a calidade das memorias de sustentabilidade

Principios para a definición do contido:

- Participación dos grupos de interese
- Contexto da sustentabilidade
- Materialidade
- Exhaustividade

A Universidade de Vigo, consciente de que o futuro se constrúe no presente, ten a vocación de mellorar a integración dos grupos de interese na súa xestión tendo como horizonte a sustentabilidade da institución. A apertura do portal de transparencia e o deseño do que será nun futuro próximo o portal de datos abertos constitúen as ferramentas idóneas para consolidar a cultura de transparencia e goberno aberto que inspira á universidade desde hai varios anos.

Todo o que figura nesta memoria correspóndese coa realidade dos feitos que de xeito exhaustivo esperamos mellorar en anos sucesivos cara a reflectir os impactos sociais, económicos e ambientais mais significativos.

Principios para definir a calidade da memoria:

- Equilibrio
- Comparabilidade
- Precisión
- Puntualidade
- Claridade
- Fiabilidade

Ano a ano procuramos mellorar o contexto da información aportada, incluíndo series históricas e indicadores referidos ao ámbito universitario cara a facilitar a avaliación por parte das partes interesadas e cumprindo así co principio de comparabilidade.

En canto a puntualidade, son cinco anos nos que de xeito ininterrompido se publica esta memoria. O reto agora está en facela chegar as partes interesadas o antes posible e publicala dentro do terceiro trimestre de cada ano.

3.3 A Universidade de Vigo e a responsabilidade social no curso 2013/2014

A oferta formativa da Universidade de Vigo inclúe a responsabilidade social como eixe transversal en diferentes estudos de grao e posgrao, así como tamén conformando por si mesma o obxecto de estudo en programas académicos e cursos específicos.

GRAOS	Obxectivos
Grao en Dereito	Atención á discapacidade Responsabilidade social Prevención do medio ambiente
Grao en Administración e Dirección de Empresas	Responsabilidade social
Grao en Dirección e Xestión Pública	Responsabilidade social
Grao en Educación Infantil	Atención á discapacidade Responsabilidade social
Grao en Educación Primaria	Atención á discapacidade Responsabilidade social
Grao en Educación Social	Atención á discapacidade Responsabilidade social
Grao en Traballo Social	Atención á discapacidade Responsabilidade social
Grao en Publicidade e Relacións Públicas	Responsabilidade social
Grao en Economía	Responsabilidade social
Grao en Comercio	Responsabilidade social
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	Responsabilidade social Prevención de riscos laborais
Grao en Xeografía e Historia	Responsabilidade social
Grao en Belas Artes	Responsabilidade social
Grao en Linguas Estranxeiras	Responsabilidade social
Grao en Tradución e Interpretación	Responsabilidade social
Grao en Enfermaría	Atención á discapacidade Responsabilidade social
Grao en Fisioterapia	Atención á discapacidade Responsabilidade social
Grao en Actividade Física e do Deporte	Atención á discapacidade Responsabilidade social
Grao en Ciencias Ambientais	Responsabilidade social Prevención do medio ambiente

Grao en Química	Atención á discapacidade Responsabilidade social Prevención de riscos laborais Prevención do medio ambiente
Grao en Química Industrial	Responsabilidade social Prevención de riscos laborais Prevención do medio ambiente
Grao en Consultaría e Xestión da Información	Responsabilidade social
Grao en Ciencias do Mar	Atención á discapacidade Responsabilidade social Prevención do medio ambiente
Grao en Bioloxía	Responsabilidade social Prevención do medio ambiente
Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Responsabilidade social Prevención de riscos laborais Prevención do medio ambiente
Grao en Enxeñaría Agraria	Responsabilidade social Prevención de riscos laborais Prevención do medio ambiente
Grao en Enxeñaría Forestal	Responsabilidade social Prevención de riscos laborais Prevención do medio ambiente
Grao en Enxeñaría da Enerxía	Responsabilidade social Prevención do medio ambiente
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Responsabilidade social Prevención de riscos laborais Prevención do medio ambiente
Grao en Enxeñaría Eléctrica	Responsabilidade social Prevención de riscos laborais Prevención do medio ambiente
Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	Responsabilidade social Prevención de riscos laborais Prevención do medio ambiente
Grao en Enxeñaría Mecánica	Responsabilidade social Prevención de riscos laborais Prevención do medio ambiente
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	Responsabilidade social Prevención de riscos laborais Prevención do medio ambiente
Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	Responsabilidade social
Grao en Enxeñaría Informática	Responsabilidade social

Grao en Organización Industrial

Responsabilidade social
Prevenção de riscos laborais
Prevenção do medio ambiente

MESTRADO	Obxectivos
Mestrado en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos	Atención á discapacidade
Mestrado en intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos	Atención á discapacidade
Mestrado en necesidades específicas de apoio educativo	Atención á discapacidade
Mestrado en investigación psicosocioeducativa con adolescentes en contextos escolares	Atención á discapacidade
Mestrado en administración integrada de empresas e responsabilidade social corporativa	Responsabilidade social
Mestrado en xestión do desenvolvemento sostible	Responsabilidade social Prevenção do medio ambiente
Mestrado en innovación industrial e optimización de procesos	Responsabilidade social
Mestrado en enxeñaría de minas	Responsabilidade social Prevenção do medio ambiente
Mestrado en contaminación industrial: avaliación, prevención e control	Prevenção do medio ambiente Responsabilidade social
Mestrado en enerxía e sostenibilidade	Prevenção do medio ambiente Responsabilidade social
Mestrado en prevención de riscos laborais	Prevenção de riscos laborais
Mestrado en enxeñaría industrial	Responsabilidade social Prevenção de riscos laborais Prevenção do medio ambiente
Mestrado en ccuicultura	Prevenção do medio ambiente Responsabilidade social
Mestrado en bioloxía mariña	Prevenção do medio ambiente
Mestrado en ciencias biolóxicas	Responsabilidade social Prevenção do medio ambiente
Mestrado en investigación química e química industrial	Prevenção do medio ambiente

Mestrado en oceanografía	Responsabilidade social Prevención do medio ambiente
Mestrado en investigación física, deporte e saúde	Atención á discapacidade
Mestrado en valoración, xestión e protección do patrimonio	Prevención do medio ambiente
Mestrado en creación, dirección e innovación na empresa	Responsabilidade social Prevención de riscos laborais Prevención do medio ambiente
Mestrado en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental	Prevención do medio ambiente
Mestrado en dirección de PEMES	Responsabilidade social Prevención de riscos laborais Prevención do medio ambiente
Mestrado en dirección integrada de proxectos	Responsabilidade social Prevención de riscos laborais
Mestrado en xestión e dirección laboral	Prevención de riscos laborais

PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO**Obxectivos**

Equidade e innovación en educación	Atención á discapacidade
Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria	Responsabilidade social
Análise económico e estratexia empresarial	Responsabilidade social
Ciencia e tecnoloxía química	Responsabilidade social Prevención do medio ambiente
Ecosistemas terrestres, uso sostible e implicacións ambientais	Responsabilidade social Prevención do medio ambiente
Educación, deporte e saúde	Atención á discapacidade
Ciencias da educación e do comportamento	Atención á discapacidade
Investigación en tecnoloxías e procesos avanzados na industria	Responsabilidade social Prevención de riscos laborais
Metodoloxía e aplicacións en ciencias da vida	Responsabilidade social
Ordenación xurídica do mercado	Responsabilidade social Prevención de riscos laborais
Eficiencia enerxética e sostenibilidade en enxeñaría e arquitectura	Responsabilidade social Prevención do medio ambiente
Deporte, educación física e actividade física saudable	Atención á discapacidade

Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión

Responsabilidade social
Prevenición de riscos laborais
Prevenición do medio ambiente

A maiores da implicación nas titulacións oficiais, a Universidade de Vigo realiza un gran número de actividades de sensibilización e formación no marco da cooperación e a solidariedade, e da dimensión económica, social e medioambiental englobadas no termo responsabilidade social.

Deste xeito fai realidade o seu compromiso coa sociedade na procura dun desenvolvemento social, económico, cultural e ambiental sostible e equilibrado a través a ampla proxección que estas actividades teñen no entorno local e social da universidade.

De entre as 155 actividades relacionadas coa responsabilidade realizadas no ano 2014, á marxe das mencionadas noutros apartados desta memoria, cabe destacar as numerosas campañas de recollida de alimentos realizadas por distintos colectivos da universidade, as intervencións en cárceres e hospitais, as xornadas relacionadas coa inclusión e a loita contra a discriminación, e as propostas destinadas ao fomento da interculturalidade.

Avance nas políticas de integración social universitaria

Dentro dos elementos de responsabilidade social están aqueles que favorecen a integración de todas as persoas que pertencen á comunidade universitaria. No Plan de igualdade vixente, elaborado pola Universidade de Vigo, figura textualmente no artigo 3º que «a Universidade de Vigo asume o compromiso de detectar, diagnosticar e contribuír á solución dos problemas existentes nas sociedades contemporáneas, e de promover políticas activas de igualdade e promoción social».

Cara a materializar este compromiso coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, na Universidade de Vigo existe a Unidade de Igualdade como instrumento de xestión política responsable da incorporación transversal do principio de igualdade efectiva entre os homes e as mulleres en todos os ámbitos da comunidade universitaria.

Tamén existe unha unidade que atende as persoas con necesidades específicas ou de apoio educativo coordinada baixo a dirección do vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais.

A Universidade de Vigo móstrase tamén sensible a outras diferenzas, tales como as relativas á condición sexual ou outras que, mais alá das de xénero, precisan dunha atención e normalización que non impidan un saudable desenvolvemento da vida universitaria nin das persoas involucradas.

3.4 Promovendo a colaboración cos axentes sociais

O establecemento de redes de colaboración é un aspecto fundamental da responsabilidade social, xa que permite establecer redes de comunicación cos *stakeholders* ademais de facer mais sustentable os recursos da universidade.

A pertenza da Universidade de Vigo a diferentes redes e plataformas específicas sobre responsabilidade social (Rede UNIRSE, RSE Galicia...) evidencian a nosa implicación e compromiso coa responsabilidade social en xeral, e coa responsabilidade social universitaria en particular.

A Universidade de Vigo e a creación de valor para a sociedade

A Vicerreitoría de Extensión Universitaria ten como obxectivo básico promover a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias que fomenten a formación integral dos nosos estudantes.

O Servizo de Extensión Universitaria estrutúrase en tres áreas diferenciadas: área de cultura, o S.I.O.P.E. (Sección de Información, Orientación, Promoción do Estudante, Voluntariado e Discapacidade) e Área de Deportes.

Á hora de elaborar o calendario de actividades ofertadas por esta vicerreitoría un dos criterios para a adxudicación das iniciativas son as actividades formativas relacionadas coa sensibilización da sociedade e da comunidade universitaria; deste xeito vaise valorar na memoria técnica a calidade das actividades propostas para desenvolver en relación á sensibilización social e da comunidade universitaria ao respecto dos aspectos que se indican a continuación: espectáculos e outras actividades destinadas a desenvolver a concienciación e sensibilización no que toca ao comercio xusto, a compra ética e responsable, o desenvolvemento sustentable e a valoración social dos grupos con discapacidade ou en risco de exclusión social.

No punto 3 da meta estratéxica número 7 da Universidade de Vigo faise referencia a necesidade de «incrementar a proxección exterior desta institución a través da extensión universitaria».

Desta maneira a Vicerreitoría de Extensión Universitaria promove canaliza, apoia e fomenta a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias.


Número de actividades de extensión universitaria e asistencia. Ano 2014

	TOTAL		Ourense		Pontevedra		Vigo	
	actividades	asistentes	actividades	asistentes	actividades	asistentes	actividades	asistentes
Curso	18	562	8	252	5	121	5	189
Obradoiro	48	716	31	453	4	97	13	166
Outras actividades	4	168					4	168
Total	70	1446	39	705	9	218	22	523

Estes datos amosan un incremento no número de persoas que participaron nas actividades organizadas pola Vicerreitoría Extensión Universitaria, 1.446 (99 máis que en 2013) nun total de 70 actividades realizadas (10 menos que no ano pasado). Como no ano anterior, o maior número de actividades tiveron o formato de obradoiro (28) tendo estes a maior concorrencia de público (31%). Así mesmo dende esta área organizáronse 13 cursos de verán.

A maior asistencia ás actividades organizadas por Extensión Universitaria viu pola parte de persoas alleas á universidade.

Perfil dos participantes nas actividades de extensión universitaria



Actividade cultural da Universidade de Vigo

Dende Extensión Universitaria, durante o curso académico 2013-2014, téñense organizado unha grande variedade de actividades culturais nos tres campus. Entre elas destacamos:

- Programacións musicais variadas
- XII Premio de creación audiovisual Universidade de Vigo
- XII Premio de pintura Universidade de Vigo
- XII Premio maquetas de música
- Exposicións
- Teatro
- 27 obradoiros organizados aos que asistiron 453 persoas
- 13 cursos de extensión universitaria de contido variado
- Actividades e concertos corais

Convenios de colaboración asinados con diversos axentes sociais

A Universidade de Vigo é un ente aberto á colaboración. Por este motivo ten establecido numerosos convenios con distintas entidades cara a contribuír a consecución de obxectivos comúns.

A continuación móstranse algúns dos convenios en vigor que a institución ten asinado con outras entidades:

- Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e

Vigo para o proxecto de conformación dunha rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.

- Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Asociación de Párkinson Vigo.
- Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Concello de Bueu para a organización de cursos de extensión universitaria.
- Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Asociación Cultural Burval (Burbia-Valcarce) para a organización de cursos de Extensión Universitaria.
- Convenio de cooperación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Universidade de Vigo para o financiamento da Aula de Formación Aberta. Programa para maiores.
- Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación Rosalía de Castro.
- Convenio específico para o curso 14-15 do convenio marco de colaboración subscrito entre a Fundación Serafín Ocaña e a Universidade de Vigo.
- Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación Universia para o préstamo de axudas do banco de produtos de apoio da Fundación Universia.
- Convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas de alumnos/as do curso de especialización en investigación e desenvolvemento en psicoloxía do deporte e da actividade física.
- Convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas de alumnos/as do curso do mestrado propio en psicoloxía do deporte e da actividade física.
- Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Museo de Dinosaurios de Salas de los Infantes.
- Addenda ao convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a plataforma de accesibilidade solidaria de Vigo (PASOVIGO).
- Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Federación Galega de Fútbol.
- Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Agrupación Deportiva Vigo.

3.5 A Universidade de Vigo promovendo o voluntariado

Durante o curso 2013-2014 en torno a 100 persoas participaron nas actividades de voluntariado organizadas pola Universidade de Vigo, para as que hai un pequeno orzamento cara a facer fronte a gastos de desprazamento.

Así mesmo a nosa universidade participa en campañas de doazón de órganos, recollida de alimentos, visitas a hospitais, talleres de inserción, entre outros.

Voluntariado por campus. Ano 2013-2014

	<i>Total</i>	<i>% mulleres</i>	<i>% total campus Ourense</i>	<i>% total campus Pontevedra</i>	<i>% total campus Vigo</i>
Nº estudantes en accións de voluntariado	216	75%	16%	31%	53%
Nº de programas	46				

Un total de 216 estudantes, nove máis que o ano pasado (en torno ao 1% dos alumnos/as matriculados) dedicaron algunhas horas a actividades de voluntariado nun total de 46 programas, cinco menos que en 2013). O 75% destas persoas foron mulleres (un 6% mais que no ano anterior).

Por campus cabe destacar o retroceso desta participación no Campus de Vigo (case un 25%) e o incremento no Campus de Pontevedra (nun 25%).

A seguir indícanse os programas de voluntariado nos que teñen participado estes/as voluntarios/as:

PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO. Curso 2013-2014

AECC	Voluntariado hospitalario
Alborada	Apoio ao estudo
Aldeas Infantiles	Apoio a menores
Aldeas Infantiles	Apoio escolar
Aldeas Infantiles	Apoio páxinas web
AMENCER	Apoio educativo
AMENCER	Xangal
AMENCER	Ludoteca
AMENCER	Apoio educativo
ASDEGAL	Apoio escolar
ASDEGAL	Atención a menores
ASDEGAL	Apoio a maiores
Asociación Esclerose	Asociación Esclerose
Asociación de pais de nenos xordos	Allies in English
ASPANAS	Centro ocupacional
Banco de Alimentos	Recollida de alimentos
Banco de Alimentos	Axuda en xeral
Benestar Baiona	Benestar Baiona
Brig. Infant. Galicia VII	Brig. Infant. Galicia VII

Campus de Ourense	Campana solidaria Nadal
Campus de Ourense	Acompañamento a alumna invidente
Campus de Ourense	Axuda a alumno con Asperger
Campus de Ourense	Ilumináfrica (evitar a cegueira en África)
Cáritas	Comedor social
Cáritas	Apoio escolar
Club Vig-Bay	Club Vig-Bay
Cruz Vermella	Centro de día
Down	Proxecto Down
DownVigo	Apoio escolar
Feafes	Acompañamento a pacientes en tempo de ocio
Fundación Isidre Esteve	Fundación Isidre Esteve
GRUVI	Apoio nas tarefas de reciclaxe de ordenadores
IMD de Pontevedra	Asociación Esclerose
JUAN SOÑADOR	Apoio escolar
OMA	Estudo e optimización de consumos eléctricos na Universidade de Vigo
OMA	Tarefas varias
PASOVIGO	Apoio a centros
PASOVIGO	Centro de discapacitados APAMP
PASOVIGO	Apoio aos centros Vigo
PASOVIGO	Axuda á discapacidade
PASOVIGO	Apoio escolar
Prevención de riscos	Apoio nas tarefas de prevención
Sergas	Difusión información sobre doazón de órganos
Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria	Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria
Campus do Mar	Xornada de recollida de lixo nas illas Cíes
Universidade de Vigo (proxecto propio)	ORI

3.6 Deportes e saúde

https://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/estudios_programas/actividades/informes/memorias.html

O Servizo de Deportes da Universidade de Vigo seguiu centrado na dinamización de programas e actividades para fomentar a participación do maior número de membros da comunidade universitaria en actividades físico-deportivas de forma regular. De xeito destacado, o curso estivo marcado pola consolidación do Campus Ourense Convida, polo aumento das persoas usuarias dos servizos da Área de Deporte e Saúde no Campus de Pontevedra e mesmo pola efectividade das estratexias de internacionalización do servizo.

Escolas deportivas. Curso 2013-2014

Preto de 2.200 inscricións cuadrimestrais participaron no conxunto dos tres campus neste programa en máis de corenta actividades diferentes. Este programa continúa a ser, xunto co de Centros deportivos abertos, o máis relevante en canto á motivación para o inicio na práctica deportiva e á consolidación de hábitos e estilos de vida máis activos e saudables.

Cabe salientar que no Campus de Ourense dos 195 participantes, 128 foron mulleres (case o 66%). Nos campus de Vigo e Pontevedra as porcentaxes de participación de homes e mulleres no programa estiveron certamente equilibradas. No Campus de Vigo as actividades de ioga, natación e bailes rexistraron maior participación feminina.

Centros deportivos abertos

Establecéronse neste curso académico máis e mellores acordos de colaboración con centros deportivos para acadar o acceso regular dos membros da comunidade universitaria a mais actividades, a novos horarios e con mellores prezos. Así, máis persoas usuarias puideron acceder a ximnasios e centros de fitness privados e públicos próximos aos lugares de residencia en condicións moi vantaxosas.

Cóntase xa con nove centros deportivos en Vigo, oito en Ourense e dous en Pontevedra. No caso do Campus de Vigo, a participación superou por vez primeira as 600 persoas usuarias (352 mulleres e 252 homes).

Ligas e competicións internas

No conxunto dos tres campus, tomaron parte na fase regular das ligas preto de 2.300 persoas agrupadas en 181 equipos. Un dos aspectos salientables foi a consolidación da competición de fútbol sala feminino, con seis equipos e case 60 xogadoras participantes que disputaron tamén o torneo de copa (Copa Fair Play).

No conxunto de competicións internas, tanto en modalidades de práctica individual como nas competicións por equipos, participaron ao redor de 2.600 membros da comunidade universitaria, dos que a presenza feminina se situou no entorno do 18%.

Competicións interuniversitarias

Un total de 54 deportistas (14 mulleres e 40 homes) representaron á Universidade de Vigo nos campionatos de España universitarios, acadando un total de 20 medallas individuais. En taekwondo, a Universidade de Vigo logrou o segundo posto final na clasificación por equipos e consegue continuar a súa xeira de podios estatais universitarios de xeito ininterrompido dende o ano 2002. Cabe salientar tamén a participación do equipo de balonmán masculino do Campus de Pontevedra na fase final desta modalidade.

Deporte federado

O Vigo Rugby Club, vencellado á Universidade de Vigo, foi quen de acadar a súa permanencia na máxima categoría do rugby estatal e xogará por cuarto ano consecutivo na liga de división de honra. Pola súa banda, o equipo de xadrez do Campus de Vigo non acadou o obxectivo de ser campión galego absoluto por terceiro ano consecutivo, aínda que alcanzou o segundo posto final por detrás do Interrías-Sanxenxo. Ademais, participou no campionato de España de primeira división, conseguindo manterse un ano máis entre os mellores equipos do Estado.

Internacionalización e programa Erasmus-Prácticas

O curso académico caracterizouse polo fomento das estratexias de internacionalización do Servizo de Deportes para o que se contou co apoio dunha alumna bolsaira do último curso de Tradución e Interpretación.

Ata tres alumnos/as dentro do programa Erasmus-Prácticas colaboraron co Servizo de Deportes durante o curso. No primeiro cuadrimestre foi una estudante de Constanza (Alemaña) e xa no segundo outra alumna alemá, da Universidade de Münster, e un estudante eslovaco da Universidade Comenius de Bratislava. Todos eles foron quen de contribuír á internacionalización do Servizo de Deportes a través de iniciativas tan novidasas como o programa *Train and Talk*, que serviu para favorecer de xeito efectivo os encontros deportivos entre estudantes Erasmus e estudantes locais.

Cabe salientar tamén a participación activa de técnicos do servizo na *International Staff Training Week* celebrada en Berlín durante a primeira semana de xuño.

I Xornadas de deporte universitario galaico-duriense

Entre os días 11 e 12 de xuño tiveron lugar no Campus de Ourense as I Xornadas de deporte universitario galaico-duriense, baixo o título Estratexias para as relacións comunicativas en servizos deportivos. Este evento congregou a 25 técnicos e responsables deportivos universitarios das seis universidades da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal que compoñen o grupo galaico-duriense: Minho, UTAD, Porto, A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Nesas xornadas participaron tamén os decanatos das titulacións vencelladas ao deporte das universidades de Porto, UTAD, IP de Viana, Melgaço, A Coruña e Vigo, así como a Fundación Deporte Galego.

XXII Gala do deporte universitario

No transcurso da gala fíxose entrega dos V Premios á excelencia deportiva, nos que foron destacados os seis estudantes da Universidade (3 homes e 3 mulleres) que xuntaron mais méritos na suma dos seus resultados deportivos e académicos.

Rutas culturais

Baixo a dirección do Club Universitario de Cultura e Ocio do Campus de Ourense, durante o curso 2013-2014 organizáronse rutas en catamarán polos canóns do Sil, a nevada durante a ruta de San Mamede ou a participación do investigador e biólogo portugués Pedro Gomes na ruta das praias de Portugal que deixaron unha grata pegada nas persoas participantes. A media de participación en cada unha delas foi superior ás 90 persoas procedentes dos tres campus universitarios, rexistrándose un total de 1.008 inscricións no total das once rutas do programa.

Programa Augaventura

Neste curso académico volveuse repetir a fórmula do programa dobre (outono e primavera), sendo incluídas cinco actividades (surf, vela, mergullo, windsurf e descenso de rápidos). A participación rexistrada foi dun total de 289 persoas (156 mulleres e 133 homes), 136 na edición de outono e 153 na de primavera.

O programa lévase a cabo en colaboración co Campus do Mar e, mediante experiencias dun día, tenta achegar o medio acuático á comunidade universitaria, dando a coñecer de xeito lúdico diversas modalidades tanto no río como no mar.

Programa Delecer

Este programa de ocio e tempo libre vai xa pola súa décimo cuarta edición, cun programa que se desenvolveu nos meses de maio e xuño para buscar unhas óptimas condicións para a súa práctica. Repetiuse a fórmula de tres actividades (parapente, paracaidismo e pontismo) na que tomaron parte 44 persoas (23 mulleres e 21 homes).

Pavillón Verde en Pontevedra

O plan Pavillón Verde é unha das accións programadas dentro do proxecto Green Campus que permitiu estudar os espazos, consumos de auga e enerxía e emisións asociadas ao pavillón universitario a través da participación de 11 entidades. O traballo deu lugar a 18 propostas de actuación en determinadas áreas, das que cinco foron seleccionadas para ser levadas a cabo ao longo do ano 2014: un protocolo para eventos deportivos, un diagnóstico da accesibilidade, o proxecto de levar a cabo na entrada do campus unha plantación para compensar as emisións xeradas e a mellora da xestión de residuos e difusión do proxecto a través das redes sociais.

Paralelamente, tivo lugar a selección dun proxecto de execución dun mural no exterior do propio pavillón universitario.

Programa Martes con Vida

Este proxecto, desenvolvido no marco do Campus ConVida da Vicerreitoría do Campus de Ourense pola Facultade de Ciencias, consistiu na medida de variables antropométricas e a estimación do grao de adherencia da dieta mediterránea, mediante o cuestionario KidMed, válida para a poboación española.

A actividade realizouse no primeiro e segundo cuadrimestre de 2013 en 5 centros do Campus de Ourense e participaron 382 persoas (68% homes e 32% mulleres). Un 69% das persoas participantes eran menores de 25 anos e un 31% maiores de 25 anos.

Nas actividades organizadas no Campus de Ourense participaron 829 persoas nas escolas deportivas e rutas culturais, 147 fixeron uso do programa de exercicio físico personalizado, houbo 115 consultas de medicina deportiva e 190 consultas de fisioterapia.

Outro feito salientable foi a extensión das xornadas Martes ConVida, incluídas no proxecto Ourense ConVida, aos campus de Pontevedra e Vigo.

Capítulo 4. Dialogando coas partes interesadas

Os grupos de interese, ou partes interesadas, da nosa institución son os aquelas persoas ou entidades afectadas polo noso traballo e que a súa vez nos inflúen coas súas expectativas á hora de realizar o noso labor.

O alumnado representa o noso máis grande e importante grupo de interese e o obxectivo prioritario da nosa misión; por este motivo, aparte das tarefas intrinsecamente académicas, a Universidade de Vigo promove, a través de diferentes programas, toda unha gama de actividades complementarias ás académicas. Así mesmo, os traballadores/as da Universidade de Vigo representan os elementos que fan posible que tanto as tarefas académicas como de xestión permitan ofrecer os nosos servizos.

Estes dous grupos permiten atender a nosa misión que é a de ser promotora da creación e da difusión do pensamento crítico e do fomento da cultura entre a comunidade universitaria e a sociedade no seu conxunto. A comunidade local xunto coa sociedade xeral representan o outro grupo de interese ao cal debemos ter en conta, establecendo unha comunicación intensa e profunda con elas co fin de incorporar a súas expectativas e necesidades.

4.1 Orientación aos alumnos e alumnas

No ano 2014 créase dentro da estrutura de goberno da universidade a Vicerreitoría de Estudiantes, coa que se centraliza nun mesmo departamento ámbitos de actuación de gran transcendencia para o alumnado, como prácticas, emprego, emprendemento, bolsas, multilingüismo, formación transversal, e cuestións relacionadas coa vida académica do estudiantado. Dótase deste xeito á universidade dunha nova unidade estable e diferenciada de atención aos estudantes que, xunto coa Sección de Información, Orientación, Promoción do Estudiante, Voluntariado e Discapacidade (SIOPE), completa a orientación ao alumnado en todos os aspectos relacionados coa vida universitaria.

A Universidade de Vigo, a través da SIOPE ofrece a todo o alumnado e ás persoas con titulación universitaria, así como a futuros universitarios e universitarias unha información clara e completa sobre todo o concernente á vida universitaria.

Ademais ofrece atención ao alumnado que o requira nas áreas de orientación educativa, académica e psicopedagóxica.

Durante o curso 2013-2014 o Gabinete Psicopedagóxico recibiu 926 consultas e realizou nove accións formativas nas que participaron 172 persoas.

Dende o SIOPE, ademais, promóvese o voluntariado e a integración na comunidade universitaria.

No que respecta á orientación aos/ás estudantes por parte dos centros nos que están matriculados, cada curso académico se recollen no Plan de acción tutorial (PAT), as actuacións destinadas a favorecer a integración do alumnado na vida universitaria e atender as súas necesidades formativas e informativas. O PAT, co que contan todas as titulacións oficiais da universidade, transcende o modelo especificamente académico, preocupado pola transmisión de coñecementos e a adquisición de competencias polo alumnado, e aposta por un modelo educativo no que conflúen ademais

funcións socioeducativas, como a atención á diversidade, a orientación á aprendizaxe ou a procura da igualdade de xénero. Contempla, en definitiva, o desenvolvemento persoal ademais do académico.

4.1.1 Programas de mobilidade. Curso 2014

Un dos aspectos relevantes da formación do noso estudiantado é a mobilidade estudantil. Este aspecto resulta fundamental para a formación integral dos nosos alumnos e alumnas, así como tamén os programas de prácticas profesionais.

Na Estratexia de internacionalización da Universidade de Vigo, aprobada en 2014, a mobilidade é un aspecto clave da internacionalización e da modernización da educación superior, así como unha das principais ferramentas para continuar a construír o Espazo Europeo de Educación Superior. O obxectivo xeral deste programa é estender a oferta de mobilidade dende unha perspectiva global e de excelencia.

Así mesmo, no ano 2013 aprobouse o Plan de internacionalización lingüística. Este documento ten como finalidade dotar a comunidade universitaria das competencias plurilingües e pluriculturais que se precisan para responder con eficacia aos retos dunha sociedade globalizada e culturalmente diversa.

Tamén foi aprobado o Regulamento de mobilidade internacional, que organiza e consolida o marco normativo en materia de mobilidade entre países. Trátase de facilitar ao alumnado/a, ao PAS e ao PDI a posibilidade de realizar parte dos seus estudos ou do seu traballo en institucións estranxeiras de ensino superior e de garantir o pleno recoñecemento destas actividades.

Datos de mobilidade nacional e internacional durante o curso 2013-2014

Durante o curso 2013-2014 un total 692 estudantes da Universidade de Vigo participaron en programas de mobilidade internacional, de estudos ou prácticas.

De entre os programas internacionais, a maior parte corresponde ao programa Erasmus. Durante o curso académico 2013-2014, 495 estudantes, 242 homes e 253 mulleres, da Universidade de Vigo cursaron parte da súa formación noutros centros de educación superior en Europa a través deste programa. do Campus de Vigo procedían 336 estudantes, 84 de Ourense e 75 de Pontevedra. Mantéñense as preferencias por Italia, Polonia, Alemaña e Portugal.

Por outra banda, 460 estudantes estranxeiros acudiron á nosa universidade para mellorar ou ampliar os seus estudos: o 38% acudiron á facultade de Filoloxía e Tradución, o 17% ás Escolas de Enxeñaría e o 9% á Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias.

No mesmo período, un total de 72 estudantes (47 mulleres e 25 homes) gozaron dunha bolsa propia da Universidade de Vigo en países extracomunitarios (12 máis que no ano anterior), agás dous estudantes de ESDEMGGA en Europa: 10 alumnos procedentes do Campus de Ourense, 22 do Campus de Pontevedra e 40 do Campus de Vigo. Brasil con 23 estadias e México con 13 destacan como países preferentes, seguidos de Chile e Canadá.

Con respecto á mobilidade de estudantes en prácticas, en 2013-14, un total de 69 estudantes (29 mulleres e 40 homes), participaron no programa Erasmus-Prácticas. A duración media das estadias foi de 4,8 meses.

Por ámbitos de coñecemento a distribución é a seguinte:

- Tecnolóxico: 30 alumnos/as;
- Xurídico Social: 25 alumnos/as;
- Científico: 7 alumnos/as;
- Humanístico: 7 alumnos/as.

Con respecto a outros convenios, a ORI (Oficina de Relacións Internacionais) tramitou a documentación dun total de 6 alumnos (3 mulleres e 3 homes) que realizaron prácticas extracurriculares por convenio durante o curso 2013-2014.

As empresas/institucións coas que se firmaron estes convenios foron: SAS Safra –Albik –Francia, Recoveragile Lda- Portugal, Casa do Pilar Mediação de Seguros-Portugal, SAS Creolia Mercure Hotels- Francia, e Sports & Languages International Limited-Reino Unido.

Asemade, un total de 15 estudantes realizaron unha estadía nunha universidade estranxeira, 11 mulleres e 4 homes dos que 3 procedían do Campus de Ourense, 4 do de Pontevedra e 8 do de Vigo.

A Universidade de Vigo ocupa no ano 2014 o terceiro posto da International Student Satisfaction Awards e acada o certificado de excelencia na satisfacción do estudantado internacional.

TOEFL (Test of English as a Foreign Language)

A Universidade de Vigo está acreditada polo ETS para a realización do TOEFL, exame que mide a capacitación de non nativos para utilizar e entender a lingua inglesa de forma oral ou escrita no ámbito académico. É un requisito para a admisión na maioría das universidades norteamericanas. Está recoñecido por máis de 5.000 institucións de educación superior, universidades e axencias de certificación de 90 países. Nas convocatorias de febreiro, maio e xuño examináronse un total de 51 alumnos/as.

Propostas de mellora. Plan de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo

https://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/ori/lexislacion/

Unha das apostas mais interesantes do Plan de internacionalización da Universidade de Vigo é a promoción do plurilingüismo na nosa institución. Con este obxectivo, incluído xa no antigo plan estratéxico, perséguese promover a docencia noutras linguas para favorecer, entre outros fins, a competencia profesional de todo o persoal, mellorando a visibilidade do seu labor e a súa mobilidade, a cooperación con institucións de educación superior dentro e fóra de Europa, a captación de alumnado estranxeiro e a posibilidade de que o noso alumnado se animen a moverse a outras universidades.

Para levalo a cabo créase a Comisión de Internacionalización Lingüística como o instrumento de participación e debate para promover a implantación das distintas iniciativas recollidas nel e establecer os obxectivos da institución en materia de internacionalización lingüística.

O Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo é o ente instrumental necesario para dinamizar este proceso.

Para que nestes momentos se produzan incrementos significativos nas cifras de mobilidade, a comunidade universitaria necesita acadar un nivel de competencia lingüística axeitado noutras linguas diferentes do galego e o castelán, e fundamentalmente en inglés.

Asemade, o marco actual de desenvolvemento do EEES tras a súa implantación urxe que se apliquen políticas encamiñadas á mellora das competencias lingüísticas do estudantado, pero tamén ofrece unha oportunidade única, xa que na contorna do novo sistema de aprendizaxe van ser máis valorados os períodos de estudos en institucións de ensino superior doutros países.

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos de libre elección ou ECTS da Universidade de Vigo, cando se cursen idiomas que non formen parte do plan de estudos do estudante.

Centro de Linguas (CDL). Curso 2013-2014

O Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo naceu no ano 2004 para atender as necesidades lingüísticas da comunidade universitaria aínda que está aberto a calquera persoa de dentro ou fóra da universidade.

A docencia impártese no tres campus da Universidade de Vigo e en distintos centros asociados por profesorado con titulación universitaria e especializado no ensino de idiomas.

Os cursos do Centro de Linguas adáptanse ás directrices do Consello Europeo en materia de niveis de lingua e procedementos de avaliación, segundo se especifica no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER). Os certificados de acreditación de nivel axéitanse polo tanto ao estándar de recoñecemento internacional.

Matrícula do CDL

No curso 2013-2014, o número de alumnos matriculados no Centro de Linguas distribuíronse do seguinte xeito: 1.856 estudantes nos cursos cuatrimestrais, 456 estudantes nos cursos de verán, 643 estudantes en exames de acreditación de niveis, exame DELE, e HELA, TOEFL e tamén 553 alumnos noutros cursos específicos, resultando un total: 3.508 alumnos matriculados no curso 2013-2014.

Do total de alumnado, dispónse de datos para a clasificación por sexo de 2.862 alumnos, o 82% sobre o total. Deles un 52% son homes e un 48% son mulleres.

Cursos de idiomas

Durante o curso 2013-2014, impartíronse cursos cuatrimestrais e intensivos de verán dos seguintes idiomas: alemán, chinés, español para estranxeiros, francés, conversa en francés, inglés, conversa en inglés, pronuncia en inglés, inglés, italiano, lingua de signos española, portugués, preparación dos

exames oficiais de Cambridge (PET, FCE e CAE), lingua e cultura persa, ruso, preparación do DELE (Diploma do Español coma Lingua Estranxeira) do que o CDL é examinador oficial, cursos de expresión escrita e expresión oral en español, iniciación á docencia do español como lingua estranxeira (en colaboración co Instituto Cervantes) así coma cursos de lingua para fins específicos (enxeñaría, empresas, CUD, PAS...)

Acreditacións:

O Centro de Linguas é membro de ACLES (Asociación de Centros de Linguas en Ensinanza Superior), de CERCLES (European Confederation of Language Centres in Higher Education) que avalan os exames de acreditación de nivel B1 (inglés, francés e alemán), B2 e C1(inglés) que se realizan no Centro de Linguas.

O CDL é centro examinador do DELE (Diploma do Español coma Lingua Estranxeira) avalado polo Instituto Cervantes e do IELTS (International English Language Testing System) que é o principal exame de lingua inglesa a nivel mundial.

O Centro de Linguas, ademais de dirixirse ao público en xeral, colabora especialmente coa Universidade de Vigo na realización de exames de acreditación necesarios para a comunidade universitaria, como por exemplo alumnado que participa en programas de intercambio en colaboración coa ORI, alumnado de mestrado, etc.

HELA (Higher Education Lecturing Accreditation) e cursos para a docencia en inglés

En colaboración coa Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Institucionais e no marco do Plan de internacionalización lingüística, deseñouse e implementouse o exame HELA, que fixa os criterios e procedementos para a acreditación para a docencia en inglés.

Esta proba complementábase coa organización de cursos específicos destinados ao profesorado da Universidade de Vigo centrados nas competencias necesarias para a impartición de docencia en lingua inglesa.

4.1.2 Bolsas

Bolsas de estudo do MEC. Curso 2013-2014

Tipoloxía de bolsas do MEC e distribución. Curso 2013-2014

	<i>Solicitudes</i>		<i>Concedidas</i>		<i>Denegadas</i>		<i>Incidencias</i>	
	<i>Total</i>	<i>% Mulleres</i>	<i>Total</i>	<i>% Mulleres</i>	<i>Total</i>	<i>% Mulleres</i>	<i>Total</i>	<i>% Mulleres</i>
Bolsas de grao e ciclos	8.324	59,25%	5.360	62,22%	2.962	53,88%	2	50,00%
Bolsas de mestrado	749	65,55%	412	65,05%	336	66,07%	1	100,00%

Total	9.073	59,77%	5.772	62,42%	3.298	55,12%	3	66,67%
-------	-------	--------	-------	--------	-------	--------	---	--------

Durante o curso 2013-2014 solicitáronse 9.073 bolsas financiadas polo Ministerio de Educación (149 menos que no ano anterior) concedéndose o 63,62% das peticións, fronte ao 58,84% do ano anterior.

Convocatorias de bolsas de estudo propias da Universidade de Vigo. Curso 2013-2014

Nº de solicitudes	3.047
% mulleres	60%
Nº de solicitudes concedidas	1.035
% mulleres	56%
Contía total das bolsas	1.324.933 €
Contía media por bolseiro/a	1.280

Sobre un total de 3.047 solicitudes presentadas para a optar a unha bolsa propia da Universidade de Vigo foron aprobadas 1.035, un 35%.

	<i>Nº de solicitudes</i>		<i>Concedidas</i>		<i>Contía total</i>	<i>Contía media por bolseiro/a</i>
	<i>Total</i>	<i>Mulleres</i>	<i>Total</i>	<i>Mulleres</i>		
Bolsa para a formación complementaria no Campus de Pontevedra para o apoio na difusión de actividades culturais e deportivas	13	76,92%	1	0,00%	1.738,88	1.738,88
Bolsas de colaboración na sala de exposicións da Facultade de Belas Artes	8	75,00%	2	100,00%	11.563,86	5.781,93
Bolsas de formación no Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI)	9	66,67%	2	50,00%	18.000,00	9.000,00
Bolsas de colaboración en accións de mellora da calidade nos centros da Universidade de Vigo	91	64,84%	43	51,16%	65.215,00	1.516,63
Bolsas de formación complementaria nos sistemas informáticos	152	30,26%	109	27,52%	308.320,72	2.828,63
Bolsas de colaboración nas accións de mellora da calidade na Área de Deportes	1	0,00%	1	0,00%	669,44	669,44

Bolsas de colaboración para alumnos/as de mestrado	21	52,38%	20	50,00%	100.000,00	5.000,00
Bolsas de formación complementaria no ámbito do desenvolvemento sostible e a xestión ambiental	23	56,52%	2	0,00%	10.560,00	5.280,00
Bolsas de formación na Estación de Ciencias Marinas de Toralla (ECIMAT)	12	91,67%	2	50,00%	18.000,00	9.000,00
Bolsas de formación no Centro de Apoio Científico Tecnolóxico á Investigación (CACTI)	18	61,11%	3	100,00%	27.000,00	9.000,00
Bolsas de formación complementaria nos programas do Plan de Sostibilidade e Medio Ambiente (Plan SUMA)	36	52,78%	5	80,00%	26.400,00	5.280,00
Bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo	196	40,82%	120	40,00%	84.960,00	708
Bolsas comedor propias da Universidade de Vigo	1.873	66,36%	561	69,34%	280.500,00	500
Bolsas en mestrados universitarios oficiais	10	20,00%	4	25,00%	4.000,00	1.000,00
Bolsas Erasmus propias	251	54,98%	68	44,12%	112.500,00	1.654,41
Bolsa de colaboración para a formación complementaria nas operacións das salas de videoconferencia do Campus de Ourense	4	25,00%	1	0,00%	3.043,04	3.043,04
Bolsas de colaboración para a formación complementaria do estudantado coa Área de Normalización	5	80,00%	4	75,00%	14.400,00	3.600,00
Bolsas de mestrado Campus do Mar	4	75,00%	4	75,00%	16.039,76	4.009,94
Bolsas de colaboración para a formación complementaria do estudantado das tres universidades galegas no Campus Dixital do Mar	15	53,33%	7	28,57%	26.660,00	3.808,57
Bolsas de formación complementaria na Oficina de Relacións Internacionais (ORI)	68	67,65%	4	75,00%	12.268,00	3.067,00
Bolsas para a formación complementaria do Campus de Ourense para o apoio en labores de difusión das actividades	50	22,00%	37	13,51%	98.498,16	2.662,11

Bolsas para a formación complementaria nos sistemas informáticos de creación	17	76,47%	3	100,00%	15.246,00	5.082,00
Bolsas para a formación complementaria nos sistemas informáticos da Área de Imaxe	6	83,33%	2	100,00%	9.600,00	4.800,00
Bolsas de formación en competencias horizontais	1	100,00%	1	100,00%	1.338,88	1.338,88
Bolsa de colaboración para a formación complementaria en comunicación-redes sociais	6	33,33%	1	0,00%	3.512,48	3.512,48
Bolsa de colaboración para a formación complementaria en comunicación-internacionalización	10	80,00%	1	100,00%	2.843,04	2.843,04
Bolsas Fórmula Santander.	20	60,00%	2	50,00%	7.844,80	3.922,40
Bolsas Iberoamérica do Banco Santander.	119	51,26%	20	50,00%	31.867,40	1.593,37
Bolsa EEA-NILS para estudantes rasmus de grao e mestrado que realicen a súa mobilidade en Noruega, Islandia ou Liechtenstein	8	50,00%	5	60,00%	12.344,00	2.468,80
Total	3.047		1.035		1.324.933,46	

4.1.3 Residencias

A Universidade de Vigo contou no curso 2013/2014 cos seguintes aloxamentos:

Residencia propia:

- Complexo residencial O Castro (Vigo)

Residencias concertadas:

- Complexo residencial As Burgas (Ourense)
- Residencia concertada A Peregrina (Pontevedra)
- Complexo residencial concertado Alcai (Allariz)

4.1.4 Prácticas e acceso ao mercado laboral

A realización de prácticas externas é unha ferramenta decisiva tanto na formación integral do alumnado como, dun xeito mais institucional, no desenvolvemento das relacións da propia Universidade de Vigo coa súa contorna mais próxima.

As prácticas achegan o alumnado á realidade profesional, facilitando a súa relación cos distintos sectores socioeconómicos e aumentando a súa empregabilidade, pois proporciona competencias,

habilidades e coñecementos de carácter práctico indispensables na súa integración e desenvolvemento profesional.

Por outra banda, as relacións con empresas e institucións que se establecen a través das prácticas externas é un instrumento valioso para testar a formación que está a recibir o alumnado universitario e establecer accións de mellora, ademais de permitir identificar aqueles sectores económicos que presentan maior crecemento e dinamismo.

Prácticas realizadas polo noso alumnado durante o curso 2013-2014

Durante o curso académico 2013-2014 a Área de Emprego xestionou, a través da Fundación Universidade de Vigo, as prácticas académicas externas (as curriculares xestionáronse nos centros) realizadas polo alumnado nos tres campus.

Prácticas académicas externas

<i>Número alumnos/as en prácticas</i>	<i>Curso 2012-2013</i>	<i>Curso 2013-2014</i>
Extracurriculares	1.066	1145
Intracurriculares	1.761	3.312
Nº de convenios	544	669

Durante o curso académico 2013/2014, 1.145 alumnos realizaron prácticas académicas extracurriculares (79 máis que o ano anterior) sendo o 60% das mesmas concedidas a mulleres.

Comparativa ratio alumnos/as en prácticas por ámbito/empresa.

<i>Ámbito</i>	<i>2011/2012</i>			<i>2012/2013</i>			<i>2013/2014</i>		
	<i>Alumnos</i>	<i>Empresas</i>	<i>Ratio</i>	<i>Alumnos</i>	<i>Empresas</i>	<i>Ratio</i>	<i>Alumnos</i>	<i>Empresas</i>	<i>Ratio</i>
Xurídico-social	403	247	1,63	480	301	1,59	545	359	1,52
Tecnolóxico	345	264	1,31	348	238	1,46	396	230	1,72
Científico	113	69	1,64	144	75	1,92	116	55	2,11
Arte e humanidades	25	20	1,25	80	37	2,16	40	35	1,14
Ciencias da saúde	3	2	1,5	14	6	2,33	48	24	2
Total	889	602	1,48	1066	657	1,62	1145	703	1,63

Como se pode apreciar no cadro, a tendencia é a incrementar o número de alumnos/as que participan nestas prácticas e tamén a cantidade de empresas implicadas. Esta circunstancia é especialmente positiva dada a situación de ralentización da actividade económica no país e en especial na contorna.

As prácticas realizáronse no curso académico 2013/2014 en 669 empresas, que se clasifican por sector de actividade e de acordo co seu CNAE do seguinte xeito:

<i>CNAE</i>	<i>Empresas</i>
Actividades profesionais, científicas e técnicas	191
Industria manufactureira	93
Comercio o por maior e o por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	80
Construción	42
Actividades sanitarias e de servizos sociais	41
Información e comunicacións	35
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	35
Actividades administrativas e servizos auxiliares	29
Outros servizos	23
Hostalaría	21
Actividades financeiras e de seguros	18
Educación	18
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	15
Transporte e almacenamento	9
Industrias extractivas	6
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	6
Actividades inmobiliarias	5
Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1
TOTAL	669

4.2 Persoal da Universidade de Vigo

O cadro de persoal laboral da Universidade de Vigo esta constituído polo persoal docente e investigador (PDI), o persoal de administración e servizos (PAS) e o persoal investigador (persoal en formación predoutoral e posdoutoral e polo persoal contratado con cargo a proxectos de investigación). Representa un dos grupos de interese prioritarios para a nosa institución xa que son os que procuran o servizo máis directo e importante aos nosos/as estudantes.

Consideramos que unha das maneiras de ser máis eficientes como institución é promover que o traballo que desenvolve o noso persoal sexa da máxima calidade, deste xeito a Universidade de Vigo trata de aproveitar o seu talento, fomentando as súas capacidades e cumprindo o principio de igualdade de oportunidades, nun ambiente de traballo motivador e enriquecedor. Entendemos que este é un dos xeitos máis importantes de compromiso co noso alumnado e coa sociedade.

<i>Tipo de persoal</i>	<i>Total</i>	<i>% mulleres</i>	<i>% estranxeiros/as</i>
PDI	1.440	41%	1,25%
PAS	694	60%	0,14%
Persoal investigador	849	51%	4,48%
TOTAL	2.983	48%	0,7%

En 2014 traballaron na Universidade de Vigo 2.983 persoas, 11 máis que en 2013 (o 48% deste total son mulleres).

4.2.1 Persoal docente e investigador (PDI)

A súa función prioritaria é a docencia e os labores de investigación e transferencia, así como a asistencia ao estudante e atender as necesidades de xestión. O PDI está composto por funcionarios/as e por persoal contratado: PDI funcionario e PDI laboral.


Persoal docente e investigador (PDI) segregado por categoría e sexo. Ano 2014

	<i>Total</i>	<i>mulleres</i>	<i>% mulleres</i>	<i>Doutoras/es</i>	<i>Total ETC</i>
Catedrático/a de universidade	140	37	26%	140	139,27
Titular de universidade	585	226	39%	585	584,27
Catedrático/a de escola universitaria	25	9	36%	25	24,13
Titular de escola universitaria	86	28	33%	9	86
Titular de escola universitaria (laboral)	7	3	43%	1	6,27
Contratados doutores/as	248	131	53%	248	248
Axudantes	8	4	50%	4	8
Axudantes doutores/as	40	21	53%	40	40
Asociados/as	234	84	36%	37	49,93
Eméritos/as	3	1	33%	3	3
Lectores/as	4	1	25%	0	3,12
Interinos/as	57	38	67%	12	12,61
Visitantes	3	3	100%	3	3
TOTAL	1.440	586	41%	1.107	1.207,60

Respecto do ano 2013, estas cifras supoñen unha redución de 6 puntos porcentuais no número de mulleres axudantes doutoras e un descenso de mulleres con interinidade do 17%.

Sen embargo, no cómputo global, a nómina de PDI doutores/as incrementouse en 33 persoas.

*Persoal docente e investigador segregado por área de coñecemento e xenero.
Ano 2014*



Comparativamente co ano 2013, en 2014 houbo un incremento de contratación de PDI nas áreas de ciencias da saúde, ciencias, ciencias sociais e xurídicas e un descenso leve en enxeñarías, arte e humanidades.

Por ramas científicas, as mulleres son maioría no ámbito da saúde (57%, un 1% máis ca no ano anterior); nas artes e humanidades e na enxeñaría representan o 51% (un 1% menos ca o ano anterior) e 23% respectivamente de mulleres (idéntica cifra ca o ano anterior). En ramas como ciencias mantense a mesma porcentaxe que no 2013 e en ciencias xurídicas a proporción de mulleres PDI pasou do 44% en 2012 ao 47% no ano 2014.

As mulleres representan o 25% dos catedráticos/as, idéntica cifra que na universidade pública estatal e por riba do 15,3% da media das universidades españolas.

Hai que destacar que case a metade (46,15%) dos/as profesores titulares universitarios menores de 40 anos son mulleres e case o 40% de entre 40 e 60 anos (mesmas cifras que en 2013).

Mobilidade do PDI

No marco do programa Erasmus, 89 docentes, 30 mulleres e 59 homes, desprazáronse a universidades europeas para impartir docencia (17 do Campus de Ourense, 10 do Campus de Pontevedra e 62 do Campus de Vigo). Portugal (28), Italia (23), Reino Unido (11), Francia (9) e o restante, en menor número, a diversos países europeos foron os destinos preferentes.

A través do programa Erasmus Mundus GreenIT for the Benefit of Civil Society, catro membros do persoal académico gozaron dunha bolsa de mobilidade: 2 en Túnez e 2 en Marrocos.

Para estadias de investigación desprazáronse 170 PDI, dos que 29 quedaron en España e o resto foron ao estranxeiro.

4.2.2 Persoal de administración e servizos (PAS)

O PAS representa un elemento clave no funcionamento eficaz da universidade xa que presta un apoio imprescindible á comunidade universitaria facilitando múltiples tarefas de xestión.

	Ano 2012			Ano 2013			Ano 2014		
	Total	% mulleres	% fixo	Total	% mulleres	% fixo	Total	% mulleres	% fixo
Persoal laboral	319	41%	87%	315	41%	84%	327	40%	80%
Persoal funcionario	363	78%	93%	361	78%	91%	359	78%	92%
Persoal eventual e altos cargos	4	25%	0%	4	25%	0%	8	25%	0%
TOTAL	686	60%	88%	680	60%	88%	694	60%	86%

Para dar servizo funcional á Universidade de Vigo, en 2014 esta institución contou con 694 persoas (14 máis que no ano 2013) das cales o 60% son mulleres.

Tamén é salientable sinalar que o 78% das mulleres PAS son funcionarias. Sen embargo, soamente o 25% pertencen ao persoal eventual ou altos cargos

PAS funcionario por categoría profesional e xénero

	2013		2014	
	Total	% mulleres	Total	% mulleres
Grupo A1	16	31%	10	40%
Grupo A2	69	75%	68	75%
Grupo C1	210	79%	211	79%
Grupo C2	69	86%	69	84%
Grupo E	1	0%	1	0%
TOTAL	365	77%	359	78%

PAS laboral por categoría profesional e xéneros

	2012		2013		2014	
	Total	% mulleres	Total	% mulleres	Total	% mulleres
Grupo I	58	52%	58	52%	59	51%
Grupo II	12	67%	12	67%	13	62%
Grupo III	143	35%	143	35%	150	37%
Grupo IV	102	40%	102	40%	105	37%
TOTAL	315	41%	315	41%	327	40%

Mobilidade do PAS

O persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo que desexe ampliar a súa formación no estranxeiro pode facelo a través da mobilidade do PAS a institucións de ensino superior no marco do programa Erasmus-STT, co que se pretende fomentar a formación do persoal e a internacionalización da institución.

Pola súa banda, o programa Stella ofrece oportunidades de mobilidade ao persoal de administración e servizos ao fomentar estadias de traballo dunha semana de duración en universidades pertencentes ao Grupo Compostela de Universidades.

Durante o curso 2013-2014, 10 PAS realizaron unha estadia Erasmus (5 mulleres e 5 homes) –catro menos que no ano anterior-, 2 en Alemaña, 1 en Dinamarca, 2 en Francia, 1 en Hungría e 4 en Reino Unido.

No marco do proxecto financiado pola Unión Europea Erasmus Mundus GreenIT for the Benefit of Civil Society“, a Universidade de Vigo enviou 1 membro do PAS a Marrocos.

4.2.3 Outro persoal investigador. Ano 2014

Este grupo esta composto polo persoal en formación predoutoral e postdoutoral e polo persoal contratado con cargo a proxectos de investigación.

	<i>Total</i>	<i>% mulleres</i>	<i>% estranxeiros/as</i>
Persoal de programas de investigación	270	57%	4%
Persoal contratado con cargo a proxectos	494	45%	4%
Bolseiros/as investigación e proxectos	62	66%	5%
Persoal técnico de programas de investigación	23	57%	9%
TOTAL	849		

4.3 Beneficios sociais

A Universidade de Vigo, comprometida co seu persoal, mantén varios programas de beneficios sociais, co obxecto de contribuír ao benestar e á mellora da calidade de vida dos membros da comunidade universitaria.

Ademais dos pagos salariais, o persoal da nosa universidade ten outros beneficios sociais de diferentes tipoloxías que no ano 2014 deu como resultado a seguinte distribución e importe:

Con cargo ao capítulo 1

<i>Nº persoas beneficiarias</i>	<i>Conceptos</i>	<i>Importe total</i>
462	Acción social	180.099,14 €
233	Complemento ILT	391.297,10 €
51	Gratificación por xubilación anticipada	481.278,18 €
2	Gratificación por xubilación	32.013,60 €
419	Indemnización	33.075,19 €
1	Indemnización por invalidez	6.000,00 €
8	Prestación de accidentes	9.536,45 €
115	Prestación de enfermidade	505.985,34 €

Con cargo ao capítulo 6

<i>Nº persoas beneficiarias</i>	<i>Conceptos</i>	<i>Importe total</i>
21	Complemento ILT	1.758,80 €
685	Indemnización	123.369,54 €
2	Prestación de accidentes	5.134,93 €
11	Prestación de enfermidade	9.327,55 €

Exencións de matrícula na universidade do persoal propio e doutras universidades. Ano 2013-2014

Nº persoas	253
Importe total	190.880,64 €

O persoal beneficiado por este concepto na Universidade de Vigo representa o 12% do cadro de persoal.

	<i>Solicitudes</i>	<i>Concedidas</i>	<i>Importe repartido</i>
AXUDA 1 minusvalía	55	50	27.660,50 €
AXUDA 2 coidado de fillos 0-6 anos	210	197	46.118,90 €
AXUDA 3 estudos	532	469	46.098,77 €
AXUDA 4 tratamentos saúde	609	551	59.023,61 €
AXUDA 5 extraordinarias	9	0	0 €

Durante o ano 2014 concedéronse un total de 32 anticipos de salario dos cales un 44% corresponderon a mulleres. A contía total investida foi de 77.094,40 €.


Intercambio vacacional 2014

Nº solicitudes Nadal e Semana Santa	126
Solicitudes admitidas (total)	136
Solicitudes admitidas (mulleres)	76

4.4. Formación do persoal

Formación PDI

2014 Plan de formación (PDI) Matrícula




Formación PAS


Custo formación interna PAS

<i>Campus</i>	<i>Totales</i>
Ourense	10.820 €
Pontevedra	4.215 €
Vigo	40.384 €
Virtual	18.294 €
TOTAL	73.713 €


Plan de formación interna PAS. Campus – Áreas




2014 Plan de formación interna (PAS) por campus



2014 Plan de formación (PDI) Matrícula



Plan de formación externa PAS por Campus



Programa de prevención de riscos laborais

A Universidade de Vigo ten concertada a actividade de vixilancia da saúde coa entidade Universal Prevención y Salud, Sociedad de Prevención S.L.U.

Accidentes e traballo durante o ano 2014:

ACCIDENTES					
En misión	1	—	BAIXA	Sen baixa 36 Con baixa 13	
In Itinere	6		CAMPUS	Ourense 2 Pontevedra 7 Vigo 40	
Lugar de traballo	42			SEXO	Muller 27 Home 22
Total	49			COLECTIVO	Investigador/a 13 PAS 29 PDI 7

En cumprimento da Lei 31/1995 do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e en concreto do seu artigo 19 sobre formación de traballadores, o SPRL (Servizo de Prevención de Riscos Laborais) realizou durante o ano 2013 os cursos en materia de prevención de riscos que a continuación se detallan:

CAMPUS DE VIGO

PROGRAMA FORMATIVO SPA

<i>Dirixido a</i>	<i>Cursos</i>	<i>Edicións</i>	<i>Horas</i>	<i>Asistentes</i>
Membros dos equipos de primeiros auxilios, PDI e PAS	Primeiros auxilios	3	3	35
PDI e PAS que manipulen cargas	Manipulación manual de cargas	1	2	4
PDI e PAS que realicen traballos en altura	Traballos en altura	1	2	10
PDI e PAS que traballen en laboratorio	Riscos en laboratorios	1	4	11
Xefes/as de servizo directores/as, decanos/as, directores/as de departamento e administradores/as de ámbito e campus	Prevención e afrontamentos de situacións de conflito	2	2	34
PDI e PAS que realicen traballos eléctricos	Riscos eléctricos	1	2	5

<i>Dirixido a</i>	<i>Campaña</i>	<i>Edicións</i>	<i>Horas</i>	<i>Asistentes</i>
PDI e PAS	A voz como ferramenta de traballo	1	4	10
Postos de tipo administrativo ou biblioteca	Trastornos músculo-esqueléticos	1	2	8

CAMPUS DE OURENSE

PROGRAMA FORMATIVO SPA

<i>Dirixido a</i>	<i>Cursos</i>	<i>Edicións</i>	<i>Horas</i>	<i>Asistentes</i>
Membros dos equipos de primeiros auxilios, PDI e PAS	Primeiros auxilios	2	3	32
Xefes/as de servizo directores/as, decanos/as, directores/as de departamento e administradores/as de ámbito e campus	Prevenición e afrontamento de situacións de conflito	1	2	5

<i>Dirixido a</i>	<i>Campañas</i>	<i>Edicións</i>	<i>Horas</i>	<i>Asistentes</i>
PDI e PAS	A voz como ferramenta de traballo	1	4	6
Postos de tipo administrativo ou biblioteca	Trastornos músculo-esqueléticos	1	2	6

PROGRAMA FORMATIVO SPP

<i>Dirixido a</i>	<i>Cursos</i>	<i>Edicións</i>	<i>Horas</i>	<i>Asistentes</i>
Comunidade universitaria	Obradoiro de prevención de riscos laborais	1	33	13

CAMPUS DE PONTEVEDRA

PROGRAMA FORMATIVO SPA

<i>Dirixido a</i>	<i>Cursos</i>	<i>Edicións</i>	<i>Horas</i>	<i>Asistentes</i>
Membros dos equipos de primeiros auxilios, PDI e PAS	Primeiros auxilios	2	3	5
PDI e PAS que realicen traballos en altura	Traballos en altura	1	2	10

<i>Dirixido a</i>	<i>Campaña</i>	<i>Edicións</i>	<i>Horas</i>	<i>Asistentes</i>
PDI e PAS	A voz como ferramenta de traballo	1	4	7

VIDEOCONFERENCIAS

PROGRAMA FORMATIVO SPA

<i>Dirixido a</i>	<i>Cursos</i>	<i>Edicións</i>	<i>Horas</i>	<i>Asistentes</i>
PDI e PAS	Hábitos saudables: obesidade	1	3	14

PROGRAMA FORMATIVO SPP

<i>Dirixido a</i>	<i>Campaña</i>	<i>Edicións</i>	<i>Horas</i>	<i>Asistentes</i>
Novas incorporacións	Formación inicial prevención de riscos laborais	4	2:30	48

A DISTANCIA

PROGRAMA FORMATIVO SPA


<i>Dirixido a</i>	<i>Cursos</i>	<i>Edicións</i>	<i>Horas</i>	<i>Asistentes</i>
PDI e PAS que manipulen cargas	Manipulación manual de cargas	1	2	1
Persoal da Unidade de Transporte e Distribución	Condutores de vehículos para o transporte de viaxeiros por estrada	1	2	8
PDI e PAS	Pantallas de visualización de datos	1	2	1
PDI e PAS	Prevención de riscos laborais. Nivel básico. Anexo I	1	50	1
PDI e PAS que realicen traballos eléctricos	Riscos eléctricos	1	3	1
Persoal da Unidade de Xardinaría e Zonas Verdes	Xardinaría	1	2	3

OUTROS

<i>Dirixido a</i>	<i>Cursos</i>	<i>Edicións</i>	<i>Horas</i>	<i>Asistentes</i>
Equipos de intervención	Loita contra incendios (Seganosa)	3	4	54

Equipos de alarma e evacuación	Formación básica para Equipos de Alarma e Evacuación (Seganosa)	4	4	39
PDI e PAS que realicen traballos en altura	Traballos en altura (Verticalia)	4	10	31

2014 Servizo de prevención e riscos laborais
Formación



4.5 Promovendo a igualdade de xénero e a conciliación da vida familiar

Igualdade de xénero

Tendo en conta que a igualdade como valor incorpórase na propia da misión da institución, debe ser un marco de referencia que oriente as aspiracións e os comportamentos, á vez que debe trasladarse á praxe da vida universitaria. Por ese motivo a Universidade de Vigo constituíu a Unidade de Igualdade no ano 2006 por acordo do Consello de Goberno, como instrumento de xestión político responsable da incorporación transversal do principio de igualdade efectiva entre os homes e as mulleres en todos os ámbitos da comunidade universitaria

A Unidade de Igualdade ten encomendada a tarefa de promover medidas que garantan o acceso en igualdade de condicións á investigación e aos estudos universitarios, ao traballo e á promoción profesional das mulleres e dos homes na Universidade de Vigo, así como realizar o seguimento do desenvolvemento e cumprimento da lexislación e dos plans e medidas que se adopten na materia.

En relación a ese seguimento, esta serie de memorias, así como noutros informes da Universidade de Vigo, ofrece datos desagregados relativos a presenza da muller na nosa institución.

Balace da Unidade de Igualdade. Ano 2013-2014:

https://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/estudios_programas/actividades/informes/memorias.html

http://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/igualdade/2_Informe_de_avalaci_n_do_plan_de_igualdade.pdf

A Unidade de Igualdade consolidou durante o curso 2013-2014 as iniciativas que estaba levando a cabo dende anos anteriores para avanzar na igualdade real de oportunidades entre as mulleres e os homes da comunidade universitaria. Unha vez aprobado o I Plan de igualdade entre mulleres e homes (que reúne o conxunto de accións que se deberán promover para lograr a igualdade real na comunidade universitaria) os labores centráronse na súa implantación e execución das accións recollidas nel.

Ao longo de 2013-14, a Unidade de Igualdade desenvolveu un calendario de actividades que estiveron centradas nos seguintes asuntos:

- Xornadas de innovación docente e investigación
- 13 de decembro de 2013 tivo lugar a «III Xornada de innovación en xénero. Docencia e investigación» dirixida a todo o persoal docente e investigador das universidades do Estado na que se presentaron 17 comunicacións procedentes de universidades como a de Burgos, a Autónoma de Barcelona ou a Complutense de Madrid.

Á xornada asistiron 84 persoas, 66 mulleres e 18 homes, e foi editada unha publicación que recolle as comunicacións co seu correspondente ISBN

- O 12 de xuño de 2014 tivo lugar a «II Xornada universitaria galega en xénero» organizada polas tres universidades galegas e na que participou persoal docente e investigador de todas elas. A esta xornada asistiron 103 persoas, 83 mulleres e 20 homes.
- O día 8 de marzo, co motivo do Día Internacional das Mulleres, realizouse un acto institucional no que o reitor fixo entrega do segundo Premio UVIGUALA que lle foi concedido ás coordinadoras do extinto Programa de posgrao oficial en estudos en xénero.
- Axudas convocadas pola Unidade de Igualdade

No ano académico 2013-2014 a Unidade de Igualdade levou a cabo, a través das súas convocatorias de axudas, unha serie de actividades para impulsar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na Universidade de Vigo en colaboración con toda a comunidade universitaria. Algunhas delas foron:

- Ciclo de cine «Pensar o cine V: A discriminación de xénero a debate».
- Ciclo de conferencias-obradoiros «As diferentes manifestacións da violencia de xénero».
- Obradoiro «A arte ten xénero? Unha reflexión sobre a arte e o xénero».
- Recital-concerto «Te solté la rienda».
- Xornada de formación en xénero «As literatas e o cinema».
- Xornada «A imaxe da muller na publicidade comercial».
- Conferencia de Anne Fogerty: «Construcións de xénero na literatura irlandesa de comezos do século XX: As mulleres na obra de James Joyce The Dead»
- Xornada «A perspectiva de xénero na educación física e na actividade físico-deportiva do século XXI. Reflexións e accións».
- «Obradoiro de formación en violencia de xénero para intérpretes».

- Mesa redonda «A instrumentalización do corpo das mulleres. O dereito a decidir a interrupción do embarazo».

Ademais realizáronse distintas actividades de sensibilización contra a violencia de xénero, nomeadamente o 25 de novembro dentro Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

Actividades de visibilización

A Unidade de Igualdade ten como unha das súas prioridades contribuír á visibilizar as manifestacións artísticas das mulleres e a súa incursión na sociedade da contorna máis próxima .

Con ese motivo, un ano máis e coa mesma orientación, levouse a cabo o terceira edición do proxecto de visibilización das obras artísticas das alumnas da Facultade de Belas Artes de Pontevedra ~~ARTISTAS~~ que repartiu máis de 50.000 postais de balde entre toda a comunidade universitaria.

A novidade desta edición é que o proxecto conseguiu entrar nos dous centros de arte contemporánea de referencia en Galicia, o Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) e o Centro de Arte Galega Contemporánea en Santiago (CGAC).

Actividades de formación

Durante este ano académico 2013-2014 a Unidade de Igualdade organizou en colaboración co Servizo de Persoal de Administración e Servizos a segunda edición do «Curso de políticas públicas da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e promoción profesional». O curso tivo unha duración de 16 horas desenvolveuse nos campus de Ourense e de Vigo.

Colaboración con outras institucións

Entre o 28 de outubro e o 13 de novembro de 2013, púidose visitar na Casa das Artes de Vigo a exposición «Mulleres baixo sospeita. Memoria e sexualidade (1930-1980)» que se organizou en colaboración coa Concellaría de Igualdade.

Informes emitidos

Durante o curso 2013-2014, a Unidade de Igualdade elaborou e difundiu a través da súa páxina web un informe sobre a participación feminina nos órganos de goberno dos centros e departamentos da Universidade de Vigo.

Recursos para impulsar a perspectiva de xénero

Na páxina web da unidade está dispoñible o *Glosario de termos en políticas de igualdade e estudos en xénero* elaborado e editado pola propia Unidade de Igualdade.

Ademais, elaborouse a *Guía de recursos e medidas de apoio á conciliación* que se pode consultar tamén na páxina web da Unidade.

Premios

Convocouse a segunda edición do Premio Antonia Ferrín Moreiras de creación de materiais e recursos docentes con perspectiva de xénero que o xurado declarou deserto.

Participación en encontros, xornadas e seminarios

No ano 2014, a Unidade de Igualdade participou nas seguintes reunións científicas:

- IX Xornadas de formación, educación, xénero e igualdade organizadas en Santiago de Compostela os días 20 e 21 de marzo e onde a Universidade de Vigo interveu na mesa «Accións e políticas de igualdade de xénero no contexto da educación superior».
- VII Encontro estatal das unidades de igualdade das universidades públicas españolas realizado en Valencia os días 5 e 6 de xuño.
- V Congreso Internacional Investigación y Género que tivo lugar en Sevilla os días 3 e 4 de xullo.

Para un detalle maior da avaliación do plan de igualdade 2012-2014 pódese acceder ao seguinte enlace:

http://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/igualdade/2_Informe_de_avaliacixn_do_plan_de_igualdade.pdf

Conciliación da vida familiar e laboral

Situación administrativa por conciliación familiar. Ano 2014

	PAS	PDI	TOTAL	% MULLERES
Excedencia por coidado de fillos	3	0	3	100%
Excedencia voluntario por agrupación familiar	0	1	1	100%
Permiso paternidade	10	22	32	6%
Permiso por parto	9	23	32	97%
Redución xornada	51	4	55	71%

No ano 2014, 2 homes iniciaron adaptación de xornada. Continuaron coa adaptación concedida en anos anteriores 6 homes e 10 mulleres.

A Universidade de Vigo pon a disposición dos seus traballadores dúas escolas infantís (en Pontevedra e Ourense) para nenos e nenas de 0 a 3 anos (que inclúe tamén o Plan Madruga). Acolleron nas súas instalacións 17 nenos e nenas dos que se ocuparon tres persoas.

Ademais, a través do proxecto Campus Camp, a nosa institución facilita ao persoal o coidado dos fillos e fillas durante os períodos vacacionais. Durante o ano 2014, 157 nenos e nenas puideron gozar deste servizo.

Histórico de participación

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Nº de nenos/as	100	185	194	187	205	217	198	177	176	157

A Unidade de Igualdade elaborou unha guía dos equipamentos locais (públicos e privados) dos que poden botar man os traballadores/as da universidade cara a conciliar a vida laboral e a familiar.

Medidas de apoio á inserción de persoas con necesidades específicas de apoio

Durante o curso 2013/14 apróbase o Regulamento de atención ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo, co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades e a efectiva atención a estes/as estudantes.

A Universidade de Vigo, sensible á inserción e preocupada pola integración das persoas con discapacidade na nosa comunidade, promove dende todos os ámbitos que estas persoas teñan visibilidade e o seu lugar como calquera outra persoa.

Número de persoas pertencentes á comunidade universitaria con algún tipo de discapacidade. Ano 2013-2014

	<i>Grao (13/14)</i>	<i>Mestrado (13/14)</i>	<i>Doutorament o (13/14)</i>	<i>PAS (2014)</i>	<i>PDI (2014)</i>
Total	18444	2095	1740	694	1440
Con discapacidade	141	27	14	30	25
Homes	73	13	7	13	16
Mulleres	68	14	7	17	9
De estudos de ciencias sociais e xurídicas	62	12	4	-	7
De estudos de enxeñaría e arquitectura	29	6	2	-	6
De estudos de artes e humanidades	22	7	6	-	6
De estudos de ciencias da saúde	24	2	0	-	1
De estudos de ciencias	4	0	2	-	5

Durante o curso 2013-2014 a Universidade de Vigo asinou diferentes convenios de cooperación con colectivos implicados con persoas con capacidades diferentes.

Algúns deles foron:

- Convenios con diversas asociacións, polos que hai dúas persoas con síndrome de Down colaborando en servizos da Universidade.
- Participación no proxecto europeo Erasmus Plus KA2 preparando a estudantes con discapacidade para o mercado global.
- Programa de voluntariado de formación en inglés para nenos/as xordomudos.

4.6 Reforzando os dereitos dos membros da comunidade universitaria

A participación e a representación dos colectivos con vinculación á universidade (persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, e alumnado) está prevista no marco normativo básico que regula a institución e que establece os mecanismos de participación electoral, como electores e elixibles, para a elección de membros dos órganos de goberno e comisións. Constitúe esta a forma principal de participación, xa que a través dos órganos e comisións os representantes dos estudantes e do persoal, participan nas decisións relacionadas co funcionamento ordinario da universidade.

4.6.1 Tribunal de Garantías

https://www.uvigo.es/uvigo_gl/organizacion/organos/tribunal_garantias/

O Tribunal de Garantías é unha institución singular, específica e inconfundible dentro do sistema institucional universitario. É unha institución de garantía á que se lle encomenda a defensa dos dereitos dos membros da comunidade universitaria. Así mesmo constitúe un factor de impulso e mellora á hora de lograr unha administración máis xusta e eficaz. Investiga como funcionan os órganos administrativos, os administradores, nas súas relacións cos administrados a fin de detectar retrasos, silencios, arbitrariedades, irregularidades ou mala fe. Polo tanto é un procedemento de escoita dos grupos de interese da universidade.

O Tribunal de Garantías está facultado para admitir calquera queixa ou reclamación que lle sexa presentada en que estea a ser denunciado o incumprimento da legalidade ou calquera dano aos intereses lexítimos da persoa denunciante nas relacións coa Universidade de Vigo, aínda que non haxa infracción estrita da legalidade.

No exercicio das súas funcións, o tribunal actuará formulando suxestións, propostas e recomendacións aos responsables inmediatos dos servizos da universidade, aos responsables máximos universitarios e á persoa ou persoas implicadas sobre as medidas que se deberían adoptar para eliminar as deficiencias ou problemas observados, e, igualmente, achegando posicións das partes en conflito. Neste sentido as atribucións do Tribunal de Garantías converxen, nun sentido amplo e práctico, coa implementación da responsabilidade social universitaria na Universidade de Vigo.

Está composto por catro membros, 3 homes e 1 muller.

A función deste tribunal abarca fundamentalmente tres áreas de actuacións:

- a) Supervisión, comprobación e inspección do funcionamento da administración universitaria, facendo que se cumpra a normativa e se respecten os dereitos e os intereses lexítimos das persoas.
- b) Mediar entre as partes a fin de construír canles de comunicación e diálogo, facilitar avinzas e acordos, e previr, desactivar ou resolver conflitos
- c) Recomendar, propoñer e promover cambios e melloras no conxunto do sistema universitario.

Número de expedientes por sectores. Ano 2014

<i>Número total de expedientes: 55</i>	
Sector estudantes: 45	81,8 %
Sector PDI: 8	14,6 %
Sector PAS: 2	3,6 %

Ademais destas accións, o defensor realizou en 2014 un número significativo de reunións e encontros, na maioría dos casos co alumnado, pero tamén co profesorado, PAS, persoal directivo, membros do equipo de goberno, reitor, directores de centro, decanos, representantes sindicais, etc. En determinadas ocasións, e sempre que as circunstancias o aconsellaron, outros membros do Tribunal de Garantías participaron nas entrevistas.

Algunhas delas tiveron como finalidade principal informar acerca do contido, procedemento e alternativas relacionadas cos asuntos obxecto da reclamación, queixa ou consulta presentadas; outras entrevistas estiveron orientadas á busca e posta en marcha dun procedemento que permitira a mediación e a xestión dun conflito suscitado; outros encontros, en cambio, só pretendían mellorar a comunicación cos distintos actores que integramos o sistema institucional universitario, a fin de acadar unha mellor cooperación, coordinación e información entre as partes.

Recomendacións e propostas formuladas no Tribunal de Garantías:

- a) Recomendación dirixida ao decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais para que se introduza na memoria da titulación do Grao en Administración de Empresas a posibilidade de validación de créditos pola experiencia laboral e profesional acreditada segundo a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
- b) Recomendación dirixida ao reitor para que, no uso das súas competencias, inste aos órganos administrativos afectados a evitar demoras inxustificadas nas súas respostas para evitar prexuízos aos administrados.
- c) Recomendación dirixida ao reitor en relación coa queixa presentada por un profesor polos feitos acaecidos na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais durante a celebración da festa de San Xosé, ao considerar que son feitos graves que atentan contra a integridade física das persoas e contra a súa dignidade (dereitos fundamentais que deben ser garantidos).
- d) Recomendación dirixida á responsable da Oficina de Relacións Internacionais, como consecuencia da queixa dunha alumna que non pode compatibilizar os seus estudos cunha bolsa de colaboración na devandita oficina a causa do horario.
- e) Recomendación dirixida ao xerente motivada pola queixa dunha traballadora desta universidade relacionada co dereito á conciliación da vida profesional coa persoal e familiar para as persoas con cargas familiares.
- f) Recomendación dirixida á secretaría xeral en relación coas eleccións á Xunta de Persoal Funcionario de Administración e Servizos, para que esta garanta que os horarios de votacións se adapten ao horario laboral de todo o electorado, sen obrigar en ningún caso a ningunha persoa a utilizar o voto por correo, que, segundo se recolle na lexislación, é unha opción voluntaria.

g) Recomendación dirixida ao xefe da Sección de Posgrao e Formación Continua para que estude a posibilidade de revisar o actual sistema de información e comunicación dos premios extraordinarios de doutoramento, de tal xeito que garantan que os interesados poidan recibir no tempo e na forma axeitados, e con todas as garantías, a información pertinente.

Entre as entidades ás que pertence o Tribunal de Garantías cómpre destacar as seguintes:

a) Conferencia Estatal de Defensores Universitarios de España (CEDU), da que o Tribunal de Garantías é membro fundador. No mes de outubro de 2014 tivo lugar en Badaxoz o congreso anual, no que o presidente do Tribunal de Garantías participou no proceso de estudo e debate de catro relatorios presentados sobre os seguintes temas:

«Asignaturas con resultados anómalos», «Copia, fraude intelectual, derechos de autor y propiedad intelectual», «Procesos de anulación de matrícula y devolución de importes» e «Las defensorías universitarias en el ámbito iberoamericano».

b) European Network of Ombudsmen in Higher Education (ENOHE)

Como rede informal, a ENOHE está aberta a todos os defensores universitarios de Europa e doutras partes do mundo; o seu obxectivo principal é compartir coñecementos e experiencias e fortalecer a institución coa finalidade de mellorar a gobernanza dos nosos sistemas universitarios.

O Tribunal de Garantías participa regularmente nestes encontros. No mes de maio do 2014 celebrouse en Varsovia (Polonia) a 11th Annual Conference da ENOHE referida a Higher Education Ombudsmen and Empowerment: how to make it work, na que participou o defensor.

c) Red de Defensores, Procuradores y Titulares de Organismos de Derechos Universitarios Mexicanos (REDDU). Trátase da organización máis activa no contexto de toda a área latinoamericana, o que facilita o enlace e a comunicación cos defensores de toda a rexión.

d) Rede de Defensores Universitarios de Galicia (REDUGA)

e) Por último, é preciso facer referencia aos contactos mantidos cos nosos colegas do norte de Portugal, os «provedores do estudante», que están encamiñados a acadar unhas relacións fluídas e estables. En xuño do ano 2014 tivo lugar un encontro na Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro entre os defensores de Galicia e os provedores portugueses.

4.6.2 Caixa de queixas, suxestións e parabéns

<https://seix.uvigo.es/uv/web/qsp/>

As queixas e suxestións son mecanismos activos de participación cidadá, que serven de gran axuda ás administracións públicas para mellorar a calidade do servizo público prestado. O procedemento permite a cidadanía trasladar de xeito áxil e simple á Administración, os motivos da súa insatisfacción, así como as propostas de mellora que considere oportunas.

En xuño de 2014 o sistema de queixas, suxestións e parabéns da Universidade de Vigo estrea novo formato coa implantación dunha aplicación informática que permite que as QSP poidan ser presentadas e respondidas desde a páxina web institucional, coas novas prestacións e facilidades que isto supón. Con esta nova plataforma a persoa usuaria pode ademais consultar en todo momento o estado de tramitación da QSP presentada, incrementando de xeito salientable a transparencia na

xestión. Este sistema que permite unha reposta rápida e sinxela, forma parte dos programas de modernización e mellora continua da xestión.

Nesta primeira fase implántase o procedemento informático en servizos centrais, contemplando a ampliación da súa cobertura a centros no ano 2015.

5. *Transparencia e sustentabilidade na xestión económica*

Neste capítulo infórmase ás partes interesadas sobre o desempeño económico en xeral, do grao de cumprimento do seu orzamento e dos resultados económicos obtidos pola Universidade de Vigo durante o exercicio.

A institución elabora anualmente un resumo da conta anual do exercicio 2014, un documento que a súa vez emana da Conta anual do exercicio 2014. Estes documentos conteñen e amplía moita da información exposta neste apartado e pode ser consultado no seguinte enlace: https://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/estudios-programas/Resumo_Conta_Anual_2014_Uvigo.pdf

A Universidade de Vigo procura que o principio de transparencia na xestión sexa unha conduta real da institución, dirixido a garantir un comportamento legal, ético e responsable socialmente.

5.1. *Xestión orzamentaria e situación económico-patrimonial da Universidade de Vigo*

O orzamento da Universidade de Vigo recolle as obrigas que, como máximo, pode recoñecer a institución, así como os dereitos que se prevén liquidar durante o correspondente exercicio, e apróbase en equilibrio, cumprindo cos principios da sustentabilidade financeira e consonte o teito de gasto establecido para dito exercicio.

O orzamento inicial do exercicio 2014 aprobouse por un importe de 159.655.119 euros, un 2,18% menos do que o exercicio precedente. Na primeira columna do cadro 1 recóllense os créditos iniciais por capítulos aprobados no orzamento de 2014.

Orzamento de ingresos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2014 (€)

<i>Capítulos</i>	<i>Créditos iniciais</i>	<i>Modificacións</i>	<i>Créditos definitivos</i>
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.774.500	334.144	16.108.644
IV. Transferencias e subvencións correntes	110.715.000	2.516.514	113.231.514
V. Ingresos patrimoniais	426.000	7.138	433.138
OPERACIÓNS CORRENTES	126.915.500	2.857.795	129.773.295
VII.-Transferencias e subvencións capital	17.889.000	114.768	18.003.768
OPERACIÓNS DE CAPITAL	17.889.000	114.768	18.003.768
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	144.804.500	2.972.563	147.777.063
VIII. Variación de activos financeiros	14.850.619	7.004.978	21.855.597
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	14.850.619	7.004.978	21.855.597
TOTAL	159.655.119	9.977.541	169.632.660

Ao longo do exercicio realizáronse modificacións orzamentarias que supuxeron un incremento de 9.977.541 € sobre o orzamento inicial. Na segunda columna do cadro detállanse por capítulos as modificacións orzamentarias realizadas e que veñen significando un 22,73% menos que as do exercicio anterior.

Na terceira columna reflíctense os créditos definitivos, resultado de engadir aos créditos iniciais as modificacións de crédito, e que supoñen unhas previsións definitivas de ingresos de 169.632.660 €, un 3,69% menos que o do exercicio precedente.

Orzamento de gastos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2014 (€)

<i>Capítulos</i>	<i>Créditos iniciais</i>	<i>Modificacións</i>	<i>Créditos definitivos</i>
I. Gastos de persoal	89.190.380	1.162.283	90.352.663
II. Gastos correntes en bens e servizos	28.112.538	1.888.368	30.000.906
III. Gastos financeiros	50.000	360.000	410.000
IV. Transferencias correntes	6.566.600	899.808	7.466.408
V. Fondo de continxencia	360.000	-359.323	677
OPERACIÓNS CORRENTES	124.279.518	3.951.137	128.230.655
VI. Investimentos reais	32.015.601	6.026.098	38.041.699
OPERACIÓNS DE CAPITAL	32.015.601	6.026.098	38.041.699
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	156.295.119	9.977.235	166.272.354
VIII. Activos financeiros	160.000	306	160.306
IX. Pasivos financeiros	3.200.000	0	3.200.000
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	3.360.000	306	3.360.306
TOTAL	159.655.119	9.977.541	169.632.660

A diferenza entre os créditos iniciais e os créditos definitivos vén dada polas modificacións de crédito realizadas. No seguinte cadro amósase a evolución do orzamento inicial e definitivo da universidade e das modificacións orzamentarias no período 2010 a 2014.

Evolución do orzamento e as súas modificacións 2010-2014 (€)

	2010	2011	2012	2013	2014
Presuposto inicial	176.000.320	167.903.853	162.969.745	163.216.352	159.655.119
Modificacións orzamentarias	22.633.252	14.506.050	15.826.462	12.912.506	9.977.541
<i>Xeracións de crédito</i>	2.676.773	1.388.059	6.766.906	1.621.282	2.972.563
<i>Incorporación de remanentes</i>	19.956.478	13.117.991	9.059.556	11.291.225	7.004.978
<i>Transferencias de crédito</i>	1.646.826	5.702.449	2.494.981	453.119	4.935.103
Orzamento definitivo	198.633.572	182.409.903	178.796.207	176.128.858	169.632.660

Evolución do resultado orzamentario

A universidade mantén nos últimos anos unha liña de estabilidade nos ingresos, cunha redución no ano 2014 do 3,01% respecto do ano anterior.

Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2010 a 2014 (€)

	2010	2011	2012	2013	2014
Ingresos (dereitos recoñecidos)	157.969.205	155.204.321	148.355.503	151.150.166	146.593.087
% variación anual	-10,71%	-1,75%	-4,41%	1,88%	-3,01%

A universidade segue esforzándose para equilibrar as súas contas e axeitar os seus gastos as súas disponibilidades financeiras.

Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2010 a 2014 (€)

	2010	2011	2012	2013	2014
Gastos (obrigas recoñecidas)	169.781.026	154.660.658	148.728.461	142.360.844	147.443.760
% variación anual	1,52%	-8,91%	-3,84%	-4,28%	3,57%

Balance de situación da Universidade de Vigo

O balance é o estado económico-financiero onde se amosa a situación patrimonial da universidade a 31 de decembro de 2014. Os datos amosan a solidez da posición da Universidade de Vigo.

Balance de situación da UVigo 2014-2013 (€)

<i>DESCRICIÓN</i>	<i>Exercicio 2014</i>	<i>Exercicio 2013</i>
A) ACTIVO NON CORRENTE	214.966.882,59	219.851.849,16
I. Inmobilizado intanxible	560.868,89	691.995,01
II. Inmobilizado material	208.189.686,44	213.297.291,13
III. Inversións inmobiliarias	340.000,00	0,00
IV. Inversións financeiras a longo prazo en entidades do grupo	5.836.604,94	5.856.277,52
V. Inversións financeiras a longo prazo	39.722,32	6.285,50
B) ACTIVO CORRENTE	71.667.357,98	72.229.562,63
III. Debedores e outras contas a cobrar	48.181.772,38	36.113.625,91
V. Inversións financeiras a curto prazo	536.489,75	532.542,68
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	22.949.095,85	35.583.394,04
TOTAL ACTIVO (A+B)	286.634.240,57	292.081.411,79
A) PATRIMONIO NETO	244.491.870,21	251.454.964,70
I. Patrimonio	268.318.132,87	268.318.132,87
II. Patrimonio xerado	-54.777.799,47	-48.992.249,28
III. Outros incrementos patrimoniais ptes resultados	30.951.536,81	32.129.081,11
B) PASIVO NON CORRENTE	23.798.993,76	21.595.193,92
I. Provisións a longo prazo	10.495.112,06	5.085.545,35
II. Débedas a longo prazo	13.303.881,70	16.509.648,57
C) PASIVO CORRENTE	18.343.376,60	19.031.253,17
I. Provisións a curto prazo	153.158,67	0,00
II. Débedas a curto prazo	3.250.000,00	3.200.000,00
IV. Acredores por operacións de xestión	5.316.506,44	5.397.985,58
V. Axustes por periodificación	9.623.711,49	10.433.267,59
TOTAL PASIVO (A+B+C)	286.634.240,57	292.081.411,79

5.2. Relación económica coas partes interesadas

No referido aos gastos de persoal, o seu importe acadou no 2014 os 90.231.284 €, manténdose nunhas cifras similares ás do exercicio 2013.

Conta do resultado económico patrimonial da UVigo 2014-2013 (€)

<i>DESCRIPCIÓN</i>	<i>Exercicio 2014</i>	<i>Exercicio 2013</i>
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais	15.361,96	29.177,77
2. Transferencias e subvencións recibidas	125.614.425,55	121.129.244,41
3. Ventas netas e prestación de servizos	22.374.876,60	18.366.192,59
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	5.296.607,17	4.406.004,67
<i>A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA</i>	<i>153.301.271,28</i>	<i>143.930.619,44</i>
8. Gastos de persoal	105.596.260,11	96.440.097,51
9. Transferencias e subvencións concedidas	6.152.974,26	6.502.059,98
11. Outros gastos de xestión ordinaria	41.634.688,60	34.273.809,84
12. Amortizacións de inmovilizado	10.168.142,08	10.136.252,55
<i>B) TOTAL GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA</i>	<i>163.552.065,05</i>	<i>147.352.219,88</i>
I. Resultado da xestión ordinaria (A-B)	-10.250.793,77	-3.421.600,44
13. Deterioro do valor e resultados polo alleamento do inmovilizado non financeiro e activos	-1.021,36	-2.097.531,23
14. Outras partidas non ordinarias	169.910,91	165.740,33
II. Resultado das operacións non financeiras (I-13+14)	-10.081.904,22	-5.353.391,34
15. Ingresos financeiros	332.211,87	345.514,89
16. Gastos financeiros	-1.469.346,54	-142.498,65
20. Deterioro do valor, baixas e alleamento de activos e pasivos financeiros	-347.609,56	-576.631,83
III. Resultado das operacións financeiras (15-16-20)	-1.484.744,23	-373.615,59
IV. Resultado neto do exercicio (II+III)	-11.566.648,45	-5.727.006,93

Gasto de persoal (obrigas contraídas). Anos 2014 e 2013 (€)

<i>Denominación</i>	<i>2014</i>	<i>Importe da variación s/ 2013</i>	<i>% de variación s/ 2013</i>	<i>2013</i>
Altos cargos e persoal eventual	400.301	27.983	7,52%	372.318
Funcionarios	50.329.146	48.808	0,10%	50.280.337
Laborais	10.055.588	240.160	2,45%	9.815.428
Outro persoal	16.240.659	743.607	4,80%	15.497.052
Incentivos ao rendemento	747.821	13.971	1,90%	733.851
Gastos sociais	12.457.769	178.236	1,45%	12.279.533
TOTAL	90.231.284	1.252.765	1,41%	88.978.519

No referido ao gasto en bens e servizos correntes, o importe final é de 23.869.818 €, cun aumento porcentual dun 7,20%, como se pode ver no cadro 14. Os maiores aumentos en termos absolutos danse na partida de material, subministracións e outros.

Gasto en bens e servizos correntes (obrigas contraídas). Anos 2014 e 2013 (€)

<i>Denominación</i>	<i>2014</i>	<i>Importe da variación s/ 2013</i>	<i>% de variación s/ 2013</i>	<i>2013</i>
Arrendamentos	431.356	39.603	10,11%	391.753
Reparacións e conservación	2.835.356	173.818	6,53%	2.661.538
Material, subministracións e outros	18.924.472	1.348.545	7,67%	17.575.927
Indemnizacións por razón de servizo	1.653.634	50.463	3,15%	1.603.171
Publicacións	25.000	-9.472	-27,48%	34.472
TOTAL	23.869.818	1.602.958	7,20%	22.266.861

O gasto en transferencias correntes acadou un importe de 6.085.667 €, cun decrecemento porcentual do 5,33%. Pese a estes datos debemos salientar que segue a manterse a liña de traballo e a aposta da institución polo programa propio de bolsas e axudas, que é o que evita unha situación peor. Malia todo, o esforzo feito pola nosa institución non é quen de compensar a caída das axudas estatais.

Gasto en transferencias correntes. Anos 2014 e 2013 (€)

<i>Denominación</i>	<i>2014</i>	<i>Importe da variación s/ 2013</i>	<i>% de variación s/ 2013</i>	<i>2013</i>
Transferencias a entidades públicas e privadas	2.486.245	97.111	4,06%	2.389.135
Transferencias a familias e institucións sen ánimo de lucro (bolsas e subvencións)	2.218.249	-481.139	-17,82%	2.699.387
Transferencias ao exterior (intercambios Erasmus, LIG...)	1.381.173	41.251	3,08%	1.339.921
TOTAL	6.085.667	-342.777	-5,33%	6.428.444

O capítulo de investimentos no ano 2014 chega aos 23.652.348 €, cun aumento porcentual dun 7,87% con respecto ao 2013;

Gasto en investimentos (obrigas recoñecidas). Anos 2014 e 2013 (€)

<i>Denominación</i>	<i>2014</i>	<i>Importe da variación s/ 2013</i>	<i>% de variación s/ 2013</i>	<i>2013</i>
Investimentos asociados ao funcionamento dos servizos	7.370.888	632.068	9,38%	6.738.820
Gasto en investimentos de carácter inmaterial	16.281.460	1.092.920	7,20%	15.188.540
TOTAL	23.652.348	1.724.988	7,87%	21.927.360

As bibliotecas están ao servizo de toda comunidade universitaria e abertas a toda a sociedade en xeral. O gasto dedicado á adquisición de recursos ascendeu no ano 2014 a 2.386.604€, unha cifra moi similar a do ano anterior.

O gasto de persoal asignado ás bibliotecas foi de 3.624.274€, importe sen variación significativa verbo do ano anterior.

<i>Descrición</i>	<i>Ano 2014</i>	<i>Ano 2013</i>
Total gastos en recursos de información (euros)	2.386.604	2.309.904
Compra de monografías en papel	335.588	313.866 €
Compra de monografías audiovisuais	Sen datos	Sen datos
Subscripción de publicacións periódicas papel	586.165	589.453 €
Gasto en compra de material (non libros)	Sen datos	Sen datos
Gasto en monografías electrónicas de pago con licenza	17.500	26.557 €
Gasto en publicacións periódicas electrónicas de pago ou con licenza	1.170.092	1.217.778 €
Gasto en bases de datos de pago ou con licenza	277.259	162.250 €
Gasto en información electrónica	1.464.851	1.406.585 €

Custe en persoal das bibliotecas

<i>Descrición</i>	<i>Ano 2014</i>	<i>Ano 2013</i>
Custe de bibliotecarios/as	1.450.621	1.584.389
Custe de auxiliares de biblioteca	1.921.174	1.799.194
Custe de estudantes bolseiros/as	0	0
Custe de persoal especializado	167.173	139.837
Custe de persoal administrativo	85.306	85.306
Total custe del persoal (euros)	3.624.274	3.608.726

5.3. A Contratación administrativa

Os aspectos máis relevantes da contratación pública correspondente aos distintos tipos de contratos administrativos (obras, subministracións, asistencia / consultaría / servizos, xestión de servizos públicos e contratos de carácter privado) do exercicio 2014 aparece reflectida nos cadros que se indican de seguido:

Comparativo do volume de contratación nos exercicios 2014/2013.

	<i>2014</i>	<i>2013</i>	<i>Diferenzas (valor absoluta)</i>	<i>Diferenzas (porcentuais)</i>
Importes de licitación	6.212.024	13.385.687	-7.173.662	-53,59%
Número de expedientes	45	35	10	28,57%

A continuación amósase un resumo das adxudicacións, distinguindo por tipos de contrato e a súa

vez polos procedementos e formas de adxudicación. Neste exercicio dáse un maior peso dos expedientes tramitados por procedemento negociado, que superan en número aos procedementos abertos.

No cadro seguinte incorpórase información dos contratos privados (seguros) e administrativos especiais (concesionarias de cafetería e reprografía) tramitados.

Resumo por tipo e procedemento de adxudicación no exercicio 2014.

<i>Tipo de Contrato</i>	<i>Obras</i>	<i>Servizos</i>	<i>Subministracións</i>	<i>Privados</i>	<i>Administrativos especiais</i>	<i>Total</i>
Procedemento aberto		5	12	2	1	20
Procedemento negociado	1	10	12	2	0	25
Total	1	15	24	4	1	45

A información anterior complementábase cos datos económicos contidos no seguinte cadro, no cal obsérvase que as baixas producidas acadaron un importe de 947.505 €, un 14,59% porcentual verbo dos importes de licitación, na liña dos resultados acadados en exercicios anteriores.

Resumo por tipo, importes e ratios principais no Exercicio 2014

<i>Tipo de contrato</i>	<i>Obras</i>	<i>Servizos</i>	<i>Subministracións</i>	<i>Privados</i>	<i>Administrativos especiais</i>	<i>Total</i>
Importe de licitación	169.159	1.032.168	4.914.303	376.100	300	6.492.030
Importe de adxudicación	140.392	882.881	4.144.851	376.100	300	5.544.525
Diferenzas (valor absoluto)	-28.767	-149.287	-769.451	0	0	-947.505
Diferenzas (porcentuais)	-17,01%	-14,46%	-15,66%	0,00%	0,00%	-14,59%

Finalmente recordar que nos datos comentados non se inclúe información relativa aos denominados contratos menores regulados no Real decreto legislativo 3/2011, de 14 novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

5.4 Responsabilidade na cadea de aprovisionamentos

O seguinte cadro recolle as cifras de facturación atendendo á procedencia dos provedores. Consideramos provedores locais aos das provincias de Pontevedra e Ourense, onde teñen sede os campus da Universidade de Vigo; estes representan máis do 50% do número de provedores e facturan 15.978.429€, o que representa un 43% do total. Estes datos supoñen una cifra case idéntica á do ano anterior en canto a volume e un lixeira perda de peso relativo.


Exercicio 2013

Exercicio 2014

ÁMBITO	Nº Provedores	Total facturado	% facturado	Nº Provedores	Total facturado	% facturado
Local	1.725	15.857.590	45,35%	1.750	15.978.429	43,01%
Galego	370	5.474.227	15,65%	385	8.156.152	21,95%
Nacional	909	12.558.956	35,91%	853	12.063.608	32,47%
Estranxeiro	350	1.078.612	3,08%	426	954.034	2,57%
Totais	3.354	34.969.384	100,00%	3.414	37.152.223	100,00%

Atendendo a orixe xeográfica a Universidade de Vigo fornécese nun 64% con provedores galegos, dos que un 43% son locais (Pontevedra e Ourense) e un 21,97% son provedores das outras dúas provincias galegas.

% Facturado por orixe do provedor



Durante o exercicio 2014 a Universidade de Vigo tivo relación con 3.414 provedores externos, que lle facturaron en total 37.152.223€. O importe promedio por provedor é de 10.882€, sendo o tramo de facturación de 1.001 a 10.000€ o que absorbe a parte máis importante do orzamento cun 35%. Estas cifras son moi similares ás reflectidas polo ano anterior.

Facturas recibidas

Concepto	Ano 2013	Ano 2014
Número total de provedores	3.354	3.414
Número total de facturas	34.213	34.633
Importe total facturado	34.969.384 €	37.152.223 €
Importe medio por factura	1.022 €	1.072 €
Importe medio por provedor	10.426 €	10.882 €

Nº medio facturas por proveedor	10,20	10,14
---------------------------------	-------	-------

<i>Tramos</i>	<i>Ano 2013</i>		<i>Ano 2014</i>	
	<i>% Facturas</i>	<i>% Importe</i>	<i>% Facturas</i>	<i>% Importe</i>
De 0 a 100 €	42%	2%	42%	1,6%
De 101 a 1000 €	44%	14%	43%	13,7%
De 1001 a 10.000 €	12%	34%	13%	35,5%
De 10.001 a 50.000 €	1%	25%	1%	22,4%
Máis de 50.000 €	0,30%	25%	0,3%	26,8%
Total	100%	100%	100%	100%

5.5 Indicadores económico-financeiros e entidades participadas

Como complemento ao resto da información contida na memoria, nesta sección recóllese unha mostra dos indicadores que reflicten dun xeito sintético a situación orzamentaria, financeira e patrimonial da Universidade de Vigo no exercicio 2014.

Indicador de endebedamento

Este indicador representa a relación entre a totalidade do pasivo esixible (corrente e non corrente) respecto do patrimonio neto mais o pasivo total da entidade, e é resultado de dividir a suma do pasivo corrente máis o pasivo non corrente entre o patrimonio neto (42.142.370,36 € / 286.634.240,57 €), sendo o resultado 0,14. No relativo a este índice, todo o valor por debaixo da unidade representa unha boa relación de endebedamento, canto menor sexa o valor do cociente mellor será a situación. O resultado de 0,14 evidencia unha elevada solvencia e estabilidade financeira na institución ou, visto doutro xeito, un baixo grao de apalancamento financeiro, nunha conxuntura económica na que o prezo dos recursos e as restricións de liquidez son un problema para as entidades cunha elevada dependencia do pasivo esixible.

Indicador de cash flow

Este indicador reflicte a medida na que os fluxos netos de xestión de caixa cobren o pasivo da entidade, e é resultado de dividir o pasivo non corrente sumado ao pasivo corrente entre os fluxos netos de xestión (42.142.370,36 € / 22.949.095,85 €), sendo o resultado 1,83. Este dato indica capacidade adicional para xerar liquidez e atender aos pasivos, a universidade sigue a atender as súas obrigas e os prazos de pago son os axeitados.

Indicador de cobertura de gastos correntes

Este indicador pon de manifesto a relación existente entre os gastos de xestión ordinaria cos ingresos da mesma natureza e resulta de dividir os gastos de xestión ordinaria entre os ingresos de xestión ordinaria (165.852.065,05 € / 153.301.271,28 €), sendo o resultado 1,08. Este indicador reflicte a fortaleza da universidade para atender os gastos correntes.

Indicador de execución do orzamento de gastos

Este indicador reflicte a proporción dos créditos aprobados no exercicio que deron lugar ao recoñecemento de obrigas, e é produto de dividir as obrigas recoñecidas netas entre os créditos totais (147.443.760,41 € / 169.632.659,94 €), sendo o resultado 0,87. Este resultado recolle unha porcentaxe de execución do orzamento de gastos normal consonte á planificación realizada.

Indicador de realización de pagamentos

Este indicador reflicte a proporción das obrigas recoñecidas no exercicio da que o pagamento se realizou no mesmo, con respecto ao total de obrigas recoñecidas, e sae de dividir os pagamentos realizados entre as obrigas recoñecidas (147.650.467,65 € / 147.650.467,65 €), sendo o resultado 1,00. Este resultado demostra a capacidade da universidade para facer fronte as súas obrigas nuns prazos moi razoables, e en calquera caso respectando o indicado na normativa europea e española en relación aos prazos de pago.

Indicador de esforzo en investimento

Este indicador establece a proporción que representan as operacións de capital realizadas no exercicio en relación á totalidade dos gastos orzamentarios realizados no mesmo, e é produto de dividir as obrigas recoñecidas netas dos capítulos 6 e 7 do orzamento de gastos entre o total de obrigas recoñecidas netas (23.652.347,7 € / 147.443.760,41 €), sendo o resultado 0,16. Este resultado amosa a tendencia da universidade a diminuír o seu esforzo en investimento, produto de varias causas: a planificación establecida no documento orzamentario cara ao equilibrio das contas da universidade e o ritmo seguido nos gastos asociados a proxectos de investigación institucionais ou dos grupos da universidade, sen prexuízo dunha diminución das achegas do Estado e da Xunta no eido da I+D.

Indicador de execución do orzamento de ingresos

Este indicador reflicte a proporción que sobre os ingresos orzamentarios previstos supoñen os ingresos orzamentarios netos, isto é, os dereitos liquidados netos, e sae de dividir os dereitos recoñecidos netos entre as previsións definitivas (146.593.086,66 € / 169.632.659,94 €), sendo o resultado 0,86. Este resultado amosa a seriedade e prudencia da universidade na estimación de ingresos do exercicio.

Entidades participadas

Conforme se establece no artigo 84 da Lei orgánica de universidades «as entidades nas que as universidades teñan participación maioritaria no seu capital ou fondo patrimonial equivalente quedan sometidas á obriga de render contas nos mesmos prazos e procedemento que as propias universidades», neste apartado citamos as entidades participadas pola Universidade de Vigo, sobre as cales dispoñen de mis información no citado Resumo da conta anual do rxercicio 2014:

- Cidade Universitaria, S.A. (CUSA).
- Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A. (CITEXVI).
- Fundación Universidade de Vigo (FUVI).

Capítulo 6. A Universidade de Vigo e o medio ambiente

6.1 Obxectivos e balance de actuación. Curso 2013-2014

A OMA (Oficina de Medio Ambiente) da Universidade de Vigo ten entre as súas principais funcións, asesorar a comunidade universitaria en materia ambiental.

Os obxectivos para o curso 2013-2014 foron:

- 1) Promover un uso sustentable dos recursos naturais e materias primas, reducindo a produción de residuos.
- 2) Fomentar a educación e sensibilización medioambiental.
- 3) Conservar os ecosistemas naturais e a diversidade biolóxica dos tres campus.

A Universidade de Vigo, a través da OMA, comezou no ano 2002 a estudar o seu impacto ambiental derivado do consumo de recursos, desenvolvendo o Estudo de Consumos Enerxéticos da Universidade de Vigo. A análise dos datos amosa os consumos anuais de electricidade, auga, gas natural e gasóleo, nos distintos centros universitarios. O obxectivo deste estudo era ter unha estima da enerxía consumida e do gasto, realizar o seu seguimento anual e detectar posibles problemas e oportunidades de aforro.

<i>Consumos enerxéticos UVigo</i>	<i>2013</i>	<i>2014</i>
Electricidade	13.997.710 kWh	14.201.457,5 kWh
Gasóleo C	1.051.817 l	929,8 m ³
Gas natural	62.966 m ³	44.016 m ³
Auga	-	106.909 m ³

6.2 Xestión ambiental: manexo de recursos, materias primas e residuos

Seguimento do sistema de xestión ambiental

Dende 2012 o edificio de deporte e a biblioteca teñen os seus certificados baixo a norma UNE-EN ISO 14001:2004. Cada ano ten lugar unha auditoría interna de revisión previa á auditoría do órgano certificador do sistema, quen emite e avalía a renovación dos certificados. Nestas auditorías revisanse as certificacións, atendendo e corrixindo as desviacións e non conformidades detectadas.

Recollidas de residuos perigosos dos laboratorios e servizos da UVigo

Ao longo do ano coordináronse e supervisáronse as recollidas de residuos perigosos a través de xestor autorizado, realizadas nos distintos centros dos tres campus, dando cumprimento a tódalas obrigas e trámites legais que esixe a normativa relativa á xestión deste tipo de residuos (Lei 22/2011, Lei 10/2008, RD 833/1988, RD 952/1997).

Recompílanse datos sobre as recollidas para a elaboración de informes anuais e a planificación dos estudos de minimización correspondentes, cumpríndose periodicamente coa elaboración da

autodiagnose ambiental, que é enviada anualmente ao órgano autonómico ambiental, coa enquisa anual do INE, e coa enquisa do Ministerio do Interior sobre substancias químicas catalogadas.

Recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE)

Colabórase co GRUVI (Grupo de Reciclaxe Informática da Universidade de Vigo) na selección do material informático potencialmente reutilizable, trasladándoo ao seu taller. Este material é reconstruído ou recuperados parte dos seus compoñentes electrónicos, destinándoo a institucións e entidades sen ánimo de lucro, a través de campañas de doazón de convocatoria pública. Os restos de material non aproveitabile recóllense para o seu envío a xestor autorizado.

Este ano estase a colaborar tamén co proxecto EcoRae, ao que se destina parte do material recollido, co que se pretende demostrar a viabilidade da reutilización de RAEE fronte á reciclaxe. Este proxecto aposta pola reutilización fronte á reciclaxe e trata de demostrar que aumentar a vida útil dos aparellos eléctricos e electrónicos é unha solución viable económica, técnica e ambientalmente para este tipo de residuos, que representan o 4% do total do lixo xerado en Europa.

Esta iniciativa foi seleccionada pola UE como proxecto dentro da convocatoria Life. Ten un orzamento de 1,2 millóns de euros financiados ó 50% pola UE, cunha duración de 3 anos.

Residuos SANDACH (trátase de subprodutos animais non destinados ao consumo humano)

A este tipo de residuos corresponden os animais mortos xerados pola investigación e experimentación nas facultades de ciencias, e anualmente estanse a producir arredor duns 100-150kg.

Recollida de fluorescentes e lámpadas de baixo consumo

A Universidade de Vigo ten asinado un convenio con Ambilamp polo que esta entidade recolle gratuitamente este tipo de residuos nos campus. Para isto puxo a disposición da Universidade de Vigo unha serie de colectores especiais localizados en zonas centralizadas de cada campus, onde se van dispoñendo adecuadamente este tipo de residuos para a súa ulterior recollida pola entidade.

En colaboración co Departamento de Obras e Infraestruturas e a Unidade Técnica, a OMA está facendo unha primeira aproximación na elaboración dos informes preceptivos que comeza a requirir a normativa para a certificación enerxética dos edificios. Dentro do Plan SuMA de sustentabilidade ambiental, a OMA ten persoal encargado da recollida de datos de consumos e características construtivas e xeométricas dos edificios, cos cales poder calcular os valores requiridos para elaborar os informes para as súas cualificacións enerxéticas.

Durante 2014 acabouse de completar a correspondente certificación do pavillón de deportes do Campus de Pontevedra e iniciáronse e rematáronse as cualificacións do edificio administrativo de deportes de Vigo e tamén do pavillón polideportivo deste campus, así como a do local de clases de gaita do Campus de Ourense.

Dende a OMA lévase o seguimento e toma de datos de determinados consumos non automatizados, como son os consumos parciais de auga dos edificios do Campus de Vigo. A recollida de datos da

instalación de paneis solares do Campus de Ourense e a centralización de datos do resto de consumos que se lles solicita a todos os administradores de centros, con varios fins: rexistros do sistema de xestión ambiental, estudos de pegada ecolóxica e de carbono, detección de fugas, rendementos etc. No Campus de Ourense púxose en marcha a través da colocación dunha serie de dispositivos de control de consumos a avaliación do rendimento do sistema de calefacción do edificio administrativo. Dende o Plan SuMA acometéronse distintas actuacións neste ámbito.

A OMA colabora tamén co Servizo de Prevención de Riscos Laborais, apoiándoo na identificación e descrición de riscos, implementando esta información en planos para cada edificio, que formará parte dos plans de prevención.

6.3 Accións en favor da sensibilización e formación medioambiental. Ano 2014

No 2014 desenvolveuse a onceava edición do programa de educación ambiental Universidade é Natureza dirixido a estudantes de centros de distintos niveis de ensino obrigatorio, dos colexios e institutos do Concello de Vigo e arredores. Tamén teñen acceso a estas rutas membros da comunidade universitaria e persoas alleas a esta, organizados en grupos de visita. Universidade é Natureza e Ruta das Árbores (itinerarios ambientais guiados polos campus) .

Durante este ano participaron no programa arredor de 600 alumnos (15 menos no caso da primeira e 5 máis no da segunda) pertencentes a 8 institucións, nun total de 20 saídas de campo.

Dentro do ámbito do desenvolvemento sustentable e a xestión ambiental convocáronse 2 bolsas de formación para estudantes de posgrao, coa intención de que colaboren en activades incluídas nas liñas de traballo da Oficina de Medio Ambiente.

Na convocatoria para a formación do alumnado nos programas do Plan SuMA asignáronse 5 bolsas para os distintos programas: eficiencia enerxética e sustentabilidade (ESE), instalacións singulares de I+D (ISI), medio natural e patrimonial (CONTORNOS) e reciclaxe e reutilización de residuos (R3).

En relación con estas mesmas tarefas, a OMA a través do Servizo de Extensión Universitaria, acolle persoas voluntarias para acometer tarefas de apoio dentro das liñas ambientais marcadas.

Dende a OMA do Campus de Ourense naceu unha plataforma de intercambio de material que actualmente abarca toda a comunidade universitaria. É unha base de datos dinámica onde os usuarios poidan poñer a disposición de calquera que estea interesado, bens e obxectos dos que xa non fagan uso, pero que aínda poidan ser doados e aproveitados por outras persoas.

Tamén foron elaborados paneis da natureza para o Campus de Vigo, en colaboración coa Unidade de Xardinería e o Servizo de Mantemento de Zonas Verdes, deseñáronse e elaboráronse nove paneis con información ambiental sobre varios ecosistemas que conforman o campus natural das Lagoas-Marcosende (carballeiras, ribeiras fluviais, lagoas, mato, pradarias, soutos, sobreiral, equisetos).

6.4 Accións en favor da conservación do medio natural. Ano 2014

Nos campus faise ao longo do ano un traballo constante de xestión da conservación de zonas verdes e infraestruturas relacionadas. En función da climatoloxía, da evolución vexetativa das diferentes cubertas vexetais e do calendario universitario, planifícanse as tarefas de conservación co obxectivo

de aumentar a calidade ecolóxica, tentando incrementar a biodiversidade e o potencial ornamental e paisaxístico das zonas verdes.

Outros traballos extraordinarios e estacionais no Campus de Vigo estiveron relacionados coa xestión de residuos, instalacións de paneis, sinais e postes, plantación de 1,5 ha de árbores e arbustos, organización e coordinación de dous obradoiros de Extensión Universitaria (un de horticultura ecolóxica e outro de plantas silvestres comestibles), un estudo para a instalación dunha horta urbana no Campus de Vigo e inicio de catalogación, fotografado e identificación das bolboretas diúrnas do Campus de Vigo, entre outras.

No Campus de Ourense, mantéñense os traballos de anos anteriores e como novidades a posta en marcha dunha horta escolar na zona da gardería do campus novo con fins docentes e ornamentais. Tamén se elaborou un estudo do estado do invernadoiro dese campus para reactivar o seu uso, rehabilitáronse varias zonas de xardineiras e a terraza da biblioteca central. Así mesmo, xestionouse o sorteo de leña (restos vexetais procedentes dos traballos de mantemento dese campus), realizouse o deseño dun xardín colgante na Facultade de Ciencias da Educación e a identificación de especies arbóreas en Prado Lonia e posterior inventariado en Autocad.

A OMA, dentro do programa de educación ambiental Universidade e Natureza, desenvolve actividades de divulgación e sensibilización mediante a realización de itinerarios dirixidos a escolares de tódolos centros educativos do Concello de Vigo e arredores. O programa emprega, como principal actividade, a realización de itinerarios guiados que atravesan diferentes hábitats propios de Galicia, nos que se dan a coñecer a flora autóctona e a fauna que habita no campus, ao mesmo tempo que se tenta concienciar e sensibilizar aos rapaces sobre a importancia de respectar e conservar o noso medio.

Por outra banda, hai que destacar o labor da Unidade de Xardinería da universidade. Este servizo segue unha política de conservación dos ecosistemas naturais e da diversidade biolóxica.

6.5 Outras medidas en favor da sustentabilidade medioambiental realizadas durante 2013-2104.

http://oma.webs.uvigo.es/document/memoriaOMA_2013-14.pdf

- Substitución de cubertas nas facultades do campus de Vigo e Pontevedra.
- Reformas do alumeadado na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e na Reitoría no Campus de Vigo.
- Instalación dun sistema automatizado de regulación de cargas no Campus de Pontevedra.
- Instalación de control domótico vía remota para cargas enerxéticas do campo de rugby no Campus de Ourense.
- Instalación de cuberta acristalada e optimización do subministro de auga quente sanitaria na cociña da Facultade de Ciencias Sociais no Campus de Pontevedra.
- Reparación de carencias no sistema solar do pavillón de deportes do Campus de Ourense.
- Realización de obras de climatización da biblioteca e aulas da Facultade de Belas Artes en Pontevedra.

- Instalación de porta automática na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte en Pontevedra.
- Todas estas prácticas e proxectos contribúen de xeito moi positivo de cara a un desenvolvemento máis sustentable e, de forma conxunta, favoreceron unha redución de arredor dun 10% da pegada de carbono e un 17% nas toneladas de CO₂ por persoa.

6.6 A pegada ecolóxica da Universidade de Vigo

<http://webs.uvigo.es/oma>


O obxectivo da nosa sociedade de progreso debería ser conseguir un desenvolvemento sustentable, é dicir, satisfacer as necesidades presentes sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas. Por este motivo, é necesario avaliar as actividades humanas en función do impacto que producen sobre o medio e os recursos naturais. Con este fin idéanse distintos indicadores que permiten medir o consumo de recursos e o nivel de degradación provocado no medio.

Neste apartado daremos conta do impacto ambiental, calculado como pegada de carbono ou pegada ecolóxica, da nosa institución. O estudo no tempo da pegada de carbono é unha ferramenta axeitada para identificar as actividades que precisan melloras, ou nas que é posible introducilas de cara á redución de GEI e, deste xeito, conseguir que a Universidade de Vigo estea nun proceso de mellora ambiental continua.

Tomouse como referencia a ferramenta de análise, cálculo e comunicación, establecida no protocolo de gases de efecto invernadoiro (GHG Protocol), que foi desenvolvido polo World Resources Institute (WRI) e o World Business Council for Sustainable Development (WBCSD), xunto coa colaboración de empresas, gobernos e grupos ambientalistas de todo o mundo, co fin de construír unha nova xeración de programas informáticos efectivos, con validez e fiabilidade á hora de abordar a problemática do cambio climático.

A pegada ecolóxica componse de subpegadas, sendo das máis relevantes, en función dos seu impacto directo no cambio climático, a pegada de carbono. Este indicador defínese como a totalidade de GEI (Gases de Efecto Invernadoiro), expresados en unidades de CO₂, emitidos directa e indirectamente por un individuo, organización, servizo ou produto, durante todo o seu ciclo de vida.

A metodoloxía utilizada para o cálculo da pegada de carbono realízase a través de factores de emisión. Estes factores son específicos para cada fonte de emisión e a maioría adoitan ser actualizados periodicamente.



Para o cálculo da pegada ecolóxica determínase a superficie necesaria para fixar as emisións producidas pól as actividades diarias, mediante a seguinte ecuación:

$$\text{Pegada ecolóxica (ha/ano)} = \frac{\text{Emisións (Tm CO}_2\text{)}}{\text{Carbono fixado (Tm CO}_2\text{/ha/ano)}}$$

O estudo da pegada de carbono ten un importante interese e utilidade, debido a que pon de manifesto un compromiso de mellora continua da UVIGO de cara á redución de emisións e á eficiencia enerxética. Así mesmo, actúa como instrumento de divulgación e sensibilización social da comunidade universitaria, fomentando prácticas máis sustentables no exercicio e uso das actividades desta institución.

Emisións e pegada ecolóxica da Universidade de Vigo no ano 2014


<i>Emisións totais (Tm CO₂)</i>	<i>Pegada ecolóxica (ha/ano)</i>	<i>Pegada ecolóxica (ha/persoa/ano)</i>
21.397	4.107	0,179

Emisións totais (Tm CO₂) da UVIGO por fonte de emisión e por campus. Ano 2014.

	<i>Electricidade</i>	<i>Gasóleo C</i>	<i>Gas natural</i>	<i>Mobilidade</i>	<i>Auga</i>	<i>Papel</i>	<i>Biomasa</i>	<i>Residuos</i>	<i>Edificación</i>	<i>TOTAL</i>
Vigo	1.679,07	1.620	202,5	9.938	19,7	204,69	0,31	2,34	2.256	15.922,64
Pontevedra	225,82	384,6	N.E.	1.138	2,3	67,18	1,139	N.D.	617	2.436,04
Ourense	454,82	682,2	46	918	5,7	97,28	N.E.	N.D.	778	2.982,00
Total	2.359,70	2.686,90	248,5	*12.038,6	27,7	369,2	1,445	14,7	3.651	21.397,70


N.E. Non empregado; N.D. Non dispoñible.

* Engadidas 44,6 tm de CO₂ correspondentes ao parque móbil da universidade.




Estas cifras supoñen un descenso de 488,3 Tm de CO₂ emitidas pola nosa universidade respecto ao ano anterior, 2013.

Porcentaxe de emisións globais de CO₂ por fonte de emisión e por campus. Ano 2014



A continuación preséntanse as fontes de emisión, valorando os datos de consumos e emisións dos últimos cinco anos:



Como se pode apreciar, as emisións producidas pola Universidade de Vigo ascenden a 21.397 Tm de CO₂ para 2014. A superficie necesaria para fixar estas emisións son arredor de 4.107 ha de bosque. Esta cifra supón unha pegada ecolóxica é de 0,179 ha/persoa/ano (inferior á de 0,19 ha/persoa/ano de 2013)

Durante o período 2011-2014 os valores da pegada de carbono por persoa non variaron de forma significativa, sendo sempre as emisións inferiores á tonelada de CO₂ por persoa.

A pegada de carbono do ano 2014, expresada en toneladas de CO₂ por persoa diminuíu arredor dun 15% con respecto o ano 2009. Isto é debido en boa medida aos proxectos de eficiencia enerxética e prácticas máis sustentables acometidas pola Universidade de Vigo no exercicio das súas actividades ao longo destes anos.

O Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño (MARM) estableceu no ano 2009 unha pegada ecolóxica para unha persoa en España de 6,4 hag/cap, o que equivale a un déficit ecolóxico do 379%, é dicir, necesítanse 3,79 países coa extensión de España para satisfacer as necesidades de toda a poboación do Estado. Tendo en conta este valor, as actividades asociadas á Universidade de Vigo supoñen preto do 3% da pegada ecolóxica de cada usuario.

6.7 Boas prácticas cara á redución

No marco das medidas mais salientables postas en marcha pola Universidade de Vigo para reducir as súas emisións estaría a instalación de diversas fontes de enerxías renovables: solar térmica e fotovoltaica. Tamén se levan feito melloras na eficiencia enerxética dos edificios, como substitución de luminarias por outras mais eficientes e de menor consumo, de illamento térmico ou de caldeiras.

Ademais das instalacións realizadas, a Universidade de Vigo traballa noutros eidos relativos á sensibilización e implantación de boas prácticas ambientais e á mellora dos hábitos de comportamento da comunidade universitaria. Unha das áreas onde máis traballos deste tipo se desenvolveron foi no ámbito da mobilidade, principal fonte de emisións de GEI da Universidade de Vigo.

No 2014 elaborouse o Plan de mobilidade e seguridade viaria da Universidade de Vigo, que ten entre os seus obxectivos dous aspectos importantes na redución das emisións de carbono ligadas á mobilidade:

- Fomentar e mellorar a mobilidade non motorizada (desprazamento a pé e en bicicleta) así coma tamén a utilización do transporte público colectivo.
- Fomentar o uso racional do vehículo privado motorizado mediante modelos de coche compartido.

Entre as accións concretas debe destacarse o «Programa Tp: transporte», un dos sete programas xerais do Plan SuMA. A súa finalidade é analizar a mobilidade na Universidade de Vigo e propoñer accións e medidas de mellora para acadar unha mobilidade cada vez máis sustentable. Neste programa atópanse as seguintes actuacións e estudos realizados:

- «Programa de conducción eficiente»: organización de cursos gratuítos.

- «Móvete no circular»: servizo de transporte dentro do propio campus.
- «Cheo por favor»: promove o uso compartido de coche coa finalidade de reducir o transporte privado.

Así mesmo, segue en marcha a campaña de doazón de reactivos de laboratorio en desuso. Trátase dun programa de doazón de reactivos entre laboratorios, coa axuda dunha plataforma virtual na web da OMA, mediante a cal as persoas responsables dos laboratorios informan da existencia de reactivos en desuso non caducados, de xeito que outros laboratorios que os precisen os poidan aproveitar. Deste xeito, diminúese a xeración de residuos e a compra de reactivos novos.

Tamén se está a desenvolver un programa de recollida de teléfonos móbiles en desuso. A Oficina de Medio Ambiente colabora activamente coa campaña de reciclaxe de teléfonos móbiles, lanzada polo Instituto Jane Goodall España. Están instalados puntos de recollida fixos e itinerantes de teléfonos móbiles nas facultades dos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra. Os obxectivos principais da campaña son

- Reutilizar terminais e reducir a insustentable demanda dos seus compoñentes.
- Reciclar elementos útiles e dispor adecuadamente os materiais tóxicos, evitando a contaminación do medio natural.
- Recadar fondos para os programas de educación e conservación na República do Congo, como é o caso do Centro de Recuperación de Chimpancés de Tchimpounga.

Outras accións:

A Universidade de Vigo ten asinado un convenio coa ADEAC-Fee para o desenvolvemento do programa Green Campus. Os Green Campus teñen como obxectivo contribuír a difundir e mellorar a educación ambiental para o desenvolvemento sustentable nos centros de educación terciaria, facendo partícipes aos membros da comunidade universitaria no coidado e mellora do medio ambiente universitario e local, en colaboración co persoal docente e administrativo e coa poboación en xeral.

Capítulo 7. A investigación e a calidade da docencia

A investigación e a transferencia do coñecemento á sociedade representa unha función primordial coa que a Universidade de Vigo se sente xenuinamente comprometida xunto coa responsabilidade nas súas tarefas docentes. O elevado e multidisciplinario coñecemento na nosa institución representa unha das fortalezas desta universidade.

7.1 Principais indicadores en materia de investigación.

Grupos de investigación por área de coñecemento e número de persoas integrantes dos mesmos. 2014

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN	ÁMBITO				Total	Estranxeiros/as
	Científico	Humanístico	Tecnolóxico	Xurídico-Social		
Grupos de investigación	49	31	64	63	207	
Membros grupos de investigación	498	330	599	478	1905	37
Mulleres membros	274	199	184	239	896	16
Investigadores/as principais	80	49	91	76	296	
Mulleres Investigadora principal	29	26	14	35	104	

Persoal investigador segregado por xénero e situación contractual. Ano 2014

PERSOAL investigador	Número	Mulleres	Estranxeiros/as
PDI que participa en actividades de investigación competitiva e/ou transferencia	882		
Persoal investigador en formación	279	161	12
Persoal contratado con cargo a proxectos de investigación	494	223	21
Nomeamentos de bolseiros/as	62	41	3
Persoal técnico de investigación	14	7	2
Nº de sexenios obtidos no ano	111		

En 2014 hai que destacar o aumento, respecto do ano 2013, no número de persoal investigador en formación en 10 persoas (rompendo a tendencia de 2012 e 2013 que foron á baixa) e o descenso no número de bolseiros en 33 persoas, así como tamén no número de persoal técnico de investigación en 9 persoas.

Mantense constante, pola contra, o número de persoal contratado con cargo a proxecto de investigación (unha persoas mais que en 2013).

Recursos externos captados en concorrencia competitiva. Comparativa interanual

<i>Recursos externos captados</i>	<i>2014</i>	<i>2013</i>
Proxectos investigación A.X. Estado	4.069.609,34 €	289.265,80
Proxectos investigación A.C. Galicia	5.312.000,00 €	3.097.800
Proxectos outros	108.000,00 €	sen datos
Proxectos investigación europeos	1.201.045,60 €	4.893.072,39
Proxectos investigación Interreg	72.020,00 €	sen datos
Infraestrutura FEDER	3.306.110,00 €	non houbo
Parque Científico-Tecnolóxico	Non houbo	non houbo
Facturación CACTI	208.558,93 €	194.944,47
Facturación ECIMAT	8.029,00 €	sen datos
Infraestrutura non FEDER	non houbo	non houbo
Contratación I+D	5.744.198,00 €	8.694.528,16
Total	20.029.570,87 €	17.169.610,82
Orzamento Uvigo	159.655.119,00 €	163.216.352
%	12,55%	10,52%

Os recursos externos obtidos para financiar as actividades de investigación da Universidade de Vigo no ano 2014 foron o 12,55% dos recursos externos captados pola institución (un 2% mais que en 2013).

Financiamento dos proxectos de investigación segundo entidade financiadora. Ano 2014

<i>PROXECTOS</i>	<i>ÁMBITO</i>								<i>Total N°</i>	<i>Total Importe</i>
	<i>Científico</i>		<i>Humanístico</i>		<i>Tecnolóxico</i>		<i>Xurídico-social</i>			
	<i>N°</i>	<i>Importe</i>	<i>N°</i>	<i>Importe</i>	<i>N°</i>	<i>Importe</i>	<i>N°</i>	<i>Importe</i>		
E – Central do Estado	17	1.994.726	5	225.060	18	1.709.947	5	139.876	45	4.069.609
X – Xunta de Galicia	11	1.551.000	4	325.000	18	2.509.000	7	927.000	40	5.312.000
O - Outros	1	88.000	0	0	1	20.000	0	0	2	108.000
Europeo	1	1.201.046	0	0	0	0	0	0	1	1.201.046
Interreg	1	72.020	0	0	0	0	0	0	1	72.020
Total xeral	31	4.906.792	9	550.060	37	4.238.947	12	1.066.876	89	10.762.675

Estes datos amosan un aumento importante no número e no importe dos proxectos para os que se acadou financiamento, en particular da Administración Central e da Comunidade Autónoma.

Por ámbitos o diferencial máis grande correspóndese coas cantidade achegadas polo Estado para ás áreas científico-tecnolóxicas (así como tamén pola cantidade de grupos traballando). Tamén a

Xunta de Galicia aumenta a súa contribución nestas áreas: entre as dúas institucións financian o 95% dos proxectos científicos e tecnolóxicos en vixencia (85 dos 89 existentes).

Actividades artigo 83 LOU (inclúe xestión externa)

	ÁMBITO									
	<i>Científico</i>		<i>Humanístico</i>		<i>Tecnolóxico</i>		<i>Xurídico-social</i>		<i>Total</i>	<i>Total</i>
	<i>Nº</i>	<i>Importes</i>	<i>Nº</i>	<i>Importes</i>	<i>Nº</i>	<i>Importes</i>	<i>Nº</i>	<i>Importes</i>	<i>Nº</i>	<i>Importes</i>
Contratos	17	580.991	2	9.121	84	3.529.592	18	441.572	121	4.561.275
Informes	165	352.263	3	14.317	514	638.139	35	164.461	717	1.169.181
Cursos	0	0	0	0	4	13.742	0	0	4	13.742
Total xeral	182	933.254	5	23.437	602	4.181.473	53	606.033	842	5.744.198

Durante o ano 2014 a Universidade de Vigo tivo en vixencia 842 contratos con persoas, universidades ou entidades públicas e privadas para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación (143 máis que no ano anterior). Estas actividades sen embargo supuxeron un descenso na facturación de 2.950.330 euros (o maior diferencial na área tecnolóxica).


Actividades de I+D desenvolvidas durante 2014 segundo o ámbito xeográfico e importe das mesmas:

<i>Ámbito xeográfico</i>	<i>Tipo</i>	<i>Nº actividades</i>	<i>Importe</i>
Comunidade autónoma	Contratos	110	4.127.987 €
	Cursos	4	13.742 €
	Informes	230	689.383 €
Resto de España	Contratos	8	340.594 €
	Informes	479	388.653 €
Unión Europea	Informes	4	15.800 €
Fóra da UE	Contratos	3	92.694 €
	Informes	4	75.345 €
Total xeral		842	5.744.198 €

Axudas UVigo á investigación

	<i>Solicitadas</i>	<i>Concedidas</i>	<i>Importe</i>
Contratos-programa con grupos de investigación de referencia e consolidados	60	15	225.000,00 €
Axudas a preparación proxectos internacionais de I+D	4	4	4.288,64 €
Axudas para a realización, comisariado e montaxe de exposicións artísticas	15	15	17.438,00 €
Organización de congresos	17	17	38.500,00 €
Visitas de investigadores/as	20	20	17.807,00 €
Axudas á reparación de equipamento científico	5	2	3.402,44 €
Axudas á participación en redes Internacionais de I+D	1	1	2.500,00 €
Bolsas de viaxe	154	54	27.385,00 €
Estadías	109	28	75.935,00 €
Bolsas de colaboración para alumnos de mestrado	21	20	100.000,00 €
Axudas predoutorais	81	25	900.000,00 €
Bolsas CACTI	30	3	27.000,00 €
Bolsas ECIMAT	22	2	18.000,00 €
Bolsas CITI	12	2	18.000,00 €
Total	552	208	1.475.256,08 €

Axudas á investigación Uvigo por ámbito



7.2 Liñas de investigación orientadas a colectivos con discapacidade

1. Doutorado interuniversitario en equidade e innovación educativa:
 - Procesos de exclusión e inclusión socioeducativa.
 - Innovación para a equidade educativa.

2. Doutoramento en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos
 - Dificultades globais de aprendizaxe.
 - Dificultades específicas de aprendizaxe.
 - Trastornos do desenvolvemento.
 - Procesos cognitivos de aprendizaxe.
 - Procesos motivacionais implicados na aprendizaxe.
 - Modificabilidade cognitiva.
 - Regulación verbal da conduta.
 - A actividade física na aprendizaxe.
 - Atención ás dificultades de aprendizaxe a través das TIC.

3. Doutoramento en ciencias da educación e do comportamento.
 - Ámbitos de Intervención socioeducativa.
 - Educación para a paz e interculturalismo.
 - Dificultades de aprendizaxe escolar e procesos cognitivos.
 - Necesidades específicas de apoio educativo.
 - Intervención para a mellora da aprendizaxe.
 - Motivación e aprendizaxe.
 - TIC e MCS aplicados á educación.
 - Innovación educativa.
 - Atención á diversidade na educación.

4. Doutoramento en investigación psicosocioeducativa con adolescentes en contextos escolares:
 - Orientación e atención á diversidade en contexto educativo de secundaria.
 - Discapacidade e fracaso escolar.

Grupos de investigación en áreas vinculadas co estudo da discapacidade:

Discapacidade

- Equipo de psicoloxía evolutiva da educación (HI9)
- Equipo de tecnoloxías da información e a comunicación en educacións TICEDU (DO1/B)
- Equipo de investigación en diversidade educativa (EIDE) (DO2)
- Equipo de didáctica especial (HI6)

Ergonomía

- Equipo de enxeñería e deseño (EG2)

Escoliose

- Equipo de repercusións orgánicas da actividade física (HI10)

Autismo

- Equipo de análise e intervención psicosocioeducativa 2(CC1)

Lingua de signos

- Equipo de lingua de signos e lingua española (HI4)
<http://webs.uvigo.es/lenguadesignos/sordos/lineas/index.htm>

Invidentes

- Equipo de motricidade para todos (DE4)

Deficiencia Mental

- Equipo de psicoloxía evolutiva da educación (HI9)

7.3 Transferencia do coñecemento

7.3.1 Universidade de Vigo comprometida co emprego e a creación do espírito empresarial.

Para o curso 2013-2014 establecéronse varias actuacións relativas á potenciación, motivación e asesoramento para a creación de novas empresas de base tecnolóxica (EBT). A primeira delas foi a aprobación dun novo regulamento de EBT e a posta en marcha do procedemento de participación da universidade nas spin-off.

Tamén se realizou unha convocatoria pública de subvencións a EBT para a localización de viveiros nos espazos dispoñibles da Universidade de Vigo. Estas axudas dan apoio as empresas nadas do

coñecemento xurdido na institución para afrontar os alugueres dos devanditos locais cunha subvención do 50% por parte da universidade. No último ano presentáronse 3 empresas á convocatoria.

Así mesmo continuouse coa titorización de empresas de base tecnolóxica asesoradas pola Fundación Universidade de Vigo que se presentaron ao programa de axudas de IEBT da Xunta de Galicia. Nese período participaron 13 iniciativas de emprendemento.

Así mesmo, cara promover o espírito emprendedor no colectivo universitario, a Cidade Universitaria e a Fundación Universidade de Vigo (FUVI) convocaron a terceira edición dos premios INCUVI-Emprende. A esta edición presentáronse 29 proxectos e 8 foron seleccionados.

Durante o curso 2013-2014 concedéronse no Campus de Vigo seis premios consistentes nunha subvención dos custes de estadia por un período máximo dun ano nun dos espazos da pre-incubadora de negocios INCUVI. Catro accésits que deron dereito a utilización do espazo de *co-working* ubicado na Cidade Universitaria do Campus de Vigo.

O INCUVI conta co patrocinio de entidades e institucións tales como: Banco de Santander, PSA CITROEN (Vigo), asociacións de empresarios e a Zona Franca de Vigo.

Ofertáronse no Campus de Pontevedra 2 premios, consistentes nunha subvención dos custes da estadia por un período máximo dun ano nun dos espazos da pre-incubadora situados na sede de AJE Pontevedra. Dous accésits que deron dereito á utilización do espazo de *co-working* situado nas instalacións de AJE Pontevedra.

Tamén tiveron a súa disposición, ao longo do ano 2014, un equipo de asesoramento xurídico-empresarial e un programa formativo integrado por distintos obradoiros e conferencias impartidas por profesionais de distintos sectores empresariais.

A intención deste proceso é que maduren os seus proxectos empresariais e, finalmente, acaben formalizando a constitución das súas empresas.

Ademais, en colaboración coa Fundación Universidade de Vigo e UVigo-TV, impartíronse unha ampla oferta de cursos nos que se xeraron diversos recursos multimedia relacionados coa formación en competencias transversais.

No mesmo período, como resultado da sinatura co Concello de Vigo púxose en marcha o proxecto de colaboración TRANSFORME co enfoque de que os/as titulados universitarios menores de 30 anos puideran acceder á investigación e ás actividades de valorización que se levan a cabo na Universidade de Vigo, participando directamente nos proxectos de transferencia do coñecemento que desenvolven, de xeito conxunto, os grupos de investigación con empresas do contorno local.

Outros obxectivos eran:

1. Adaptar o deseño das accións formativas ás necesidades do/s grupo/s integrantes do programa.
2. Resaltar a figura do investigador e do emprendedor como dinamizador social.
3. Acompañar individualmente aos/ás titulados/as no proceso de apropiación de competencias transversais.

4. Analizar as cualificacións profesionais no seo dos programas de formación da universidade (títulos propios) para una primeira inserción laboral dos/as egresados da Universidade de Vigo.

Estas medidas de fomento do acceso á investigación e da empregabilidade das persoas tituladas materializáronse no financiamento por parte do concello de Vigo de 30 contratos laborais en prácticas cun custe bruto mensual de 2.000 euros e unha duración de seis meses, que serviron de trampolín para o primeiro emprego de titulados recentes da Universidade de Vigo empadroados no concello de Vigo.

Obradoiros de emprego

No que toca a obradoiros de emprego, desenvolvéronse obradoiros a petición das seguintes facultades:

- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais: «Xornadas de Empregabilidade e Desenvolvemento Persoal» (outubro 2013) «Obradoiro confección do currículo, preparación de entrevistas, xestión de perfís e web 2.0.» (5 horas)
- Facultade de Bioloxía: realizáronse tres obradoiros presentes no seu plan de acción tutorial do curso 2013/2014. (17, 24 e 31 de marzo de 2014)
- Obradoiro 1: «Competencias clave para a busca de emprego» (4 horas)
- Obradoiro 2: «Elaboración do currículo, carta de presentación e busca de emprego» (3 horas)
- Obradoiro 3: «O proceso de selección e a entrevista» (3 horas)
- Facultade de Química: (19, 26 marzo e 1 de abril de 2014)
- Obradoiro 1: «Competencias clave para a busca de emprego» (4 horas)
- Obradoiro 2: «Elaboración do currículo, carta de presentación e busca de emprego» (3 horas)
- Obradoiro 3: «O proceso de selección: A entrevista de traballo e probas selectivas » (3 horas)

Obradoiros de emprendemento: «Vitaminas para o emprendemento»

Tiveron lugar no Campus de Vigo os días 27 de marzo, 3 de abril e 10 de abril de 2014 estas xornadas de dúas horas de duración, organizadas co obxectivo de achegar o alumnado aos conceptos básicos do mundo do emprendemento e a través das cales obterán ferramentas para ver o seu potencial emprendedor e fomentar a súa creatividade, ambas habilidades fundamentais de cara o emprego e/ou autoemprego.

- Vitamina 1 «as persoas» : Teño espírito emprendedor? Competencias emprendedoras e creatividade.
- VITAMINA 2 «as ideas» : Xeración e maduración de ideas empresariais: Ferramentas para a creatividade.
- VITAMINA 3 «o plan» : Un ladrillo?: O plan de empresa. Modelos para o plan de negocio: Modelos tradicionais, *Business Model Canvas*, *Lean Startup*, *Visual Thinking* e *LEGO Serious Play*.

7.3.2 Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación

Un traballo esencial realízase dende a Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI). Dende este ámbito xestionanse as actividades de transferencia da investigación, é dicir, se

promove e favorece a conexión universidade/empresa/sociedade. As súas funcións poden estruturarse en tres grandes áreas:

- Difusión, promoción e mercadotecnia da I+D+i da Universidade de Vigo.
- Valorización e protección da tecnoloxía da Universidade.
- Transferencia dos resultados da investigación que poden dar lugar a contratos e convenios de I+D e de natureza científica, técnica ou artística, contratos con licenza tecnolóxica, proxectos das empresas de base tecnolóxica e outras formas de colaboración coas empresas e institucións.

A través da OTRI ponse a disposición dos organismos interesados unha carteira de patentes, na que se van incorporando aquelas tecnoloxías que poden ter aplicación no mercado e que están dispoñibles para ser transferidas.

Para o logro da súa actividade foi creada a área de información e comunicación (ATIC) cun carácter funcional cara a:

- Xestionar e administrar as infraestruturas de comunicación de datos e de servidores corporativos.
- Explotar os datos de aplicación corporativa
- Desenvolver e manter as aplicacións corporativas
- Dar soporte e resolución de incidencias.

Resultado da área de transferencia por campus. Ano 2014

TRANSFERENCIA	<i>Campus de Ourense</i>	<i>Campus de Vigo</i>	<i>Campus de Pontevedra</i>	Total	
Contratos de licenza	1	6	1	8	
Spin-off	titorizadas	–	3	4	
	creadas	2	1	–	3
Patentes solicitadas no 2014	nacionais	2	15	–	17
	internacionais	1	9	–	10
Patentes concedidas no 2014	nacionais	3	17	1	21
	internacionais	–	–	–	0
Patentes en explotación a 31/12/2014	nacionais	4	15	–	19
	internacionais	–	1	–	1
Patentes postas en explotación en 2014	nacionais	–	2	–	2
	internacionais	–	1	–	1
nº de patentes mantidas en explotación	–	–	–	170	
Modelos de utilidade solicitados no ano 2014	–	–	–	0	
Modelos de utilidade concedidos no ano 2014	–	1	–	1	

Modelos de utilidade en explotación no ano 2014	-	1	-	1
---	---	---	---	---

No ano 2014 foron solicitadas 27 patentes fronte ás 24 de 2013. Tamén se superaron as patentes concedidas nese último ano: pasaron de 16 a 21. Aumentaron as patentes en explotación: 17 en 2013 e 20 en 2014. Sen embargo no 2014 reduciuse o número de *spin-off* (de 5 pasaron a 1).

7.3.3. Divulgación da cultura científica.

A estratexia española de ciencia, tecnoloxía e innovación 2013-2020 ten como un dos seus eixes prioritarios o establecemento e consolidación dunha cultura científica, innovadora e emprendedora que penetre no conxunto da sociedade, fomente a creatividade e impulse un maior grao de aceptación social e institucional do risco e o emprendemento.

A Universidade de Vigo, comprometida coa difusión da cultura científica entre a sociedade en xeral, organiza dende hai anos diversas actividades coas que pretende contribuír ao coñecemento de aspectos relacionados coa ciencia e a actividade investigadora, e fomentar a participación de público non especializado no debate científico.


Entre as múltiples actividades realizadas ao longo do ano 2014 destacan as seguintes:

- O Campus do Mar a través dos programas Mergúllate no océano e o Campus xuvenil realizou actividades destinadas a promover o coñecemento do medio mariño entre as persoas máis xoves da sociedade. Nas actividades programadas participaron máis de 8.000 persoas, o que demostra o éxito da programación.
- A Área de Normalización Lingüística desenvolveu varios programas encamiñados á difusión da terminoloxía científica en lingua galega contribuíndo deste xeito a normalización do galego no ámbito da ciencia.
- No seo do proxecto BIOCAPS organizáronse conferencias destinadas ao público xeral, e a algúns colectivos específicos en materias relacionadas co ámbito de investigación do proxecto.
- Máis de 1000 estudantes de ensino medio e bacharelato participaron nas actividades da Semana da Ciencia que se desenvolve desde hai algúns anos na ETSE de Minas, con gran éxito de participación.
- Os centros de investigación da universidade acollen de xeito regular ao longo do ano visitas de diversos colectivos co obxectivo de divulgar as actividades de investigación e transferencia dos centros.
- A Vicerreitoría de Ourense recibiu preto de 800 persoas a través do proxecto Matemáticas x matemáticas.


7.4 Calidade e enquisas de avaliación da satisfacción das titulacións oficiais

O resultado das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais comprende a opinión que teñen tanto alumnos como profesores/as sobre a marcha das titulacións impartidas.

Índice de participación. Evolución histórica por sexo. Estudiantado.



Índice de participación. Evolución histórica por sexo. Profesorado.




	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2013-2014
Estudiantado	18,35%	18,87%	16,27%	17,54%
Profesorado	36,28%	34,84%	31,43%	36,43%

Conclusiones


- Os resultados de participación presentan moita variabilidade entre os diferentes centro se titulacións.
- Dáse unha estabilidade histórica nos resultados de participación, tanto no profesorado como no estudiantado. As marxes históricas non superan en ningún caso os 5 puntos porcentuais.
- Non hai incrementos significativos de participación co paso dos anos, o que leva a analizar posibles cambios na metodoloxía (frecuencia, modo de acceso, difusión) de avaliación.

- A participación é sistematicamente maior das mulleres, entre 5 e 10 puntos porcentuais, tanto no estudantado como no profesorado.

Índice de participación por tipo de estudo. Estudiantado.



Índice de participación por tipo de estudo. Profesorado.




Índices de satisfacción global

INDICES DE SATISFACCIÓN GLOBAL 2013/2014


<i>Grao de satisfacción do profesorado - resultados globais</i>	<i>Valor (1 a 7)</i>	<i>Grao de satisfacción do estudantado - resultados globais</i>	<i>Valor (1 a 7)</i>
Total Universidade de Vigo	5,57	Total Universidade de Vigo	4,30

Grao de satisfacción das titulacións por sexo. Evolución histórica. Escala de 1 a 7.

Grao de satisfacción. Evolución histórica. Estudiantado.



Grao de satisfacción. Evolución histórica. Profesorado.



Os resultados de satisfacción amosan, ano tras ano, uns valores maiores entre o profesorado que entre o estudiantado: Entre os primeiros manteñen unha grande estabilidade e entre os segundos os resultados dos dous últimos anos diminúen de xeito estable. Non se poden sacar conclusións significativas entre homes e mulleres, nos dous colectivos, pois os resultados son moi semellantes.

RESULTADOS POR INDICADORES

<i>Grao de satisfacción do PDI coa planificación e desenvolvemento do ensino (ind.78)</i>	<i>Valor (1 a 7)</i>	<i>Grao de satisfacción do estudiantado co proceso de selección, admisión e matriculación (ind.71)</i>	<i>Valor (1 a 7)</i>
Total Universidade de Vigo	5,59	Total Universidade de Vigo	4,88
<i>Grao de satisfacción do PDI cos servizos de apoio ao estudiantado (ind.79)</i>		<i>Grao de satisfacción dos estudantes cos distintos colectivos implicados na orientación (ind.72)</i>	

Total Universidade de Vigo	5,15	Total Universidade de Vigo	3,78
<hr/>			
<i>Grao de satisfacción do PDI cos recursos de apoio ao ensino (ind.80)</i>		<i>Grao de satisfacción do estudiantado participante en programas de mobilidade (ind.73)</i>	
Total Universidade de Vigo	5,65	Total Universidade de Vigo	4.01
<hr/>			
<i>Grao de satisfacción do PDI co estudiantado (ind.81)</i>		<i>Grao de satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino (ind.74)</i>	
Total Universidade de Vigo	6,00	Total Universidade de Vigo	4,17
<hr/>			
		<i>Grao de satisfacción do estudiantado cos recursos de apoio ao ensino (ind.75)</i>	
		Total Universidade de Vigo	4,51

7.5 A Universidade de Vigo e o seu compromiso coa lingua e a cultura galega

A Área de Normalización Lingüística (ANL) é quen se encarga de todas as labores propias na procura de que o idioma de Galicia sexa usado de xeito apropiado dentro da universidade (como materialización do artigo 4 dos Estatutos da Universidade de Vigo e da súa responsabilidade social coa cultura e o patrimonio inmaterial de Galicia).

Principais servizos:

- Corrección de documentos.
- Resolución de dúbidas lingüísticas.
- Cursos, xornadas e obradoiros de lingua.
- Axudas a traballos de investigación en galego. Manual de acollida para o Persoal de Administración e Servizos (PAS) 30
- Información sobre dicionarios e vocabularios técnicos en galego.
- Campañas de dinamización lingüística.
- Organización de actos culturais e premios.
- Elaboración de vocabularios e manuais lingüísticos.

Así mesmo, a través de internet, pon ao servizo de calquera cidadán un magnífico tradutor galego-castelán e castelán-galego que traduce textos longos e indica as palabras que non reconece (<http://sli.uvigo.es/tradutor/>).

Este labor é considerada parte da labor esencial desta universidade e un elemento mais da súa responsabilidade social á hora de coidar e proxectar o noso patrimonio, neste caso inmateral, como é a lingua galega.

Neste sentido, a ANL pon a disposición da comunidade universitaria un servizo de asesoramento no uso e na tradución da lingua galega para calquera acción vinculada á formación e á investigación da Universidade, se ben as súas accións baséanse na transversalidade do conxunto da vida universitaria.

A Área de Normalización Lingüística realiza periodicamente ciclos formativos que abranguen a toda a comunidade universitaria nos tres campus. Para o mellora da oferta se tiveron en conta as suxestións que se nos achegaron nas enquisas de avaliación dos cursos anteriores; así procuramos axeitar ao novo ciclo o número de horas, especificidade dos campus e dos colectivos.

A implantación do Plan Bolonia supuxo que mingudara o número de matrículas do sector do alumnado aos cursos; esta circunstancia fixo que incrementáramos a oferta formativa en liña co fin de diminuír a porcentaxe de horas presenciais.

Estas accións correctoras que iremos paulatinamente adoptando están encamiñadas a facilitar a participación de todos os sectores da comunidade universitaria nos cursos da ANL.

<i>CURSOS 2014</i>	<i>MATRICULADOS/AS</i>
Curso de extensión cultural	76
Curso de redacción de documentos para a administración	36
Curso de harmonización, normalización e unificación textual	41
Obradoiro de recursos informáticos para a lingua galega	74
Ciclo de lingua e calidade	77
Curso de redacción e deseño de traballos académicos e de investigación	76
Curso de linguaxe administrativa e xurídica	77
Redactar para a web	41
TOTAL	498

7.6 Sistema loxístico de centros de investigación propios ou vinculados

A Lei orgánica de universidades (LOU), no seu artigo 40, establece a posibilidade de que as universidades creen libremente centros propios de investigación para que poidan cumprir diversas funcións estratéxicas dentro das mesmas cara á establecer os vínculos necesarios coa sociedade para poder transferir o coñecemento.

As súas función serían:

- Actuar como centros de apoio instrumental e de servizo ás actividades dos grupos de investigación.
- Permitir economías de alcance no uso de grandes infraestruturas e equipamento de alta tecnoloxía.

- Integrar e enfocar recursos e capacidades de investigación cara áreas de interese para a Universidade.
- Consolidar unidades de investigación que, apoiándose na actividade dos grupos de investigación, posibiliten o incremento da calidade da I+D+i.

7.6.1 Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI)

<http://webs.uvigo.es/cactiweb/>

O CACTI, adscrito á Vicerreitoría de Investigación, ten como misión prestar apoio científico e tecnolóxico a todos os labores de investigación e desenvolvemento que se realicen nos diversos ámbitos científicos da Universidade de Vigo.

Encárgase tamén de dinamizar a prestación de servizos a organismos ou entidades públicas ou privadas do seu contorno xeográfico e social que así o soliciten.


O CACTI dispón na actualidade de dúas sedes situadas nos campus de Vigo e Ourense onde no curso 2013-2014 prestou os seguintes servizos:

- **Campus de Vigo:**
 - Seguridade alimentaria e desenvolvemento sostible.
 - Determinación estrutural, proteómica e xenómica.
 - Microscopía electrónica.
 - Nanotecnoloxía e análise de superficies.
 - Taller electrónico.
 - Taller de mecanizado.
 - Detección remota.
- **Campus de Ourense:**
 - Seguridade alimentaria e desenvolvemento sostible.
 - Planta piloto.

Facturación CACTI. Ano 2014

<i>Cientes</i>	<i>Nº de usuarios/as</i>	<i>Importe</i>	<i>IVE</i>	<i>Total facturación</i>	<i>% facturación</i>	<i>Nº de solicitudes</i>	<i>Importe medio por solicitude</i>
Universidade de Vigo		167.791		167.791	45%	2.893	130 €
Outras univ. e org. públicos	41	122.414	13.423	135.837	33%		
Empresas	46	86.145	10.790	96.935	23%		
Total		376.350	24.213	400.563			

Importe bruto – Facturación CACTI 2014 por ámbito xeográfico – natureza



A maioría dos servizos contratados ao CACTI foron realizados por organismos públicos e outras universidades ademais de por empresas -56%- o restante foi feito pola propia comunidade universitaria.

Comparativa facturación CACTI

	2013	2014
Usuarios internos	201.028,48	167.791
Usuarios externos	194.944,47	135.837
Empresas	Sen datos	96.935
Total		400.563

7.6.2 CITE XVI: Cidade Tecnolóxica de Vigo S.A

<http://www.citexvi.es/>

CITE XVI é unha sociedade anónima de dereito privado centrada na promoción e impulso das actividades de I+D+i. O seu obxectivo é atraer actores que favorezan o desenvolvemento tecnolóxico e crear un ecosistema multilateral de innovación, segundo un modelo de tripla hélice como estratexia de desenvolvemento local e da Comunidade Autónoma.

Os seus sectores estratéxicos son: telecomunicacións, tecnoloxías da información, enerxías e medio ambiente, ciencias mariñas, biomedicina e tecnoloxías agroalimentarias.

Este obxectivo concrétese acollendo e desenvolvendo plataformas de investigación a través da presenza física en CITE XVI de sedes, centros e laboratorios de I+D de empresas, centros tecnolóxicos de colaboración público/privada e laboratorios de investigación ligados a proxectos

empresariais. Tamén acolle *spin off* universitarias, ás que presta servizos nas fases de preincubación e incubación.

A creación de emprego cualificado, por parte das entidades aloxadas, froito da promoción da cultura de innovación, redonda na mellora do nivel de vida da sociedade e na dinamización dos sectores empresariais, atrae investimentos, promove a creación de empresas, novas patentes e aumento da inversión en I+D.

O compromiso do CITEXVI co medio ambiente está sustentado na propia definición do proxecto construtivo e responde á estratexia de implantación de enerxías renovables que ten esta universidade. Estas actuacións permiten que CITEXVI non só presente un balance enerxético cero, senón tamén que contribúa ao sistema enerxético de xeración de enerxías renovables.

Desde a súa constitución, o CITEXVI acolleu, entre outros, os seguintes proxectos:

- Centro tecnolóxico de eficiencia e sustentabilidade enerxética
- EnergyLab
- Centro tecnolóxico das telecomunicacións de Galicia Gradient
- Laboratorio europeo de referencia de biotoxinas mariñas AESAN
- IMATIA: empresa dedicada á realización de proxectos de I+D+i relacionados coas novas tecnoloxías para o desenvolvemento de sistemas de información corporativos, administración electrónica, sistemas de información para a xestión da produción e loxística industrial e servizos de desenvolvemento a medida de software.

7.6.3 Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT)

<http://www.ecimat.org/index.php?lang=gl>

A Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT) é un edificio modular, flexible e funcional que pon a disposición da comunidade universitaria e doutras institucións públicas ou privadas as instalacións axeitadas para o traballo con auga de mar e cultivos mariños, tanto a escala experimental como de planta piloto.

A transferencia de coñecemento acadado na actividade investigadora aos sectores produtivos constitúen un dos principais obxectivos da ECIMAT dada a actual demanda por parte dos sectores produtivos de traballos científicos relacionados con este ámbito.

A ECIMAT conta con tres unidades:


- Cultivos mariños
- Medio mariño
- Actividades subacuáticas

Dada a relevancia que o sector do mar ten na nosa comunidade, a existencia desta infraestrutura representa o compromiso de ofrecer os nosos equipamentos e servizos para tarefas de investigación en temas mariños a toda a comunidade universitaria e a axentes externos.

Facturación da ECIMAT. Ano 2014

Cientes	Nº de usuarios/as	Importe	IVE	Total Facturación	% facturación	Nº de solicitudes	Importe medio por solicitude
Universidade de Vigo		18.081		18.081	69%	171	153 €
Outras univ. e org. públicos	6	4.029	846	4.875	15%		
Empresas	1	4.000	840	4.840	15%		
Total		26.110	1.686	27.796			

Importe bruto – Facturación ECIMAT 2014 por ámbito xeográfico – natureza



Durante o curso 2013-2014 a ECIMAT continuou traballando e buscando incrementar a súa relación con empresas e institucións vencelladas á investigación mariña, que redundou na sinatura de contratos de I+D por importe de 27.796 euros (en 2013 os ingresos da ECIMAT foran de 9.500 euros).

A prestación de servizos a entidades externas reportou uns ingresos de 8.029 euros (o dobre do ano anterior se ben non figuraban nese ano os ingresos das empresas) e a prestación de servizos a usuarios propios da Universidade de Vigo reportou uns ingresos de 18.081 euros (10.780 euros máis que no ano 2013).

7.6.4 Centro de investigación tecnolóxica industrial (MTI)

O MTI ten como obxectivo dar apoio e dinamizar a investigación, transferencia de coñecemento e innovación no eido industrial, especialmente nos ámbitos da enerxía, medio ambiente, deseño e produción industrial, proporcionando equipamentos e infraestruturas específicas axeitadas.

As instalacións do MTI están actualmente na fase final de construción.

7.6.5 Centro de investigacións biomédicas (CINBIO)

<http://www.cinbio.es>

O CINBIO, adscrito á Vicerreitoría de Investigación, é unha aposta da Universidade de Vigo pola investigación no campo da biomedicina, no que varios grupos científicos levan traballando non

notables resultados nas últimas décadas. Para promover o traballo conxunto destes grupos e potenciar así a súa produción científica, estase a construír un edificio *ad hoc* que responde ás súas necesidades de traballo. O centro atópase na súa última fase de construción. O exterior está finalizado e o espazo interior xa distribuído.

Complexo científico dentro do CINBIO

A edificación consistirá nun complexo de investigación que, ademais de acoller ó CINBIO, dará cabida a outros espazos que complementarán a actividade científica destes investigadores de biomedicina. Así, parte do edificio acollerá ó CACTI, e parte ó novo animalario. Outros edificios arredor do CINBIO son as facultades de Bioloxía, Ciencias Mariñas e Química, a biblioteca e o CITE XVI (Cidade Tecnolóxica de Vigo, que é o centro incubador de negocios da universidade).

Investigación

Entre os obxectivos científicos previstos dende o CINBIO destacamos:

- Mellorar a comprensión de enfermidades dende unha perspectiva multidisciplinaria.
- Desenvolvemento dunha investigación de calidade na área da biomedicina, tanto básica como aplicada.
- Creación e fortalecemento de colaboracións nacionais e internacionais.
- Desenvolvemento de programas de investigación conxuntos con outras universidades, hospitais e
- industrias do sector biomédico e biotecnolóxico, para crear un ambiente de excelencia en ciencia e
- tecnoloxía con recoñecemento internacional.
- Impulsar a formación de investigadores a través da organización de seminarios, xornadas, estancias, etc.
- Impulsar a explotación dos resultados científicos.
- Situar o CINBIO como un centro de excelencia en investigación biomédica.
- Aumentar a masa crítica e as competencias dos investigadores e técnicos na área biomédica.
- último ano os investigadores recibiron fondos de 25 proxectos, así como de numerosos contratos con empresas dos sectores biotecnolóxico, farmacéutico e alimentario. En canto a artigos científicos foron publicados no ano 2014 un total de 82 artigos.

Páxina web

Durante o ano 2014 actualizouse periodicamente o contido da páxina web do CINBIO <http://www.cinbio.es/> que inclúe o perfil dos grupos de investigación adscritos ao centro, así como novas relacionadas cos grupos, eventos, congresos, outras noticias de interese en biomedicina e oportunidades laborais.

Adicionalmente incluíuse un novo apartado que recolle o marco lexislativo fundamental no ámbito da biomedicina. Neste apartado incluíuse un listado actualizado da normativa internacional, europea, e nacional ao que os grupos poden acudir para obter as normas en vigor na súa última versión. (<http://cinbio.es/index.php/basic-regulation.html>)

Financiamento

Ademais dos esforzos individuais de cada grupo por acadar o financiamento, a obtención de axudas a través de propostas conxuntas están a impulsar de forma importante esta área de coñecemento. Recibiuse financiación dende entidades nacionais (Ministerio de Sanidade, Ministerio de Economía e Competitividade), dende a Unión Europea (7º Programa Marco, Horizon2020, Starting Grant, Consolidator Grant), rexionais (Grupos con Potencial de Crecemento, Grupos de Excelencia Competitiva, Agrupamento INBIOMED), dende a Universidade de Vigo e contratos con empresas privadas.

Os exemplos máis destacados de financiamento son o agrupamento INBIOMED e o proxecto BIOCAPS.

Agrupamento INBIOMED

Esta agrupación, financiada pola Xunta de Galicia e coordinada por Ángel Rodríguez de Lera, inclúe a 198 persoas, 105 mulleres e 93 homes. De elas, 48 son doutoras e 41 no doutoras. O número de investigadores doutores é de 55 fronte ós 24 investigadores non doutores. Durante o ano 2014 este agrupamento realizou 35 novos contratos durante períodos variables. O agrupamento INBIOMED tamén promove e financia a participación en congresos internacionais, como medio de proxectar a súa investigación, e favorecer os contactos para posibles colaboracións, pero tamén como ferramenta educativa de actualización, sobre todo para os estudantes de doutorado.

Proxecto BIOCAPS

O proxecto BIOCAPS foi aprobado no marco do 7º Programa Marco dentro do programa europeo de axudas rexionais (REG-POT) CAPACITIES, CSA – *Support Action, Research Potential FP7-REGPOT-2012-2013-1*, cun financiamento de 4.611.410 € e unha duración de 42 meses a partires do 1 de febreiro de 2013.

O proxecto BIOCAPS é coordinado por África González Fernández, catedrática de Inmunoloxía da Universidade de Vigo e directora do CINBIO. Este proxecto está destinado a axudar o Instituto Biomédico de Ourense, Pontevedra y Vigo (IBI) a acadar a excelencia científica.

Pola súa ambición, cantidade de grupos e organismos ós que inclúe, e aportación económica, este é un dos proxectos máis importantes recibidos por un único centro dentro da comunidade galega en recoñecemento da calidade actual e potencial dos seus investigadores.

Na web do BIOCAPS <http://webs.uvigo.es/biocaps/> móstranse as áreas de investigación incluídas dentro do proxecto, e os grupos e membros que as compoñen, tanto da Universidade de Vigo como do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, así como as actividades realizadas dende o seu comezo.

Actividades CINBIO

Durante o ano 2014 leváronse a cabo no seo dos grupos de investigación biomédica numerosas actividades e seminarios. Os grupos traballan en conxunto con investigadores doutras universidades e institucións, tanto nacionais como internacionais.

Entres elas atópanse as colaboracións coa Universidade de Porto e do Minho (Portugal), de Brasilia (Brasil), *Cambridge ou Londres* (Inglaterra), co Centro Atómico Constituyentes CNA (Arxentina), a Universidade de Melbourne (Australia), a *Katholieke Universiteit Leuven* (Bélxica), STEM/LPS e Universidade de Lyon (Francia), Universidade de Bayreuth, *Marburg and Forschungszentrum*

(Alemaña); *Università di Catania* (Italia), con universidades españolas coma Santiago de Compostela, País Vasco; ou tamén con institutos (CNRS París, Matemática Industrial, Óptica de Madrid, Ciencias de Materiais de Madrid, Ciencia de Materiais de Sevilla, NCL-Estados Unidos, CIC-Biomagune de San Sebastián), e hospitais (Carlos III, Vigo, San Sebastián, Santiago de Compostela etc).

7.6.6 Centro de Investigación, Transferencia e Innovación

<http://www.citi.uvigo.es/>

O Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI), situado en Ourense, é un novo centro creado pola Universidade de Vigo en colaboración coa Xunta de Galicia no 2005.

O CITI ten como misión potenciar o desenvolvemento do I+D+i nas empresas, mediante a creación de espazos de colaboración para favorecer e transferir coñecemento dende a universidade ao tecido empresarial a través do desenvolvemento de proxectos conxuntos de I+D+i relacionados co ámbito agroalimentario, biotecnoloxía, enerxía, medio ambiente e tecnoloxías da información.

O CITI está composto basicamente por laboratorios é unha oficina de I+D+i. Esta oficina ten por obxectivo:

- Identificar as necesidades de información dos investigadores así como as súas capacidades e intereses en futuros proxectos de I+D/convocatorias.
- Incrementar a capacidade dos grupos de investigación do Campus de Ourense e do CITI, para captar recursos para proxectos de I+D+i tanto de orixe público a través de convocatorias competitivas, como de orixe privado a través de contratos con empresas e outras institucións.
- Prestar apoio e asesoramento na xestión administrativa de xestión de proxectos de I+D+i

Durante o curso académico 2013-2014 dende o CITI organizáronse diversos traballos ligados ao obxecto do seu labor tales como:

- Primeiras xornadas de difusión da transferencia INOU
- Colaboración coa empresas Glecex e Atomm
- Diversas accións orientadas a melloras, reparacións e novas instalacións e equipos
- Actividades de divulgación e difusión
- Oficina de proxectos
- Actividades desenvolvidas na planta piloto

7.6.7 Campus do Mar

A Universidade de Vigo obtivo a cualificación de Campus de Excelencia Internacional de ámbito rexional na convocatoria do programa de Campus de Excelencia Internacional do Ministerio de Educación, destinado a mellorar a calidade, visibilidade, competencia e atractivo das universidades españolas coa proposta do Campus do Mar.

Campus do Mar ten a finalidade de impulsar a colaboración con outras entidades mediante acordos a longo prazo nos ámbitos docentes de posgrao, de investigación, de innovación tecnolóxica e de transferencia do coñecemento, cos obxectivos preferentes de fortalecer un sector económico

estratéxico para Galicia e de crear un polo científico-tecnolóxico do mar capaz de converterse nun referente a nivel internacional.

Principais ámbitos desenvolvidos polo Campus do Mar durante o curso académico 2013-2014:

Coordinación do proxecto

- Completouse a elaboración dos documentos necesarios para a posta en marcha da futura Fundación Campus do Mar.
- Rede CEI.MARNET: constituída en 2013 para promover sinerxías e coordinar accións conxuntas entre os distintos Campus de Excelencia Internacional mariños españois: Campus do Mar, CEIMAR, Campus Atlántico Tricontinental e Campus MareNostrum
- Deseño de programas de mestrado conxuntos entres as institucións da rede nos ámbitos da oceanografía, da xestión de recursos mariños e na xestión integrada das zonas costeiras.

Conectividade entre os socios

- Campus Dixital do Mar: é un conxunto de servizos dixitais de e-colaboración, videoconferencia aplicada avanzada, teleensino e Web TV, deseñada co obxectivo de proporcionar aos integrantes do Campus do Mar un conxunto de espazos dixitais que apoién a súa labor investigadora, docente, de transferencia e de interacción coa contorna territorial.
- Sistemas de gravación automatizada de clases. Instaláronse 10 equipos que permiten a gravación automatizada de clases, emprazadas nos campus de Vigo (Ciencias Económicas e Empresariais, Telecomunicación e Ciencias Xurídicas e do Traballo), Pontevedra (Educación e Deporte e Belas Artes) e Ourense (Empresariais e Turismo e Edificio Politécnico) así como unha móbil que permite o seu desprazamento.
- Bolsas de colaboración Campus Dixital do Mar: concedéronse sete bolsas de colaboración do Campus Dixital do Mar para desenvolver tarefas de colaboración e formación vinculadas ás actividades audiovisuais, de deseño gráfico, gravación automatizada de clases e soporte da xestión.
- Ciclo de conferencias de Campus do Mar: no curso académico 2013-2014 continuouse co desenvolvemento do ciclo de conferencias no que participan destacadas investigadoras e investigadores de distintos campos das ciencias e tecnoloxías mariñas.
- Gravación de xornadas e congresos: ademais das conferencias, graváronse e emitíronse en directo varios eventos de interese para Campus do Mar.

Mellora docente e adaptación ao EEES coas seguintes liñas de intervención

- Eixo estratéxico de docencia: o Campus do Mar organizou conxuntamente co *Natural Capital Project da University of Stanford* no mes de maio os cursos baseados no programa InVEST (*Transforming Decision with a Natural Capital Approach* e *Training Workshop: Ecosystem Assessments that Matter*).

- Eixo estratéxico de internacionalización con diversas accións encamiñadas a dar a coñecer o Campus do Mar, ás cales asistiron membros desta entidade en distintas reunións e eventos internacionais cara a presentar o noso proxecto de excelencia mariño.

Mellora científica e de transferencia do coñecemento

- Eixo Estratéxico de Investigación, con programas tales como:
 - Programa de clústers de I+D: tomando como base os plans estratéxicos dos clústers de I+D do Campus do Mar, nos que se identifican as áreas e liñas de investigación correspondentes a cada clúster avánzase na definición e desenvolvemento de proxectos de investigación nos seus respectivos ámbitos.
 - Programa para a captación de talento posdoutoral de Campus do Mar (FELLOWSEA): completada a negociación coa Comisión Europea deste programa, avaliada favorablemente na convocatoria do 7º Programa Marco, accións Marie Curie, COFUND, e agárdase o inicio do proceso de presentación de candidaturas e selección ao longo do próximo curso.
 - Dentro do programa de captación de talento xoven, desenvolvéronse de novo os campus científicos de verán, financiados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Un total de 129 estudantes chegados de toda España repartidos en catro quendas dunha semana cada un, desenvolveron diferentes proxectos científicos e tecnolóxicos nos laboratorios do Campus de Vigo e do Instituto Español de Oceanografía ao longo do mes de xullo de 2014. A formación completouse con conferencias, sesións teóricas, actividades culturais, deportivas e de lecer.

Eixo estratéxico de transferencia, con tres ámbitos de actuación:

- Actividades de transferencia de tecnoloxía e resultados de investigación dende onde se promoveron distintas iniciativas (ver memoria web) cara a dar a coñecer as posibilidades prácticas de aplicación dos coñecementos e investigación do Campus do Mar.
- Actividades de fomento da cultura emprendedora EMPRENDEMAR, que nace co obxectivo de promover a creación de empresas de base tecnolóxica, xurdidas da actividade investigadora desenvolvida no seo do Campus do Mar. (Deseño e execución do programa EMPRENDEMAR e coordinación, deseño e xestión do proxecto EMPREMAR- GAC 4).
- Actividades de apoio á empregabilidade do estudantado. Como elemento central do programa estase a desenvolver dun modo continuo a procura de ofertas de traballo (contratos e bolsas) coa finalidade da actualización diaria da plataforma web de ofertas de emprego de ámbito mariño MARJOB. MARJOB dispón, ademais, dun espazo en rede orientado ao sector empresarial a través do que se poden difundir e xestionar as ofertas. Dende o lanzamento de MARJOB o 1 de marzo de 2013 publicáronse máis de 900 ofertas de emprego nacionais e internacionais que deu lugar a máis de 55.000 visitas únicas á web.

Transformación do campus. Proxección social

- Programa CampusMar Life. Durante o curso 2013-2014 continuouse coa actividade deste programa que pretende achegar a comunidade do Campus do Mar ao coñecemento do océano a través de accións deportivas, lúdicas e culturais.

- Programa de cultura científica. Proxecto Mergúllate no Océano, proxecto OCEÁNTICA. Trátase de actuacións que buscan transferir o coñecemento xerado en Campus do Mar á sociedade a través do estudiantado e profesorado de primaria, secundaria, ESO e bacharelato, que actuarán como transmisores e divulgadores, elaboración de materiais de apoio didáctico. Como parte deste proxecto elaborouse un libro de 142 páxinas titulado *Eu aprendo sobre as rías*; ciclo de conferencias OCEÁNTICA; proxecto Baliza, coordinado pola Facultade de Belas Artes, que busca sentar as bases estruturais e operativas dunha dinámica de traballo entre artistas, científicos/as, tecnólogos/os e outros investigadores/as de Campus do Mar.
- Escola Internacional de Posgrao: programa de doutoramento Marine Sciences, Technology and Management (DO*MAR). No curso 2013-14, o programa DO*MAR recibiu 53 novos estudantes: 37 da UVigo, cinco da USC, tres da UDC e oito da UAveiro. O número total de estudantes do programa é de 84.
- Convocatoria de contratos predoutorais Xunta de Galicia-Campus do Mar. En xullo de 2013 publicouse a convocatoria de axudas predoutorais Xunta de Galicia-Campus do Mar. Este programa contempla a contratación de 12 investigadoras/es predoutorais matriculados no programa de doutoramento DO*MAR. Estes contratos teñen unha duración de tres anos e son o resultado da liña de negociación establecida coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Nove contratos corresponderon a estudantes da Universidade de Vigo e tres a Universidade de Santiago de Compostela.

Escola Internacional de Posgrao

No curso 2013-2014 o programa de doutoramento do mar recibiu 53 novos estudantes: 37 da Universidade de Vigo, cinco da Universidade de Santiago de Compostela, tres da Universidade da Coruña e oito da Universidade de Aveiro, en total 84 novos estudantes.

Neste primeiro ano académico impartíronse nove cursos de formación avanzada e seis cursos de formación transversal.

En 2014 a comisión académica do programa DO*MAR organizou accións para a promoción do fomento da colaboración cos estudantes de doutoramento a través dun *Student Day* ao que asistiron 42 alumnos e alumnas do programa.

